

2014

INFORME XERAL DE ACTIVIDADE

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

XUNTA DE GALICIA

2014

INFORME XERAL DE ACTIVIDADE

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Presidencia

Santiago de Compostela

2015

2014



Os textos desta obra distribúense baixo unha licenza Creative Commons Recoñecemento - Compartir Igual, CC-by-sa 4.0

Vostede pode ler a licenza completa en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

As imaxes e ilustracións incluídas nesta obra son propiedade dos seus respectivos autores e inclúense só a título ilustrativo.

As marcas, logotipos e signos distintivos de calquera clase, relacionados coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia que figuran na obra, son propiedade da Xunta de Galicia e distribúense de forma particular segundo as especificacións propias establecidas pola normativa existente ao efecto:

<http://www.xunta.es/identidade-corporativa/introduccion>

Autor

Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia)
Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia
Monte Gaiás s/n
15781 Santiago de Compostela

Edita

Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia)

Deseño e maquetación

WINDSOCK (www.windsock.es)

1. INTRODUCCIÓN 5

2. AMTEGA: UN NOVO MODELO INTEGRAL DE XESTIÓN TIC 6

No presente informe respectouse a numeración contida no contrato plurianual de xestión da Amtega, aprobado polo Consello da Xunta con data 27 de marzo de 2013

3. PRINCIPAIS LOGROS 2014 12

3.1. Principais actuacións 13

3.2. Mecanismos de eficiencia e aforro 24

4. PROGRAMA DE ACTUACIÓNS DO ANO 2014 27

Obxectivo 1: Administración intelixente 28

- 1.1.- Modernización da Administración (administración electrónica) 28
- 1.2.- Sistema integrado para a xestión dos recursos humanos, e desenvolvemento de servizos para o empregado público 39
- 1.3.- Información xeográfica e urbanismo 41
- 1.4.- Impulso da relación telemática co sector empresarial, comercial e industrial 42
- 1.5.- Modernización dos sistemas de información de xestión ambiental 44
- 1.6.- Desenvolvemento das TIC na Administración de Xustiza en Galicia: Plan e-Xustiza 45
- 1.7.- Incorporación de solucións TIC no ámbito dos servizos sociais, programa eBenestar 50
- 1.8.- Modernización dos sistemas de información relacionados co emprego, coa formación e co fomento da contratación 53
- 1.9.- Modernización dos sistemas de información relacionados coa xestión académica no sistema educativo 54

Obxectivo 2: Administración eficiente 56

- 2.2.- Consolidación e homoxeneización da infraestrutura 56
- 2.3.- Interoperabilidade e homoxeneización de plataformas tecnolóxicas 61
- 2.4.- Implantación dunha xestión eficaz do gasto TIC 62
- 2.5.- Mellora da calidade dos servizos prestados 63
- 2.6.- Instauración de políticas de seguridade da información 65
- 2.7.- Impulso ao software libre 66

Obxectivo 3: Cidadanía dixital 69

- 3.1.- Transformación da educación a través da incorporación das TIC á escola, proxecto Abalar 69
- 3.2.- Programa de acreditación de competencias dixitais 73
- 3.3.-3.4.- Rede CeMIT e Voluntariado Dixital (Plan de inclusión dixital) 74
- 3.5.- Modernizar a catalogación e difusión do patrimonio e bens de interese cultural 78
- 3.6.- Impulso na ordenación, normalización e dinamización lingüística a través das TIC 82
- 3.7.- Ordenación e impulso da presenza da Administración pública en Internet 83

Obxectivo 4: Transforma TIC 94

- 4.1.- Impulso do hipersector TIC 94

Obxectivo 5: Economic - IT 96

- 5.2.- Centro Público Demostrador TIC 96
- 5.3.- Smart Turismo 100
- 5.4.- Modernización do transporte público en Galicia 101
- 5.5.- Potenciar a xestión telemática no sector agrogandeiro 102
- 5.6.- Impulsar a xestión integral dos recursos forestais 104
- 5.7.- Potenciar a plataforma de xestión de servizos para o sector da pesca e do mar 105

Obxectivo 6: InfraTeleCom 106

- 6.1.- Plan de banda larga 106
- 6.2.- Potenciación de Retegal como operador de vangarda 109
- 6.3.- Modernización das redes do sector público autonómico 110
- 6.4.- Constitución dun servizo integral de comunicacións de emerxencias de Galicia 112

Obxectivo 7: Medidas instrumentais de eficiencia e de cooperación 113

- 7.2.- Coordinación coas axendas dixitais locais e apoio ás alianzas estratéxicas 113
- 7.3.- Colaboración coas entidades locais: Plan e-Concellos 115
- 7.5.- Observatorio da sociedade da información e a modernización de Galicia 118

5. INSTRUMENTOS DE COLABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO NORMATIVO 120

Convenios e acordos con departamentos da Administración Pública 121

Convenios con outras administracións e entidades públicas ou público-privadas 122

Convenios con federacións, asociacións e colexios profesionais 123

Encomendas 124

Desenvolvemento normativo 124

1

Introdución

O artigo 10 dos Estatutos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobados polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, establece a obriga de someter á aprobación do Consello Reitor, nas datas que estableza a normativa aplicable, o informe xeral de actividade relativo ás funcións da Axencia e ao grao de cumprimento dos seus obxectivos durante o anterior exercicio.

Coa finalidade de dar cumprimento á obriga anterior elabórase o presente informe no que, tras unha breve sinopse da natureza e funcións desta axencia pública autonómica, se exporá a actividade desenvolta durante o anterior exercicio, así como os principais logros acadados.

2

Amtega: un novo modelo integral de xestión TIC

Durante 2014 a Axencia avanzou nos obxectivos de mellora da eficiencia e redución do gasto tecnolóxico. A xestión integrada das TIC baseada na orientación cara á centralización de compras e en economías de escala permite establecer indicadores de aforro.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) configúrase como axencia autonómica adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia destinada a converterse na entidade única de xestión das tecnoloxías da información e as comunicacións de carácter público a nivel autonómico.

Desde a convicción da importancia estratéxica que posúen as tecnoloxías da información e a comunicación como panca de desenvolvemento económico e social, e tamén coa finalidade de dar resposta á crecente necesidade de mellorar a eficiencia na prestación de servizos públicos, creouse a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como entidade única de xestión das tecnoloxías da información e as comunicacións de carácter público, destinada a concentrar a xestión dos recursos TIC do sector público autonómico.

A súa creación supuxo un xiro na orientación das políticas tecnolóxicas da Xunta de Galicia, promovendo o desenvolvemento dunha estratexia tecnolóxica única para Galicia, aliñada coas directrices que establece o plan «Europa 2020: Unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador», e potenciando as sinerxías entre os diferentes departamentos que a conforman. Neste contexto, a Xunta de Galicia convértese na primeira comunidade autónoma en establecer un modelo de xestión integral das TIC.

Os obxectivos básicos aos que debe dar cumprimento a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia acadaranse mediante a prosecución dos seguintes obxectivos específicos:

1

Favorecer a prestación dun modelo de servizos flexible e o principio de responsabilización pola xestión

2

Optimizar o rendemento da entidade, demostrando que a austeridade non obstaculiza a eficacia e a responsabilización por obxectivos

3

Promover a participación e colaboración do ámbito privado, tanto empresarial como de entidades que dan soporte á innovación e ao desenvolvemento tecnolóxico

4

Asegurar a posibilidade de participación das consellerías con iniciativas no ámbito tecnolóxico, para corresponsabilizar e aliñar esforzos de todo o Goberno e a Administración da comunidade autónoma

Coa creación da Amtega logrouse unha maior eficiencia na xestión e unha redución do gasto ao integrar os recursos humanos, materiais e orzamentarios da área tecnolóxica de diferentes consellerías e entidades públicas baixo unha mesma dirección.

Así, coa creación da Axencia, a estrutura organizativa da área tecnolóxica da Administración autonómica queda notablemente reorganizada e simplificada, xa que se suprimiron 15 departamentos administrativos cuxas competencias se encontraban duplicadas dentro da Xunta. Supuxo ademais unha reestruturación organizativa e unha consolidación das infraestruturas que xerou unha liberación de espazos de máis de 1.120 m².

Contrato de xestión

O contrato de xestión establece o marco de relacións entre a Amtega e a Xunta de Galicia e sinala os compromisos asumidos por cada unha das partes para a consecución dos obxectivos fixados.

A través do contrato de xestión regúlase a actividade da Amtega establecendo as diferentes actividades para o cumprimento da súa misión, o enfoque para a súa realización, e asignando os recursos económicos e humanos necesarios para acometelas.

Misión

A misión da Axencia é servir de instrumento estratéxico e executivo para impulsar a modernización da Administración pública e contribuír ao desenvolvemento social e económico de Galicia. Para avanzar cara a estes obxectivos, a Amtega traballará na definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, da innovación e do desenvolvemento tecnolóxico, sempre desde unha perspectiva de eficiencia e austeridade.


Visión

Converterse nun referente de boa xestión no ámbito das TIC, asumindo o desenvolvemento dunha estratexia tecnolóxica que establece o uso intensivo da tecnoloxía para a modernización das administracións públicas, a sustentabilidade e mellora dos servizos públicos, o incremento da competitividade dos sectores produtivos e a redución da fenda dixital da Comunidade.

Obxectivos

A Axencia articula o seu modelo de actuación ao redor da consecución de 7 obxectivos estratéxicos aliñados coa Axenda Dixital de Galicia:

- 1. Administración intelixente:** achegar ao cidadán e á empresa servizos públicos dixitais avanzados que permitan mellorar a súa calidade de vida.
- 2. Administración eficiente:** aumentar a eficiencia e mellora na prestación de servizos dixitais fomentando a penetración das TIC e facilitando o acceso a elas.
- 3. Cidadanía dixital:** dotar a cidadanía de capacidades e recursos TIC para facilitar o acceso á Sociedade da Información.
- 4. Transforma TIC:** Fomento do sector TIC como impulsor do emprego e da competitividade do tecido produtivo de Galicia.
- 5. Economic-IT:** integrar o uso das novas tecnoloxías no tecido produtivo de Galicia para conseguir aumentar a súa competitividade.
- 6. Infratelecom:** implantar unha rede de infraestruturas moderna e avanzada que garanta a integración de Galicia na Sociedade da Información.
- 7. Medidas instrumentais de eficiencia e cooperación:** construír un modelo de xestión áxil e eficiente que simplifique as estruturas organizativas e que permita manter políticas de austeridade que deriven nunha redución de custes e nunha optimización de esforzos.



Funcións

De conformidade co establecido no Decreto 252/2011 polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, as principais funcións e competencias da Amtega resúmense nas seguintes:

- Dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de TIC.
- Impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outros órganos do sector público autonómico en todo o referente ás TIC, e á súa aplicación para a modernización, a innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.
- Elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia.
- Definición dos estándares e directrices tecnolóxicas aos que deberían axustarse todos os órganos da Xunta de Galicia e o sector público autonómico.
- Promoción da inclusión e execución do despregamento das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos.
- Deseño e execución, en todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta, dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información que dan soporte á súa operativa.
- Xestión e coordinación de instrumentos e actuacións de órganos con competencias TIC.
- Fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de TIC.
- Deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, e coordinación coas distintas consellerías e organismos para o desenvolvemento das actuacións nesta materia no ámbito das súas competencias, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.
- Planificación e proposta da normativa en materia de sociedade da información e das telecomunicacións.
- Impulso, xestión e coordinación da Administración electrónica como elemento indispensable para a modernización da Administración pública.
- Definición, consolidación e homoxeneización da infraestrutura TIC e os servizos de telecomunicacións do sector público autonómico.
- Dirección, xestión e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia.
- Planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.
- Fomento da innovación no ámbito das TIC en colaboración cos organismos e institucións competentes na materia.
- Participación en órganos de colaboración deliberantes ou consultivos, en representación da Xunta de Galicia, en materia das TIC.
- E todas as demais que se deriven dos fins que ten atribuídos e aquelas que lle sexan asignadas legal ou regulamentariamente.

Beneficios para a cidadanía e as empresas

Mediante o desenvolvemento de novas políticas no ámbito da Sociedade da Información e as TIC preténdese converter Galicia nunha rexión con identidade propia, cohesionada social e territorialmente.

Estas políticas contribuirán, igualmente, á creación de emprego e ao crecemento económico sustentable mediante a creación dun novo modelo produtivo que:

1. Fomente e posibilite o traballo en rede.
2. Permita o acceso ao coñecemento, á participación activa de todos os axentes implicados na sociedade do coñecemento e á proxección da cultura galega no mundo.
3. Mellora a calidade de vida dos cidadáns e garanta a súa autonomía persoal universalizando a cultura dixital.

Entre os principais beneficios para a cidadanía e as empresas merecen destacarse os seguintes:


Maior proximidade ao cidadán e ás empresas dos servizos públicos dixitais avanzados	Facilitar á cidadanía o acceso á Sociedade da Información	Mellora da competitividade do tecido produtivo de Galicia mediante a incorporación de novas tecnoloxías	Simplificación de trámites e estruturas organizativas da Administración
Aumento da eficiencia na prestación de servizos dixitais fomentando as TIC e o acceso a elas	Impulsar o emprego e o tecido produtivo de Galicia mediante o fomento do sector TIC	Desenvolvemento dunha nova rede de infraestruturas moderna e avanzada	Redución de custos e optimización de esforzos

Órganos de goberno

A estrutura funcional da Amtega componse de catro áreas encargadas da planificación, dirección e execución das competencias tecnolóxicas na Xunta de Galicia baixo un esquema de goberno composto pola Presidencia, o Consello Reitor e a Dirección da Axencia (órgano de goberno e executivo). Estes órganos están compostos polas seguintes personalidades:

PRESIDENCIA		
Alberto Núñez Feijoo		
CONSELLO REITOR		
Amtega	Nome	Cargo
Presidente	Alberto Núñez Feijoo	Presidente da Xunta de Galicia
Vicepresidente 1º	Alfonso Rueda Valenzuela	Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Vicepresidenta 2ª	Elena Muñoz Fonteriz	Conselleira de Facenda
Membro nato	Nome	Cargo
Amtega	María del Mar Pereira Álvarez	Directora Xeral da Amtega, que ostenta unha vogalía
Vogais	Nome	Cargo
C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Alfonso Rueda Valenzuela	Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Vogal suplente 1º	Beatriz Cuiña Barja	Secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Vogal suplente 2º	Juan José Martín Álvarez	Director xeral de Xustiza
C. de Facenda	Elena Muñoz Fonteriz	Conselleira de Facenda
Vogal suplente 1º	M.ª Socorro Martín Hierro	Secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda
Vogal suplente 2º	Mauro Fernández Dabouza	Director xeral do CIXTEC
C. de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	Ethel Mª Vázquez Mourelle	Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Vogal suplente 1º	José Antonio Fernández Vázquez	Secretario xeral técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Vogal suplente 2º	José Antonio Domínguez Varela	Vicesecretario xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
C. de Economía e Industria	Francisco José Conde López	Conselleiro de Economía e Industria
Vogal suplente 1º	Borja Vereá Fraiz	Secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria
Vogal suplente 2º	Manuel Antonio Varela Rey	Director da Axencia Galega de Innovación
C. de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	Jesús Vázquez Abad	Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Vogal suplente 1º	Jesús Oitavén Barcala	Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Vogal suplente 2º	Manuel Corredoira López	Director xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
C. de Sanidade	Rocío Mosquera Álvarez	Conselleira de Sanidade
Vogal suplente 1º	Josefina Monteagudo Romero	Secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade
Vogal suplente 2º	Benigno Rosón Calvo	Subdirector xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información
C. de Traballo e Benestar	Beatriz Mato Otero	Conselleira de Traballo e Benestar
Vogal suplente 1º	María Jesús Lorenzana Somoza	Secretaria xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar
Vogal suplente 2º	Mª Aránzazu Portabales Santomé	Vicesecretaria xeral da Consellería de Traballo e Benestar
C. do Medio Rural e do Mar	Rosa María Quintana Carballo	Conselleira do Medio Rural e do Mar
Vogal suplente 1º	Mª Isabel Concheiro Rodríguez-Segade	Secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar
Vogal suplente 2º	Carlos Gabín Sánchez	Xefe do Servizo de Análise e de Rexistros
Secretaría Xeral da Presidencia	Valeriano Martínez García	Secretario Xeral da Presidencia
DIRECCIÓN DA AXENCIA		
María del Mar Pereira Álvarez		

Estrutura organizativa da Axencia



3

Principais logros 2014

Neste exercicio cumpriuse o obxectivo de acadar unha Galicia conectada, grazas ás medidas do plan de banda larga. Avanzouse na consolidación da Administración electrónica coa posta en marcha do nodo de interoperabilidade, o inicio da dixitalización dos rexistros e posibilitando a xestión en liña de ata o 50 % dos trámites administrativos. No eido educativo, abordouse unha nova fase do Proxecto Abalar con 84 centros e 2.300 alumnos conectados á plataforma de contidos dixitais da Xunta. Puxéronse en marcha novas medidas para integrar as TIC en áreas chave para a Comunidade como o Plan Trabe para modernizar os servizos de benestar, o Plan Smart Turismo para incrementar a competitividade do sector, ou a iniciativa Stamar para impulsar as pemes do sector marítimo. Ademais, entrou en funcionamento o Centro de emprendemento Galicia Open Future, catalizador do talento TIC galego e asinouse o Programa Transmatic que alia o esforzo público privado para fortalecer o sector tecnolóxico.

3.1. Principais actuacións



Modernización das administracións públicas



Impulso da Administración electrónica na Administración pública

Durante o 2014 avanzouse na transformación da Administración para adaptala ás esixencias e necesidades do contexto dixital.

A sede electrónica incrementou os procedementos accesibles electronicamente, ata acadar os 790, o que permitiu que se duplicase o uso deste servizo por parte de cidadáns e empresas.

Implantouse o nodo de interoperabilidade PasaXe!, que dispón xa de máis de 30 servizos de intermediación de datos coa Administración xeral do Estado. Desde a súa posta en marcha PasaXe! rexistrou máis de 40.000 consultas.

Deseñouse o marco de referencia do Arquivo Dixital Integrado de Galicia, que establece o marco tecnolóxico, funcional e organizativo do tratamento do documento e expediente electrónico, peza fundamental para consolidar definitivamente unha administración electrónica, así como para a preservación e difusión do patrimonio documental a través do arquivo electrónico patrimonial.

No ámbito interno continuouse co despregamento do proxecto Kronos de identidade dixital corporativa, alcanzando os 12.000 profesionais acreditados con sinatura electrónica de empregado público. No marco deste proxecto, avanzouse tamén na implantación da fichaxe en posto de traballo nos edificios administrativos urbanos, non principais, da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol.

Mellorouse a funcionalidade do sistema de sinatura dixital, acadando no servizo corporativo de portasinaturas máis de 220.000 documentos asinados electronicamente.

Finalizouse o proceso de implantación do Sistema Único de Rexistro nas 500 oficinas, tanto propias como concertadas, e púxose en marcha o sistema de licitacións electrónicas para as EELL de Galicia. Iniciouse tamén a implantación do tramitador corporativo e das notificacións electrónicas, medidas que terán continuidade en 2015.

Avanzouse na tramitación electrónica integral dos procedementos do eido de industria e comercio, deseñouse o novo espazo de Internet do Instituto Galego de Consumo e iniciouse a renovación do sistema de información de relación co consumidor.





Catálogo de portais e presenza en Internet

O 25 de xullo a Administración autonómica súmase ao grupo de entidades pioneiras do .gal coa publicación de 10 dominios, entre eles xunta.gal, presidente.gal, lingua.gal e cultura.gal.

O catálogo de portais inclúe actualmente 445 portais e canles sociais. Durante o 2014 continuou a tarefa de coordinación e revisión de políticas corporativas.

Púxose en marcha o novo espazo da Consellería de Industria e o novo espazo do eido da cultura (cultura.gal). O portal eido-local renovou a súa estruturación e contidos.

Publicouse a versión de mobilidade da Plataforma de contratos de Galicia e continuouse a mellora do sistema de difusión do Diario Oficial de Galicia.

No eido da dinamización lingüística púxose á disposición de todas as administracións públicas galegas o sistema de tradución automatizado GAIO.



Xestión do posto de traballo e atención aos usuarios

O Centro de Atención aos Usuarios da Administración Pública recolleu en 2014 máis de 89.000 incidencias ou peticións. Constituíuse o CAU Periférico, que dá servizo aos centros de prestación de servizos da Administración situados fóra dos edificios administrativos principais como a rede de centros de benestar, a rede de bibliotecas, os centros da comunidade galega no exterior e o soporte técnico especializado ao 012.

Finalizouse o proceso de inventariado do equipamento e posto de traballo cun resultado final de 10.800 postos. Deseñouse e púxose en marcha o plan de acción de xestión sustentable de posto de traballo, que abrangue a posta en marcha da rede de videoconferencia, a dotación de medios para a prestación de servizos dixitais, e nos centros de formación, o arranque dos sistemas de xestión e monitorización de posto de traballo, e novo sistema de help-desk.





Modernización da Administración de Xustiza

Destacan neste eido a posta en marcha de procesos de dotación de medios coa renovación de sistemas de impresión mediante a modalidade de arrendamento e a extensión do sistema de gravación de vistas con sinatura dixital a 70 salas das sedes xudiciais urbanas.

En canto aos sistemas de información de soporte ao procedemento xudicial, destaca en 2014 a consolidación do sistema de notificacións electrónicas LEXNET nas sedes xudiciais, coa comunicación entre a fiscalía e o órgano xudicial, e a integración de novos colectivos. Lexnet rexistrou máis de 4,5M de comunicacións e púxose en marcha a presentación telemática de demandas ou escritos de trámite.

Na canle web da administración de Xustiza en Galicia (www.exustiza.es), habilitouse a consulta en liña da axenda de sinalamentos.

É Importante destacar a posta en marcha das principais liñas de actuación para a construción da administración electrónica xudicial, no marco do convenio asinado entre o Ministerio de Justicia, o Ministerio de Industria, Energía y Turismo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e a Entidade Pública Empresarial Red.es, para o desenvolvemento de servizos avanzados no ámbito das tecnoloxías da información na Administración de Xustiza.



Proxectos en execución

No 2014 continuouse coa execución de proxectos en distintos ámbitos que se consolidarán en 2015

- A continuidade do sistema corporativo de información xeográfica, no que se incorporou a publicación do espazo mapas.xunta.es
- A renovación integral do sistema de xestión bibliotecaria da rede de bibliotecas públicas de Galicia e espazo en Internet da Rede de Bibliotecas.
- O desenvolvemento do sistema para o rexistro e inspección de recursos turísticos, así como a plataforma SmartCamiño. Encadradas ambas no plan SmartTurismo para impulsar a modernización e a competitividade do sector a través das TIC. Inclúe a creación dunha plataforma tecnolóxica que dotará de ferramentas avanzadas para a xestión do Turismo á Administración e aos axentes do sector e permitirá desenvolver servizos avanzados para a comercialización e fidelización dos viaxeiros.





Áreas tecnolóxicas sectoriais



Deseño e licitación dun sistema de axuda á explotación da mobilidade no ámbito de transporte de viaxeiros por estrada en Galicia

No ámbito de transporte, o ano 2014 supuxo a licitación do proxecto do Sistema de Axuda á Explotación da Mobilidade de Galicia, que permitirá pór á disposición da cidadanía toda a información sobre o transporte de viaxeiros por estrada de Galicia, fomentar o seu uso e implementar mecanismos como o transporte a demanda. Trátase de modernizar o sector mediante ferramentas tecnolóxicas que melloren a xestión e eficiencia, e que permitan coñecer as necesidades da mobilidade dos viaxeiros en Galicia.

O deseño deste proxecto incorporou solucións innovadoras, posto que a súa tramitación realízase mediante un diálogo competitivo no que participa o sector, e porque a colaboración pública-privada formalizouse mediante unha resolución conxunta da Dirección Xeral de Mobilidade e da Amtega, á que se adheriron máis de 50 empresas de transporte de viaxeiros por estrada.



Introdución das TIC na contorna educativa

- 4ª Fase Proxecto Abalar: 531 centros, 2.300 aulas, preto de 50.000 alumnos e comunidade virtual de docentes.
- Aplicacións para dispositivos móbiles.
- Consolidación da sinatura electrónica.

No ámbito educativo o Proxecto Abalar chegou no ano 2014 a 531 centros (un 81 % deles centros públicos), a preto de 2.300 aulas e a máis de 50.000 alumnos, cun nivel de uso semanal do equipamento do 75 %.

Pero o fito máis importante foi a posta en marcha da iniciativa de educación dixital E-DIXGAL, enmarcada dentro do propio Proxecto Abalar, e que supuxo a implantación dun ensino completamente dixital para máis de 2.300 alumnos de 5º de primaria en 84 centros, conectados á plataforma de contidos dixitais da Xunta. Este contorno virtual de aprendizaxe (EVA/LMS) ofrece contidos curriculares dixitais e gratuítos, co conseguinte aforro para as familias e a Administración, e accesibles tamén sen necesidade de conectividade.

O espazo Abalar consolídase como o punto de encontro na rede da comunidade educativa con preto de 2.300 recursos educativos dixitais libres, de todos os niveis (dende infantil a bacharelato) e en 7 idiomas. O éxito desta iniciativa queda acreditado polas preto de 1.750.000 descargas realizadas ao longo do 2014 dende o Repositorio de Contidos Abalar.

Neste ano, e dentro do proxecto, tamén se afianzou Redeiras como a rede social do profesorado galego, con máis de 10.000 docentes rexistrados; e abalarMobil como plataforma de comunicación entre os docentes e as familias, con máis de 100 centros educativos empregándoa como canle de comunicación.

Tamén destacar que se fixo especial fincapé na consolidación da sinatura electrónica e na transmisión dixital ao profesorado dos trámites administrativos, con preto de 130.000 documentos asinados dixitalmente, o que lle supuxo un importante aforro de custes á Administración educativa.



Servizos sociais

- Aprobación do plan Trabe: Mellora da conectividade, das infraestruturas e do equipamento...
- Evolución dos sistemas: SIGAD, Prestacións...

No ámbito dos servizos sociais destacan as actuacións de desenvolvemento do Plan Trabe de Modernización Tecnolóxica dos Servizos Sociais de Galicia. Neste 2014, realizáronse actuacións de mellora da conectividade, das infraestruturas e do equipamento dos centros, especialmente de residencias de maiores e de persoas con discapacidade, así como das estruturas de soporte e atención aos centros; e do acceso dos médicos das residencias de maiores ás ferramentas de historia clínica electrónica do servizo sanitario. Ademais iniciáronse as actuacións estratéxicas do plan:

- Desenvolvemento da Historia Social Única (HSU), creación da primeira versión do sistema de acceso a Historia Social e regulación normativa a través dun decreto.
- Adopción e potenciación de SIUSS como ferramenta de traballo principal nos Servizos Sociais Comunitarios e a súa integración na infraestrutura da Historia Social Única.
- Análise de necesidades, funcionalidades e alternativas para o desenvolvemento do Sistema de información de xestión integral de centros residenciais de maiores e dependentes.



Emprego

No ámbito do emprego, a actuación máis relevante é o afianzamento da app Mobem (Movilidad de Empleo) que permite realizar dende o móbil accións como a renovación da demanda de emprego, a consulta de actividades de formación, ou a xestión das citas de formación e orientación e a axenda do desempleado.

Mobem foi descargada por preto de 13.000 cidadáns, que realizaron máis de 132.500 accesos. No seu conxunto os servizos electrónicos foron utilizados por mais de 236.000 cidadáns. Estas solucións supuxeron ao longo de 2014 un aforro aos usuarios de preto de 550.000 €.





Medio Rural e Mar

No ámbito agropecuario, neste ano evolucionáronse os sistemas de información que constitúen o núcleo dos sistemas de xestión do sector agrogandeiro, como o sistema integrado de xestión e control de axudas, que xestiona na actualidade máis de 766 millóns de animais e máis de 717.000 movementos de reses; a oficina agraria virtual, canle de xestión electrónica dos procedementos neste ámbito, a través da cal se realizaron 644.000 peticións de servizos, entre as que se poden mencionar 436.000 altas por nacemento, 139.000 movementos de reses, 53.301 guías de veterinarios autorizados ou 31.000 duplicados de identificación; o sistema de xestión da solicitude de axuda única da PAC, que tramitou máis de 36.500 solicitudes que deron lugar a expedientes que implicaron 1,5 millóns de recintos; así como máis de 6.000 controis de superficie en campo de 118.000 parcelas mediante o uso de tecnoloxías e dispositivos en mobilidade; o sistema de xestión electrónica dos Laboratorios de Sanidade e Producción Animal, que xestionou o 83 % do total tramitado polo laboratorio ou a Lonxa Virtual de Gando.

Evolución dos sistemas de información do ámbito forestal e de incendios

No ámbito forestal, evolucionáronse sistemas relevantes de apoio á xestión, como son o de xestión de axudas do ámbito forestal, ou o de comunicación electrónica de cortas de madeira privadas.

No eido da prevención e extinción de incendios, préstase soporte ao dispositivo de extinción, con preto de 3.500 peticións atendidas, e coa subministración dun sistema de visualización no Centro de Control e Coordinación de Incendios de Galicia.

Evolución dos sistemas de información do ámbito do mar

No ámbito do mar, a evolución centrouse na plataforma tecnolóxica da pesca (PTP), sistema central que dá soporte no proceso de trazabilidade dos produtos do mar, así como na potenciación do uso dos 32 terminais TICPESC e na ampliación do número de terminais dispoñibles para o sector.

No ámbito da formación no 2014 implantouse un novo Simulador de prácticas de navegación e pesca na Escola Náutico Pesqueira do Atlántico (IPMP) de Vigo.



Novos sistemas de información

Especialmente relevante neste 2014 foi o esforzo realizado na modernización tecnolóxica de distintos ámbitos funcionais sectoriais a través do inicio do desenvolvemento de sistemas de información que permitan tanto unha comunicación máis sinxela entre os cidadáns e a administración, como unha prestación máis eficiente dos servizos que a Administración proporciona nestes ámbitos:

- Plataforma galega de información ambiental (GAIA).
- Sistema de Información Integral de Menores.
- Sistema de xestión do proceso de admisión de Escolas Infantís/programa de Cheque Infantil.
- Sistema de información de xestión do rexistro de cooperativas.
- Sistema de información para a apertura de centros de traballo.
- Sistema de xestión centralizada da admisión a ensinos regrados (Infantil, Primaria, Secundaria).
- Sistema de xestión das convocatorias de axudas á promoción científica e tecnolóxica universitaria.
- Rexistro público de licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi.
- Sistema de información de prevención e extinción de incendios.
- Sistema de presentación e administración de plan de ordeación e xestión forestal.
- Sistema integrado de xestión das ensinanzas e titulacións náuticas.



Sociedade dixital

Ao longo do 2014 realizouse un importante esforzo no impulso da sociedade da información, destacando as seguintes actuacións:

Iniciouse a elaboración da nova Axenda Dixital de Galicia 2020, co fin de transformar as políticas tecnolóxicas e converxer con Europa no horizonte 2020. Así, lanzouse a campaña de participación e recollida de achegas por parte de todos os axentes da sociedade galega para definir a nova estratexia a través dun modelo de intelixencia colectiva.

Asinouse o convenio de colaboración do Programa TransformaTIC entre a Xunta de Galicia, as tres universidades galegas, os centros tecnolóxicos TIC e as empresas do Clúster TIC para a fortalecer o sector tecnolóxico galego.

No marco do desenvolvemento do Pacto Dixital de Galicia entre a Xunta de Galicia e o Sector TIC, este ano incorporouse ao Pacto a empresa Vodafone e comezáronse a obter os primeiros resultados deste coa posta en marcha, en colaboración con Telefónica, do Centro de Emprendemento TIC «Galicia Open Future», que alberga os 50 proxectos empresariais innovadores seleccionados na primeira convocatoria desta iniciativa.

Doutra banda, o Centro Demostrador TIC (CDTIC) consolídase como punto de encontro entre a oferta do sector TIC e as

empresas galegas doutros sectores produtivos, incorporando novos servizos como un sistema virtual para probar aplicacións na nube e retransmisións en streaming das actividades. Durante o ano 2014 o CDTIC acolleu preto de 100 actividades, nas que participaron máis de 580 empresas usuarias de tecnoloxía. O CDTIC achegou máis de 60 solucións tecnolóxicas de máis de 65 provedores.

En 2014 nace o proxecto STAMAR, repartido entre nove socios dos diferentes Estados participantes (Reino Unido, Irlanda, Francia, Portugal e España), liderado pola Amtega. Este proxecto basease na contribución á mellora da competitividade e a capacidade de innovación das PEMES do sector marítimo do Espazo Atlántico, favorecendo os procesos de transferencia tecnolóxica. O apoio e experiencia do Centro Demostrador TIC permitirá a creación dun Centro Demostrador Transnacional de Solucións tecnolóxicas para o sector marítimo.

Ao abeiro do Plan de Software Libre 2014 realizáronse máis de 120 actuacións, avanzando na difusión e fomento da utilización de tecnoloxías e ferramentas baseadas no software libre dirixidas á cidadanía e ao sector empresarial. Ademais impartíronse por riba de 33.000 horas de formación en software libre a máis de 30.000 persoas.

No ámbito de cidadanía dixital, traballouse na definición do Plan de Inclusión Dixital, aliñado cos obxectivos marcados en Europa neste eido co fin de acadar a plena inclusión dixital da sociedade galega.

IMPULSO DO HIPERSECTOR TIC	• Incorporación de Vodafone ao Pacto dixital de Galicia sumándose así ás 11 empresas e ao Clúster TIC • Sinatura do Convenio de Colaboración do Programa TransformaTIC entre a Xunta de Galicia, as Universidades galegas, os centros tecnolóxicos TIC e as empresas do Clúster TIC
REDE CeMIT	• Inicio da certificación á cidadanía en competencias dixitais en Ofimática: 255 certificacións emitidas • Máis de 46.000 horas de actividades formativas • Máis de 42.400 usuarios (máis do 30 % de incremento respecto a 2013)
CENTRO DEMOSTRADOR TIC	• Preto de 100 actividades nas que participaron máis de 580 empresas usuarias de tecnoloxía • Achegáronse máis de 60 solucións tecnolóxicas de máis de 65 provedores galegos
VOLUNTARIADO DIXITAL	• Distintas iniciativas que beneficiaron a 4.300 persoas de 5 colectivos • Máis de 140 voluntari@s adherid@s • 103 entidades colaboradoras
SOFTWARE LIBRE	• 98 actuacións para o impulso do software libre a máis de 2.200 persoas mediante a colaboración conxunta da Amtega e distintas asociacións e axentes galegos

Ademais, leváronse a cabo numerosas iniciativas en proxectos xa consolidados como o programa de Voluntariado Dixital (4.300 persoas beneficiadas de 5 colectivos diferentes) e a Rede CeMit (98 aulas con presenza en 92 concellos), onde a Amtega centra os esforzos en camiñar cara ao modelo universal e global, apoiando os concellos con Aula CeMIT e dotando a 62 deles cunha subvención, recollida no convenio de colaboración entre a Amtega, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp, para a realización de actividades de alfabetización e capacitación dixital. Ademais habilitouse e autorizouse á Rede como instrumento recoñecido para a formación e avaliación dos contidos formativos do Plan formativo ofimático de Galicia, de cara á obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, emitindo 255 dende a súa posta en marcha.

Continuaron os despregamentos de redes de banda larga, acadando actualmente máis do 98 % da poboación (máis de 2,7 millóns de galegos). No ámbito das infraestruturas de telecomunicacións realizáronse as seguintes actuacións:

- Reforzouse a rede de telecomunicacións do operador público Retegal.
- Despregáronse redes sen fíos na contorna rural.
- Lanzouse a terceira convocatoria de axudas para a contratación de Internet a través de satélite naquelas zonas que non se cobren coas actuacións do Plan Banda Larga debido á dispersión da poboación e á dificultade de acceso á mesma.
- Publicouse o Decreto 150/2014, do 27 de novembro, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en estradas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Iniciouse a elaboración dun estudo da oferta e demanda de redes ultrarrápidas como paso previo necesario para a definición da nova estratexia de conectividade para a nosa Comunidade do futuro PDBL2020, a través dunha consulta pública a operadores e administración local.





Infraestruturas, sistemas e telecomunicacións



Consolidación e homoxeneización da infraestrutura

Durante o 2014 continuouse o proceso de consolidación e homoxeneización da infraestrutura tecnolóxica da Xunta co traslado de CPD ao novo Centro de Procesos de Datos Integral (CPDi) e a consolidación de sistemas e plataformas, conseguindo migrar o 54,17 % dos CPD incluídos no proxecto.

Tamén se iniciou a licitación de equipamento para a mellora da redundancia do CPDi, tanto no referente ao sistema de refrixeración como no referente ao incremento de capacidade do sistema de subministración eléctrica redundante (grupo electrógeno e SAls), de xeito que sexan capaces de garantir a dispoñibilidade dos servizos aloxados no CPDi a plena carga, ante caídas da rede eléctrica.

A consolidación da infraestrutura tecnolóxica e de soporte iniciada en anos anteriores permitiu manter a redución de entre un 25 % e un 30 % do custo dos contratos de mantemento e adquisición de novos sistemas e software.

Durante o ano 2014 téñense executado varias actuacións encamiñadas a garantir maior seguridade e dispoñibilidade tanto da información como dos servizos TIC, reforzando a infraestrutura do CPD de apoio.

- Púxose en funcionamento unha nova infraestrutura na malla troncal da RCXG para xerar un nivel maior de dispoñibilidade e seguridade dos servizos ofrecidos dende o Centro de Proceso de Datos Integral, sito na Cidade da Cultura, e o Centro de Procesos de Apoio sito no complexo administrativo de San Caetano.
- O almacenamento dos principais sistemas de información da Xunta de Galicia tense replicado de forma síncrona no CPD de Apoio, o que garante a conservación dos datos ante un incidente grave no CPDi.



Mellora de calidade dos servizos prestados

Elaborouse unha base de datos de configuración que permite acceder en liña a todos os elementos xestionados pola Amtega (equipamento TIC, sistemas de información, relacións entre estes...).

Durante o ano 2014 elaboráronse e puxéronse en marcha novos procedementos de desenvolvemento con 63 novos proxectos tramitados nese ano.

Finalmente abriuse unha nova liña de traballo en materia de calidade co obxectivo de controlar a calidade da documentación técnica e software xerada e definir unha arquitectura tecnolóxica de referencia para o desenvolvemento de novas aplicacións.



Instauración de políticas de seguridade da información

En materia de seguridade e cibervixilancia licitáronse concursos para a dotación de equipamento de seguridade de rede que permitirá unha robusta protección fronte a ataques externos, equipamento que se porá en funcionamento ao longo do ano 2015.

Tamén podemos destacar que durante o 2014 se superaron 640 tests de vulnerabilidades en aplicacións para eliminar o risco de ataques.

Durante este ano iniciouse a redacción do Plan director de seguridade TIC e publicouse o decreto de creación da Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico e das súas subcomisións de apoio, entre as que figura a Subcomisión de Seguridade.



Modernización das redes do sector público autonómico

Durante 2014 continuáronse a mellorar as conexións dos distintos centros á Rede Corporativa, pasando dunha velocidade media en 2013 de 28,57 Mbps a unha velocidade media de 39,73 Mbps a finais de 2014.

As melloras máis destacables no 2014 no que se refire aos accesos de datos constitúen as seguintes fitos:


- 63 sedes melloraron a súa conexión pasando a dispor de tecnoloxía Cablemodem a 100 Mbps (29 Centros Educativos, 29 Centros Administrativos e 4 sedes Xudiciais).
- 21 sedes melloraron a súa conexión pasando a dispor de tecnoloxía Cablemodem a 15 Mbps (9 Centros Educativos, 9 Centros Administrativos e 3 Centros Sociais).
- 119 sedes viron mellorado o seu acceso á RCXG na súa conexión ADSL (7 pasaron a estar cubertas por ADSL 20M - todos eles Centros Educativos -; 42 con ADSL 10M - 37 Centros Educativos -; 38 con ADSL 8M - 14 Centros Educativos -; 31 con ADSL 4M - 19 Centros Educativos -).
- Integráronse os Puntos de Encontro Familiar de Santiago, Ferrol, A Coruña e Pontevedra.
- Dotouse a Meteogalicia dun acceso en tecnoloxía Metroethernet 200 Mbps para a mellora da redundancia da liña principal (Metroethernet 1Gbps).

Tamén se renovou a electrónica de comunicacións en numerosos edificios administrativos, permitindo multiplicar por 10 a velocidade das redes de área local destes centros.

En decembro de 2014 formalizouse o novo contrato de telecomunicacións da Rede Corporativa da Xunta de Galicia, que ten como alcance o servizo de telecomunicacións de datos, telefonía fixa e telefonía móbil dos usuarios e centros da Xunta de Galicia, así como doutros centros aos que a Xunta de Galicia lles proporciona servizo.

Os servizos do novo contrato entrarán en funcionamento en 2015, destacando as seguintes melloras:

- Incrementarase en máis dun triplo de media o largo de banda de máis de 2.300 centros de servizos públicos.
- Reduciranse en máis dun 60 % os custes de telefonía móbil, nun 44 % os de servizos de rede de datos e máis do 15 % en telefonía fixa.
- Integraranse na rede corporativa os servizos de telefonía de preto de 1.400 centros públicos, o que mellorará a xestión das telecomunicacións e do servizo co que contan actualmente.
- Ademais, o novo contrato aforrará arredor de 12 millóns de euros en tres anos e conseguirá un investimento adicional doutros 12 millóns de euros por parte dos operadores adxudicatarios.
- Integrará as redes de datos do CIXTEC, da CRTVG na rede da Xunta, eliminando duplicidades, co conseguinte aforro.
- Ampliarase a 10 xigas a capacidade do acceso a Internet da rede corporativa e renovaranse máis de 4.700 equipos da rede de datos.





Constitución dun servizo integral de comunicacións de emerxencias de Galicia

Durante o 2014 realizouse a implantación da Rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia, quedando para o ano 2015 as probas de funcionamento da mesma.

Esta rede integrará nun mesmo sistema todos os colectivos que participan nas emerxencias, mellorando a súa coordinación e garantindo as comunicacións en situacións extremas ou de saturación.

Dimensionada inicialmente para 8.000 usuarios, ten capacidade técnica para chegar ata os 12.000.

Conta cun investimento de 6,4 millóns de euros dos cales a Xunta achegou o 30 % e o resto Red.es, grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Empregará as infraestruturas do operador público Retegal, permitindo un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais.



3.2. Mecanismos de eficiencia e aforro

A Axencia foi capaz de consolidar importantes aforros e xerar eficiencias na xestión dos servizos e infraestruturas tecnolóxica. Estes aforros proveñen principalmente de:



Consolidación de contratos de infraestructura e hardware

Redución de máis dun 25 % dos custos de mantemento e adquisición de sistemas e infraestruturas (2,1 millóns de aforro en 2014)

Mediante a agrupación de pedidos, o incremento do volume de compra e a optimización da xestión grazas a:

- A consolidación e homoxeneización de infraestruturas tecnolóxicas e de soporte.
- Evitar duplicidades no gasto.
- A xeración de economías de escala por volume de pedido.



Consolidación de contratos de servizos

Aforro do 60,4 % en telefonía fixa, o que supuxo un aforro de 1,8 millóns de euros ao ano

Centralizando desde o ano 2011 o pago por consellerías dos centros que tiñan contrato co operador.

Aforro a partir de 2015 de 12 millóns de euros en 3 anos en servizos de telecomunicacións

Grazas á adxudicación do novo concurso de telecomunicacións a finais de 2014, onde se consolidan múltiples contratos de telecomunicación, e grazas ás economías de escala reducíranse en máis dun 60 % os custos de telefonía móbil, nun 44 % os de servizos de rede de datos e máis do 15 % adicional en telefonía fixa.

Aforro do 60 % en custo de consumibles e do 20 % en mantemento e adquisición de equipamento de impresión

Formalizando un novo contrato corporativo do servizo de impresión no ámbito de Xustiza, Consellería de Presidencia e delegacións territoriais.

Esta medida reforzouse con políticas de concienciación do uso adecuado de impresoras.

Ademais...

- Integráronse todos os contratos de administración que tiña cada consellería nun único contrato corporativo.
- Asinouse un novo contrato de administración de sistemas de aplicacións corporativas.
- Tamén se asinou un novo contrato para a administración de sistemas de aplicacións sectoriais.



Consolidación de contratos de software

De forma xeral mantense nun 30 % o custo de adquisición e mantemento de licenzas acadado en anos anteriores. Especificamente merecen mención os seguintes logros:

Aforro dun 50 % en licenzas de software de servidor, backoffice e escritorio de produtos de Microsoft cunha redución media anual de 1,7 millóns de euros con respecto ao 2010 e unha redución media anual de 0,4 millóns de euros con respecto a 2012

Mediante un contrato corporativo asinado en decembro de 2013 que dá cobertura a diferentes produtos do fabricante de software (software de servidor, backoffice e escritorio).

Empregando economías de escala e apostando polo software libre, substituíndo de forma progresiva a suite de ofimática por LibreOffice (software libre).

Aforro dun 35 % en ferramentas de xestión de bases de datos e servidores de aplicacións, o que supón unha redución de 1 millón de euros a 4 anos con respecto a 2012

Asinando en 2012 un novo contrato corporativo de licenzas de BBDD e a unificación de contratos.

Aforro estimado en 2014 de 1,7 millóns de euros de mantemento e soporte en software baseado en software libre

Mantendo as iniciativas de impulso ao uso de software libre iniciadas con anterioridade.

Aforros de ata un 50 % na ferramenta de virtualización

Grazas á migración da ferramenta de virtualización a unha plataforma baseada en software libre (Red Hat).



Optimización da estrutura e economías de escala

Especificamente merecen mención os seguintes logros:

Aforro estimado de 37 millóns de euros en 10 anos na Rede Dixital de Emerxencias de Galicia

Desenvolvemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, maximizando o uso das infraestruturas existentes no canto do uso de redes comerciais.

A solución inclúe aplicacións e funcionalidades estendidas, tanto de voz como de datos, entre as que destaca o servizo TEDS (a máis moderna de España), que permite a transmisión de datos en redes de emerxencia a alta velocidade.

Redución dun 50 % en custos en coordinación de proxectos

Creando o novo perfil de «xerentes de proxecto», con competencia e especialización por tipoloxía de proxecto e sector.

- Consolidando e racionalizando os proxectos das consellerías.
- Reducindo os cargos de estrutura organizativa.
- Mediante a reutilización de sistemas de información entre distintos organismos (Ex.: sistema de información de acreditación de competencias profesionais, portasinaturas, etc.).

Aforro dun 20 % de unificación de aplicacións e soporte dos sistemas corporativos

Mediante a unificación de Sistemas de xestión, de persoal, ofimática, etc.

- Concentrando os contratos de desenvolvemento. Por exemplo: concentráronse 6 contratos de desenvolvemento nun único contrato no ámbito de educación: aforro dun 7 %.
- Consolidación de contratos de servizos de atención ao usuario.
- Consolidación de contratos de soporte microinformático.

Redución dun 20 % no consumo enerxético

Mediante o peche de corredores de aire logrando un aforro enerxético de entre o 10 e o 12 %.

- Incrementando en 5 graos a temperatura do CPD, grazas a que as novas máquinas están preparadas para traballar a pleno rendemento a temperaturas de ata 27º centígrados.
- Free Cooling, o que supón un aforro de entre o 7 % e o 15 % na factura enerxética.



4

Programa de actuacións do ano 2014

A Axencia consolidou proxectos para acadar o desenvolvemento da administración electrónica na propia Xunta e ampliar os servizos dixitais para cidadáns e empresas; puxo en marcha iniciativas para integrar as TIC nos sectores produtivos galegos e definiu novas medidas para converter o sector TIC en elemento tractor da economía galega.

A Amtega é o organismo encargado da definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das TIC e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. No contexto dos seus obxectivos estratéxicos, as actuacións e actividades realizadas pola Amtega están enteiramente relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia e a integración das TIC en todos os ámbitos da sociedade.

As actividades realizadas pola Amtega teñen como marco de referencia o Plan Estratéxico Galicia 2010 – 2014, que aposta pola cohesión social e a calidade de vida da cidadanía, pola dinamización económica e o emprego, a sostibilidade e o equilibrio territorial, por unha Administración máis próxima e eficiente, e por unha economía baseada no coñecemento, o que supón unha aposta decidida polo cambio de actual sistema produtivo de Galicia.

2014.gal Axenda Dixital de Galicia (en adiante ADG) é o instrumento que establece o xeito no que as políticas tecnolóxicas

avalan e reforzan transversalmente os distintos eixos de actuación do Plan Estratéxico Galicia. Como unha das súas principais funcións, a Amtega ten encomendada a definición e impulso da ADG que se constitúe como o principal instrumento da Xunta de Galicia para dar resposta á súa estratexia integral no emprego das novas tecnoloxías.

Actualmente, a definición das políticas tecnolóxicas da Xunta de Galicia enfróntanse a un importante cambio de enfoque estratéxico respecto ás levadas a cabo ata o momento. A través do impulso da ADG, a Amtega procurará pasar dunha sociedade galega que utiliza as TIC a unha sociedade galega que se serve das novas tecnoloxías para xerar crecemento sustentable, para mellorar as súas cotas de participación na toma de decisións e para contribuír á súa calidade de vida sobre a base do coñecemento.

A Amtega tamén é a encargada da posta en marcha de gran parte dos programas e iniciativas integradas na ADG e dalgúns proxectos altamente transformadores.

Cabe destacar que en 2014 iniciouse o proceso de elaboración da Axenda Dixital 2020, dando soporte aos obxectivos establecidos na Estratexia Galega de Crecemento Dixital, coa finalidade de dar continuidade aos logros tecnolóxicos acadados en Galicia e avanzar cara a Europa no horizonte 2020.

A continuación, preséntanse todos os proxectos e programas postos en marcha pola Axencia ao longo do ano 2014, organizados segundo os obxectivos estratéxicos que figuran no contrato plurianual de xestión.





Obxectivo 1: Administración intelixente



1.1.- Modernización da Administración (administración electrónica)

Ao longo de 2014 impulsouse a xestión electrónica da actividade administrativa e da relación co cidadán mediante unha serie de actuacións de consolidación e evolución dos sistemas existentes:

- Ampliouse a oferta de servizos na Sede Electrónica, incluíndo novos procedementos e novos trámites, e implantando melloras para facilitar o uso desta canle, como o incremento no límite de documentación a chegar.
- Actualizouse a Guía de Habilitación de Procedementos Administrativos, o que se traduciu nunha importante redución do número de documentos solicitados a cidadáns e empresas, permitindo reducir as cargas administrativas.
- Púxose en funcionamento o nodo interoperabilidade Pasaxe!, que finaliza 2014 con máis de 30 servizos dispoñibles para o acceso a documentos doutras administracións.
- Elaboración da política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, achegando a validez xurídica necesaria para as actuacións a realizar en próximos anos.

Por outra banda, acadáronse os seguintes fitos:

- Finalización da unificación do rexistro electrónico, dos rexistros auxiliares e o rexistro xeral, novo sistema de información de rexistro Aires.
- Sala de Sinaturas, integrada co Portasinaturas, permite a sinatura de documentos electrónicos entre a Administración autonómica e outras entidades. Permitindo o ciclo de sinatura de documentos entre diferentes partes non necesariamente da Administración autonómica.
- Deseño do marco de referencia do Arquivo Dixital de Galicia, que integra o Arquivo Electrónico Administrativo e o Arquivo Electrónico Patrimonial. O arquivo será a pedra angular da administración electrónica ao permitir a xestión da documentación dixital e impulsar a eliminación do papel. Este proxecto desenvólvese no marco da terceira

convocatoria do programa transfronteirizo Galicia – Norte de Portugal, POCTEP.

- Deseño do Inventario de Información Administrativa (IIA), centralizará a xestión da información sobre procedementos administrativos e servizos, así como as unidades administrativas e a información relativa á definición de procedementos requirida por ENI e polas implicacións do arquivo electrónico.
- A Xunta de Galicia ten asinado un convenio de colaboración coa Junta de Andalucía, polo que se establece a posibilidade de reutilización de software. Neste ámbito estanse a pór en marcha dous elementos chave no desenvolvemento da administración electrónica:
 - » Posta en marcha de Notific@, o sistema para o envío de notificacións electrónicas a cidadáns, empresas e outras administracións, sumando así ao resto de actuacións para a eliminación progresiva do uso do papel e poñendo á disposición da administración un sistema de avisos máis áxil, eficiente, sen custo e coas mesmas garantías xurídicas.
 - » Configuración dun novo sistema de tramitación de procedementos baseado en w@nda, para a tramitación integramente electrónica.
- Deseño da arquitectura de análise de datos e reporte de información corporativa da Xunta de Galicia, a partir da cal se poderán construír ferramentas específicas de análises de datos e cadros de mando.

Por último, durante o 2014 elaboráronse diversas normas de desenvolvemento da Administración electrónica:

- Orde do 6 de febreiro de 2014 pola que se aproba o protocolo de identificación e sinatura electrónicas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Resolución do 25 de febreiro de 2014 pola que se aproba a política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Resolución do 22 de abril de 2014, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se aproba a versión 1.1 das Guías para a habilitación electrónica de procedementos.
- Decreto 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Resolución conxunta do 15 de decembro de 2014, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Secretaría Xeral de Cultura, pola que se aproba o marco de referencia do Arquivo dixital integrado de Galicia.
- Proxecto de Orde para a aprobación do modelo de interoperabilidade da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que se atopa actualmente en revisión e que se publicará durante o ano 2015.


1.1.1.- Evolución da sede electrónica da Xunta de Galicia

Durante 2014, continuouse co impulso da oferta de servizos públicos electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>).


184 novos procedementos dispoñen da posibilidade de presentación en sede electrónica, e habilitouse tamén nas novas convocatorias de procedementos que xa dispoñían dela. A finais de 2014 existe un total de 788 procedementos que poden iniciarse electronicamente, o que supón o 48,94 % dos procedementos da guía de procedementos e servizos. Así tense conseguido consolidar a sede electrónica como canle de acceso de referencia aos servizos públicos dixitais.

O impulso na oferta de servizos tivo tamén a súa contrapartida no lado da demanda. Ao longo de 2014 iniciáronse un total de 36.356 expedientes de forma electrónica, o que supón máis do dobre dos iniciados en 2013.

Evolución de procedementos dispoñibles na sede electrónica



Expedientes iniciados de forma electrónica



Por outra banda incorporáronse na sede electrónica novos servizos.

- A posibilidade de realizar trámites posteriores ao inicio do expediente, o que permite avanzar na comunicación interactiva e continua co cidadán. En concreto, habilitáronse os seguintes:
 - » Emenda ao requirimento.
 - » Modificación de datos de notificación.

- » Modificación ou mellora voluntaria da solicitude.
- » Achegar documentación á parte da solicitude.
- » Renuncia.
- » Alegacións.
- » Achegar documentación xustificativa.
- » Recurso de reposición.
- » Recurso de alzada.
- » Ampliación do prazo de requirimento de emenda.

Esta funcionalidade pilotouse no segundo semestre nos procedementos indicados a continuación, e universalizárase paulatinamente aos distintos procedementos da sede electrónica:

- » Axudas ás entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria de Galicia (ADSG).
- » Axudas ás actuacións de concellos incluídos na Rede Natura 2000.
- » Subvencións a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na rede de bibliotecas de Galicia.
- » Subvencións a concellos de Galicia e as súas entidades e agrupacións de concellos para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais.

Estes modelos normalizados comúns para facilitar os trámites administrativos están tamén dispoñibles para a presentación de xeito presencial.

- Para facilitar o uso da sede electrónica aumentouse o límite do tamaño da documentación que se achega para o inicio dun procedemento de 20 Mb a 50 Mb, o que supón unha importante mellora que fomenta o uso desta canle.
- Desenvolveuse a funcionalidade de obtención de certificados electrónicos xerados pola Xunta de Galicia. O cidadán poderá obter automaticamente certificados electrónicos con total validez e actualizados dende a sede electrónica utilizando os servizos do nodo de interoperabilidade PasaXe!. Esta funcionalidade estará operativa ao longo do primeiro trimestre de 2015.

1.1.2.- Dinamización do uso da canle electrónica polos cidadáns

Co obxecto de eliminar a barreira que para moitos cidadáns galegos supón o uso de certificados electrónicos, durante 2014 desenvolveuse o sistema Chave365, que permite a identificación e sinatura electrónica de forma sinxela a través do uso do teléfono móbil.

- O cidadán poderá solicitar o uso do sistema de claves concertadas Chave365 desde a sede electrónica da Xunta de Galicia ou nas oficinas de rexistro habilitadas para ese efecto, e que se publicarán na mencionada sede.
- Unha vez verificada a identidade do cidadán, desencadeárase un proceso automatizado que xerará e comunicará unha clave de acceso que se envía ao teléfono móbil da persoa solicitante do servizo.
- A través desta clave de acceso o cidadán poderá identificarse e autenticarse na sede electrónica para realizar calquera trámite ante a Xunta de Galicia. Naqueles procedementos que así o requiran, o cidadán poderá asinar electronicamente utilizando unha clave de sinatura dun só uso que lle será enviada ao teléfono móbil.

Para dar garantía xurídica e recoñecer este sistema como mecanismo de identificación e sinatura, aprobouse a Orde do 6 de febreiro de 2014 pola que se aproba o protocolo de identificación e sinatura electrónicas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Unha vez rematado o desenvolvemento, organizárase para 2015 a posta á disposición do servizo para a cidadanía.

1.1.3.- Sistema Único de Rexistro

En 2014 finalizouse a implantación do sistema de información de rexistro Aires e realizouse o apagado definitivo do sistema anterior en todas as Oficinas de Rexistro propias e concertadas. A implantación de Aires supuxo un esforzo importante no que se realizaron as seguintes actividades:

- Revisión da dotación de infraestrutura necesaria nos postos de traballo: estimación do número de impresoras de etiquetas e número de lectores de códigos de barras.
- Instalación da infraestrutura nas Oficinas de Rexistro.
- Comunicación ás Oficinas de Rexistro sobre a implantación do sistema AIREs, tras recibir a correspondente formación: comunicación formal e distribución de documentación de axuda.
- Formación a usuarios.

A formación realizada estivo centrada en xornadas recordatorio a formadores técnicos da Amtega e cursos formativos ao persoal das Oficinas de Rexistro.

2014 supuxo abordar a implantación en 150 oficinas de Xunta e 330 oficinas de Portelo.

A finais de 2014, forman parte do Sistema Único de Rexistro:

- » 173 Oficinas de Rexistro da Xunta.
- » 342 oficinas concertadas (Portelo).
- » 17 rexistros operativos internos.
- » 1 rexistro electrónico.

O indicador de uso en canto a rexistros de entrada é o seguinte:

	2012	2013	2014
TOTAL MOVEMENTOS ENTRADA	3.698.937	2.908.849	2.905.544
REXISTRO XERAL	2.931.454	2.068.286	2.029.302
REXISTRO ELECTRÓNICO	767.483	840.563	876.242
% DE ENTRADAS ELECTRÓNICAS EN RELACIÓN CO TOTAL	20,75	28,90	30,16

Dende o inicio de implantación de Aires, a porcentaxe de entradas en rexistro electrónico sobre o presencial pasou do 20,75 % ao 30,16 % actual.

Ademais desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Integración das aplicacións conectadas ao antigo rexistro co Sistema Único de Rexistro, vía servizos web. En total migráronse ao novo sistema un total de 21 aplicacións.
- Habílanse os servizos de integración dende outras aplicacións para a xeración de rexistros de saída.
- Desenvolvemento da integración de Aires co Sistema de Intercambio de Rexistros Nacional (SIR). Permitirá intercambiar asentos electrónicos rexistrais xerados en Aires entre as Administracións Públicas, de forma segura e con total validez legal. Porase en marcha en 2015.

1.1.4.- Habilitación de procedementos administrativos

- Revisáronse un total de 430 procedementos, e emitíronse 379 informes tecnolóxico-funcionais de habilitación de procedementos, tal e como dispón a Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos. Destacan os máis de 80 procedementos de prazo aberto da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

No proceso de revisión das ditas normas, púxose especial atención en impulsar a interoperabilidade e reducir as cargas administrativas dos cidadáns mediante a eliminación de documentos ou posibilidade de substitución dos mesmos por consultas de interoperabilidade en Pasaxe!. Estes esforzos traducíronse en 2014 nunha redución dun 20 % no número de documentos solicitados a cidadáns e empresas.

- Naqueles procedementos que teñen como destinatarios as entidades locais estableceuse a obriga de utilizar a sede electrónica como única canle para a presentación de solicitudes, potenciando así o seu uso.
- Guías de habilitación de procedementos. Neste ámbito abordáronse varias iniciativas. Con data 22 de abril de 2014, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa aprobaron a versión 1.1. das Guías para a habilitación electrónica de procedementos. Esta nova versión recolle a adaptación aos novos sistemas transversais de tramitación dispoñibles, como o Sistema de Notificacións Electrónicas e o Nodo de Interoperabilidade galega Pasaxe!.

Finalmente, e co obxectivo de facilitar a posible modificación dos formularios, púxose á disposición unha nova versión da Guía de textos normalizados, que establece un mecanismo áxil de actualización de formularios de procedementos non suxeitos a prazo de presentación na sede. Estes formularios poderán ser actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia sen necesidade de publicalos novamente no DOG, sempre que a modificación ou actualización non supoña unha modificación substancial dos mesmos.


1.1.5.- Prestador de servizos de acreditación dixital

Ao longo do ano 2014 realizouse un estudo das necesidades da Xunta de Galicia en materia de acreditación dixital: Certificados de empregado público, de sede, de compoñente, de organismo e todos aqueles certificados necesarios para garantir a seguridade e legalidade da actividade dixital da Xunta. O estudo permitiu dimensionar adecuadamente ditas necesidades para o seu traslado ao prego de prescricións técnicas para a renovación dos servizos asociados.


1.1.6.- Sinatura dixital

En 2014 impulsouse o uso do PortaSinaturas que conta xa con 1.142 usuarios con perfil solicitante e 825 con perfil asinante, contabilizándose un total de 111.066 solicitudes de sinatura e 223.630 documentos asinados electronicamente, o que supón un aumento considerable respecto de 2013, tal e como se pode observar na gráfica comparativa:

Solicitudes



Documentos



No eido da sinatura dixital e servizos para a sinatura dixital, hai que destacar os seguintes aspectos:

- O 25 de febreiro de 2014 apróbase a resolución da política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que ten como obxectivo asegurar que os mecanismos de sinatura electrónica de Galicia se atopan aliñados coa política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral do Estado. Aliñada co Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da sinatura electrónica, a política de sinatura electrónica e de certificados define o conxunto de normas de seguridade, de organización, técnicas e legais para determinar como se xeran, verifícan e xestionan sinaturas electrónicas, incluíndo as características exixibles aos certificados de sinatura.
- Durante 2014 traballouse na evolución e adaptación dos sistemas corporativos co fin de dar correcto cumprimento á política de sinatura: cambios na plataforma corporativa

de sinatura, creación de novos servizos asociados a estas operacións como é o caso da marca de tempo (sincronizada coa hora oficial de España calculada e difundida polo Real Observatorio da Armada), o servizo de reselado para mantemento da validez temporal da sinatura e dispoñibilidade de formatos máis avanzados de sinatura para a súa conservación ao longo do tempo. Así mesmo, mellorouse o servizo de selo de tempo para garantir unha maior dispoñibilidade do mesmo.

- Desenvolvemento da Sala de Sinaturas, que permite á Xunta de Galicia pór á disposición de calquera terceiro, sen acceso ao PortaSinaturas, documentos para a súa revisión e sinatura electrónica. Basicamente, permite establecer fluxos de sinatura electrónica de documentos con terceiros non pertencentes a esta Administración pública. Porase á disposición dos usuarios en 2015.

1.1.7.- Esquema Nacional de Interoperabilidade. Inventario de Información Administrativa

Abordouse o deseño e inicio de execución da posta en marcha do Inventario de Información Administrativa (IIA). O IIA xestionará a información sobre procedementos administrativos e servizos que presta a Xunta de Galicia de forma clasificada e estruturada, con indicación do nivel de informatización dos mesmos. Así mesmo, o inventario manterá unha relación actualizada de órganos administrativos e oficinas de rexistro e atención ao cidadán, e as súas relacións entre eles, conforme aos termos que establece o ENI. Ademais:

- Estará integrado co Inventario de Información Administrativo Nacional, denominado Sistema de Información Administrativa (SIA), co obxectivo de facilitar a interoperabilidade e dar cumprimento ao disposto no artigo 9 do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidad no ámbito da Administración electrónica.
- Será o único punto onde se manterá a relación de procedementos e tipos de documentos, e é onde se incorporarán os resultados do proceso de análise documental.

1.1.8.- Sistema de notificacións electrónicas

Notific@ é o Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia para o envío de notificacións a cidadáns, empresas e outras administracións de maneira máis áxil, eficiente, sen custo e coas mesmas garantías xurídicas que as notificacións en papel. Está baseado no utilizado actualmente pola Junta de Andalucía, implantouse aplicando as políticas de aposta pola racionalización de custos, reutilización de sistemas e impulso do software libre.

En 2014 configurouse nos seguintes procedementos:

- Axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva.
- Recoñecemento á asistencia xurídica gratuíta, por integración co sistema AXGNet, un servizo dirixido aos profesionais designados en procedementos de asistencia xurídica gratuíta así como ás comisións encargadas da tramitación dos mesmos.
- Declaración de utilidade pública de asociacións e presentación de contas anuais.
- Inscripción no Rexistro de Asociacións.
- Inscripción no rexistro de colexios profesionais e consellos galegos de colexios profesionais.
- Inscripción no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Ao longo de 2014 enviáronse 47 notificacións electrónicas mediante este sistema. Neste sentido, cabe destacar que, de conformidade coa normativa vixente, o cidadán debe manifestar de forma expresa o seu desexo de recibir as notificacións de forma electrónica. Para iso, procedeuse á adaptación das guías de habilitación de procedementos administrativos e dos formularios asociados a estes para incluír as esixencias da Lei 11/2007 e o Decreto 198/2010.

Este sistema permitirá á Xunta de Galicia e aos Concellos galegos conseguir importantes aforros directos unha vez a súa utilización se faga extensiva, polo que se continuará o seu impulso ao longo dos próximos anos.

1.1.9.- Sistema corporativo de tramitación de procedimientos

Durante 2014 desenvolveuse o Sistema de Tramitación w@nda, a partir da versión utilizada pola Junta de Andalucía, e integrouse coa plataforma de Administración electrónica da Xunta de Galicia:


- Sede electrónica.
- Portasinasaturas.
- Sistema único de rexistro da Xunta de Galicia.
- Plataforma de interoperabilidade Pasaxe.
- XUMCO.
- Pasarela de pagamentos de Abanca.

No sistema tense desenvolvido:

- Procedemento xenérico. Que permitirá ofrecer un sistema totalmente integrado para aqueles procedementos que actualmente non dispoñen dun sistema específico. Desta forma, os xestores destes procedementos poderán acceder a todos os sistemas e funcionalidades de Administración electrónica desde un único punto e tramitar os seus procedementos de forma electrónica.
- O procedemento BS410A, Prestación por fillo menor a cargo.

Durante o 2015 está prevista a incorporación paulatina dun gran número de procedementos no sistema, fixando como obxectivo un total de 50.

Ademais dos labores de instalación e adaptación do novo sistema de tramitación de procedementos, en 2014 realizáronse os correspondentes labores de soporte e mantemento continuado aos sistemas dispoñibles actualmente, entre os que destacan SXPA e as 70 aplicacións complementarias.




1.1.10.- Nodo de Interoperabilidade PasaXe!

O Nodo de Interoperabilidade PasaXe!, constitúese como unha plataforma tecnolóxica e organizativa de intercambio de datos e documentos entre diferentes administracións públicas (estatal, autonómica, local), orientado a facer efectivo o dereito do cidadán de non achegar datos e documentos que consten xa en poder de calquera Administración pública.

Configúrase a Xunta de Galicia como nodo de interoperabilidade da Comunidade Autónoma, no marco do Convenio de colaboración entre a Administración xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica.

Estas dúas actuacións conxuntas permitirán a intermediación de datos e certificados entre a Administración xeral do Estado, a Administración autonómica, e a Administración local galega.



En 2014 habilitouse xa a posibilidade de acceder (con todas as garantías xurídicas) a máis de 30 certificados da Administración xeral que poderán ser eliminados da documentación a solicitar aos cidadáns na súa relación coa administración. En 2015 permitirá por á disposición doutras administracións certificados xerados pola Administración autonómica galega. O proceso de implantación foi o seguinte:

- En maio de 2014 configuráronse no novo sistema <http://pasaxe.xunta.es> todos os usuarios e procedementos autorizados con anterioridade.
- Realización dun calendario de sesións de divulgación entre os servizos de xestión, tanto nos servizos centrais como nas delegacións provinciais da Xunta de Galicia. Unhas 6 sesións ás que asistiron máis de 400 persoas.
- Publicouse o espazo de interoperabilidade na intranet <http://intranet.xunta.es/interoperabilidade>, no que se pon á disposición o catálogo de servizos ofrecidos desde a plataforma de interoperabilidade. Accedendo a cada servizo, o espazo de interoperabilidade ofrece información funcional e un acceso directo para iniciar o proceso de alta de procedementos e usuarios.

O catálogo de servizos de interoperabilidade estaba composto a finais de 2014 de máis de 30 servizos de interoperabilidade, dos que 17 xa están a ser utilizados.

CEDENTE	SERVIZO
DIRECCIÓN GENERAL DE POLICÍA (DGP)	Consulta de datos de identidade
	Verificación de datos de identidade
INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE)	Consulta de datos de residencia
	Consulta de datos de residencia con data da última variación padroal
	Verificación de datos de residencia de ámbito
DIRECCIÓN XERAL DE CATASTRO	Datos catastrais
	Consulta de bens inmoables
	Certificación de titularidade
	Obtención de descritiva e gráfica
TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL (TGSS)	Estar ao corrente no pagamento coa Seguridade Social
	Data de alta na Seguridade Social
INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL	Consulta de prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade
SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO ESTATAL (SPEE – INEM)	Situación actual de desemprego
	Importes de prestacións de desemprego percibidos na data actual
	Importes de prestacións de desemprego percibidos nun período
MINISTERIO DE XUSTIZA	Consulta de defunción
	Consulta de matrimonio
	Consulta de nacemento
AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA (AEAT)	Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias para a contratación coas administracións públicas
	Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias para a obtención de licenzas de transporte
	Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias para a solicitude de axudas e subvencións
	Certificado da renda
	Certificado de enderezo fiscal
	Imposto de Actividades Económicas
CONSELLO XERAL DO NOTARIADO	Consulta de administradores dunha sociedade
	Consulta de subsistencia de poderes notariais Consello Xeral do Notariado
	Consulta de copia simple de poderes notariais
MINISTERIO DE EDUCACIÓN	Consulta de títulos universitarios oficiais
	Consulta de títulos non universitarios oficiais
IMSERO	Consulta de grao e nivel de dependencia
GOBERNO DE NAVARRA	Consulta de datos sobre impostos de actividades económicas
ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO	Consulta de datos de residencia legal

En 2014 realizáronse en PasaXe! máis de 189.608 consultas, o que supón un impacto na redución de cargas administrativas de 637.085 euros.

CEDENTE	ÍNDICE DE REDUCIÓN (€/CONSULTA)	CONSULTAS 2014	REDUCIÓN 2014
DGP	1	130.395	130.395
CATASTRO	10	23.193	231.930
INE	10	18.862	188.620
AEAT	5	14.856	74.280
TGSS	5	2.002	10.010
OTROS	5	230	1.150
SEPE	10	45	450
INSS	10	25	250
TOTAL		189.608	637.085

A principios de 2015 o nodo PasaXe! foi galardoado pola Fundación SOCINFO, con un dos «Premios Galicia 2015 – Sociedade da Información».

1.1.11.- Arquivo Dixital de Galicia

En novembro de 2013, apróbase un proxecto europeo, no contexto da 3ª convocatoria do programa de cooperación transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal, 0607_ARPAD_1_E: Arquivo Dixital, conservación do patrimonio documental e eliminación do papel nas relacións administrativas.

Abórdase o deseño do Arquivo Dixital de Galicia, cuxo alcance queda recollido no marco de referencia para a xestión dos documentos electrónicos (MRA - Marco de referencia ARPAD). Este marco queda aprobado mediante Resolución conxunta do 15 de decembro de 2014 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Secretaría Xeral de Cultura, pola que se aproba o marco de referencia do Arquivo dixital integrado de Galicia.

O MRA inclúe tanto a xestión de documentos electrónicos producidos pola Administración pública no exercicio das súas funcións (Arquivo Electrónico Administrativo), como a xestión das copias dixitalizadas dos documentos do patrimonio documental que se custodian nos arquivos (Arquivo Electrónico Patrimonial). É a base para desenvolver todos os aspectos técnicos, normativos e organizativos do arquivo dixital.

1.1.12.- Cadro de mando

Durante o ano 2014 realizouse unha análise previa da arquitectura corporativa de desenvolvemento de sistemas de cadro de mando (Business Intelligence), que permite sentar as bases para dispoñer dunha plataforma de análise de datos e reporte de información corporativa, definindo regras de desenvolvemento e guías de estilo para difusión de información entre outros. Así, publicáronse as seguintes guías:

- Ciclo de vida para o desenvolvemento dos sistemas de análise de información.
- Guía de estilo de bases de datos.
- Guía de estilo de ETL.
- Guía de estilo para a difusión.
- Documento de configuración e administración do contorno BI.

De acordo cos estudos realizados, desenvolveuse un proxecto piloto con indicadores básicos de asistencia xurídica gratuíta, implantado na Xunta durante o mes de xuño. En 2015 aborrase o desenvolvemento de sistemas de análise corporativa baseada nesta arquitectura.

1.1.13.- Ademais...

Durante o 2014, continuouse co mantemento e evolución de diversos sistemas de ámbito sectorial. Destacan os seguintes:

- Sistema de xestión para a tramitación dos procedementos de rexistro e autorización das actividades de xogo e apostas deportivas, no que se aborda durante o 2014 a adaptación continuada de diversos aspectos segundo o Decreto 147/2013 e outra normativa de aplicación.
- Sistemas de información para a xestión da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia:
 - » Implantación do sistema de seguimento de procedementos de consultivo.
 - » Inicio da migración tecnolóxica e revisión funcional do sistema de seguimento de preitos.
- Sistemas no ámbito da Igualdade: xestión de ordes de autoprotección e sistema de información dos Centros de Información á Muller (CIM), implantado este último nos 81 CIM de Galicia.
- Sistemas da S.X. de Emigración. Mantemento da plataforma GaliciaAberta.com e posta en marcha do sistema para a xestión do Rexistro de Galeguidade.
- Sistema de xestión de riscos laborais, e adaptación do sistema para a utilización no eido de Educación.
- Mantemento de diversos sistemas de soporte á actividade institucional:
 - » Xestión documental das Comisións de Secretarios e Consello da Xunta.
 - » Relacións Parlamentarias, no que se establece unha taxonomía de clasificación das iniciativas.
 - » Publicación de convenios.
- Mantemento de diversos sistemas para a xestión interna da Administración pública:
 - » Sistema de xestión de gabinetes.
 - » Parque móbil.
 - » Xestión de habilitados. Ponse en marcha un novo sistema para a xestión das habilitacións. Este sistema está en funcionamento en 22 habilitacións da Administración pública.



1.2.- Sistema integrado para a xestión dos recursos humanos, e desenvolvemento de servizos para o empregado público

Con este obxectivo preténdese alcanzar un sistema integrado para a xestión dos recursos humanos e o desenvolvemento de servizos para o empregado público.

1.2.1.- Evolución do sistema de xestión de recursos humanos

Evolución continuada do sistema de xestión dos recursos humanos vinculados ao ámbito da Función Pública. O conxunto de sistemas integrados neste apartado inclúe:

- Sistema de xestión de RRHH e Función Pública.
- Sistema de xestión da acreditación dixital.
- Control horario.
- PortaX, oficina do empregado público.

En todos estes sistemas abordáronse actuacións de mantemento e evolución continuada. Salientamos os seguintes aspectos:

- **Flexibilidade e teletraballo:** En decembro de 2013 publícase a Orde do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Abordáronse as adaptacións necesarias para a xestión das solicitudes de flexibilidade e teletraballo, así como adaptacións para o seguimento do control horario segundo os criterios establecidos pola orde.

- **Tramitación das solicitudes de permisos, licenzas e vacacións:** Implantación da xestión electrónica integral das solicitudes de permisos, licenzas e vacacións. Permite a tramitación e trazabilidade do proceso: o rexistro a través do PortaX da solicitude por parte da persoa solicitante, autorización na unidade da que depende, e tramitación final no servizo de xestión de persoal.

Durante o 2014 implántase na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Dirección Xeral de Función Pública e iníciase a implantación na Consellería de Economía e Industria. Tramitáronse polo procedemento electrónico 1.074 solicitudes.

Entre os beneficios acadados con este procedemento destacan a eliminación do papel, a simplificación da tramitación, a trazabilidade da situación da solicitude, e a integración directa no sistema de xestión de recursos humanos permitindo dispor da xestión automatizada dos cadros de ausencias.

- **Sistema de seguimento de persoal (Morfeo):** O módulo Morfeo, dentro do sistema de xestión de recursos humanos, permite o seguimento de cadros de vacacións, ausencias e control horario, por parte dos responsables dos diferentes departamentos da Administración pública. Implántase na Consellería de Sanidade, na Amtega e na Dirección Xeral de Función Pública.
- **Sistema de xestión de Función Pública:** Este apartado refírese ao módulo do sistema orientado aos servizos de persoal. Dentro da evolución continuada do sistema abórdouse:
 - » Incorporación da sinatura electrónica nas dilixencias de tomas de posesión e cesamento e nas comisións de servizo.
 - » Inclusión de comprobacións automáticas para o cumprimento da instrución da DXFP relativa ás vacacións e días de asuntos persoais.

1.2.2.- Expediente dixital do empregado público

Iniciáronse as tarefas para o deseño do expediente dixital do empregado público, para o cal se está a identificar:

- Contido e estrutura do expediente.
- Deseño da integración cos sistemas de xestión de RRHH.
- Deseño da integración co Arquivo dixital administrativo.

A análise abórdase dende a perspectiva de integración nun único modelo do persoal dependente da DX de Función Pública e o do persoal do ámbito da Dirección Xeral de Xustiza.

1.2.3.- Acreditación do empregado público

Durante 2014 emítense 3.258 novas tarxetas de acreditación dixital do empregado público.

A situación a decembro de 2014 era a seguinte:

ÁMBITO	Nº PERSOAL ACREDITADO	% SOBRE O TOTAL
ADMINISTRACIÓN XERAL	9.666	59,50
ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	2.860	100,00
TOTAL	12.526	40,50

Tendo en conta que na previsión relativa á Administración xeral da Xunta de Galicia non se inclúe persoal docente e de institucións sanitarias, estimando unha cifra global de 16.245 empregados públicos.

- **Renovación de certificados dixitais:** Os certificados dixitais de empregado público teñen unha vixencia de 3 anos, o que determina que en 2014 se poñan en marcha os procedementos de renovación dos certificados.
 - » Posta en marcha de 5 novos Puntos de Acreditación Dixital (PAD) nas Delegacións Territoriais para a renovación dos certificados.
 - » Posta en marcha de 7 Puntos de Acreditación Dixital nas sedes principais da Administración de Xustiza.
 - » Posta en marcha dun procedemento remoto de renovación de certificados. Ponse en marcha unha canle de soporte para as renovacións autoxestionadas polos empregados públicos.

Debe garantirse o mantemento continuado e renovación da acreditación dixital dos máis de 12.500 traballadores acreditados.

1.2.4.- Fichaxe en posto de traballo

Ponse en marcha o sistema de fichaxe Kronos nos principais edificios administrativos das cidades:

- Implantación do sistema de fichaxe en posto de traballo nas localizacións administrativas dos ámbitos urbanos: Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, nas que os traballadores están xestionados no sistema único de xestión de recursos humanos.
- Implantación do sistema de fichaxe en posto de traballo nos seguintes organismos: CIXTEC, CGAC.

Adaptación do sistema de fichaxe para centros con postos non administrativos, como os centros de benestar, no que se aborda unha experiencia piloto nunha residencia de maiores.

1.2.5.- Ademais...

Un aspecto relevante na implantación de sistemas de información é a formación e difusión. En 2014 realizáronse sesións de formación sobre os sistemas de xestión de recursos humanos.



1.3.- Información xeográfica e urbanismo

A información xeográfica móstrase cada vez máis relevante en todos os procesos de planificación e xestión da Administración pública. Este programa está orientado a dar o soporte tecnolóxico ao proceso de coordinación da información xeográfica da Xunta de Galicia durante todo o seu ciclo de vida, dende a produción ata a promoción e reutilización da información por parte doutros sectores.

O devandito ciclo de vida artículase ao redor de 3 eixes:

- Ciclo de vida da produción cartográfica.
- Ciclo de vida do desenvolvemento de solucións baseadas en/ou que utilizan SIX.
- Ciclo de vida da publicación de servizos.

1.3.1.- Sistema de información xeográfica (SIX) corporativo

Definición e implantación da arquitectura SIX corporativa: Xunto co Instituto de Estudos do Territorio (IET), coordínase a implantación, consolidación e difusión do sistema corporativo de información xeográfica.

- Consolidación da infraestrutura de soporte do sistema de información xeográfica corporativa.
- Definición da metodoloxía para carga e mantemento dos datos xerados polos diferentes produtores.
- Publicación do visor corporativo IDEG.
- Elaboración do inventario de xeoservizos existentes. Elaboración do plan de aliñamento coa xeodatabase corporativa.
- No espazo da intranet da plataforma SIX corporativa publicáronse 6 procedementos e 6 guías de traballo.
<http://intranet.xunta.es/tecnoloxica/plataforma-six-corporativa>

1.3.2.- Portal de difusión de cartografía e servizos

Unha vez rematados os elementos anteriores ponse en marcha o proxecto de ordenación da infraestrutura:

- Publicado o portal de referencia: Trátase do portal de referencia para a Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG), que integra todos os datos xeográficos e os servizos interoperables de información xeográfica proporcionados polos distintos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público, os cales están dispoñibles mediante este xeoportal: <http://mapas.xunta.es>





1.4.- Impulso da relación telemática co sector empresarial, comercial e industrial

O sector empresarial, comercial e industrial é un dos ámbitos obxectivo para a consolidación da administración electrónica na súa relación coa Administración pública, no relativo á tramitación de axudas, a aplicación da directiva de servizos ou a consolidación dos rexistros creados no ámbito de competencia da Administración pública. O obxectivo deste programa é a simplificación dos procedementos administrativos vinculados á actividade empresarial e industrial para a redución das cargas administrativas en relación coa Xunta de Galicia e a extensión da sede electrónica cara a un modelo de portelo único empresarial que facilite ás empresas a relación coa Administración pública.

De xeito específico deben salientarse os seguintes ámbitos:

1.4.1.- Sistema de información de rexistros industriais e comerciais

Durante 2014 avanzouse na reorganización da oficina virtual de Industria, para adaptala á normativa do rexistro industrial e para facilitar aos usuarios un acceso intuitivo á información:

- **Rexistro de instalacións.** Incorporáronse 15 novos procedementos no ámbito das instalacións industriais. Ademais de habilitar a canle electrónica para estes procedementos, este cambio permitiu a substitución de sistemas antigos e o avance na integración da información da Consellería, que antes residía en sistemas illados, abordando o proceso de migración da información dende os sistemas orixe (XIRA, SRI...).
- **Integración coa sede electrónica.** Incorporando os 38 procedementos da oficina virtual á sede electrónica.

Esta integración permite ao colectivo de empresas utilizar as vantaxes da sede electrónica. Así ampliáronse os tipos de certificados admitidos, incluíndo os de persoa xurídica e de empregado público, optimizáronse os requirimentos técnicos esixidos aos cidadáns e a oficina está plenamente integrada coa carpeta do cidadán. Así mesmo incorporáronse na sede electrónica utilidades requiridas para a incorporación da oficina, como a ampliación do tamaño dos arquivos admitidos. Ademais melloráronse os formularios de presentación para adaptalos ás necesidades da Consellería e dos usuarios, incorporando aos formularios de instalacións de baixa tensión as demandas das asociacións de instaladores.

- Ademais abordáronse os seguintes aspectos:
 - » Na xestión interna dos rexistros industriais, incluíronse novas funcionalidades: carga de arquivos asociados ao expediente, xestión de estados...
 - » No caso dos rexistros industriais, abordouse a adaptación á nova normativa de regulación do Rexistro Industrial, pendente de publicación.
 - » No caso do rexistro galego de comercio, incorporouse a opción da sinatura para as actuacións non automatizadas, xestionando distintos asinantes, e melloráronse as utilidades de tramitación.

1.4.2.- Sistemas para a xestión e relación co consumidor

Neste eido iniciáronse dúas liñas de actuación que terán resultados no 2015:

- Iniciado o desenvolvemento do espazo web do Instituto Galego de Consumo, co obxecto de mellorar a información e comunicación co consumidor, facendo especial fincapé na información relativa ás reclamacións do consumidor. Estará aliñado coa estrutura de portais dependentes da Consellería de Economía e Industria. Estará dispoñible en Internet no segundo semestre de 2015.
- Realizada a análise de alcance da xestión integral do Instituto Galego de Consumo, que abrangue entre outros: a xestión de expedientes, a xestión de campañas e rede de alertas, os plans de inspección, e os ámbitos específicos da Escola de Consumo e do Laboratorio de Consumo. En 2015 iniciárase a posta en marcha deste proxecto.

1.4.3.- Ecosistema da presenza en Internet

No ámbito da Consellería de Economía e Industria, abóndase unha simplificación da rede de portais existentes co obxectivo de reducir o número de portais, simplificar o acceso, e mellorar os contidos. Elimináronse ou integráronse noutros ata 20 espazos web.

Reordenouse o espazo da propia Consellería. O novo espazo presentouse en novembro de 2014. <http://economiaeindustria.xunta.es>



1.4.4.- Ademais...

- Integración de sistemas de rexistros. Integración de rexistros sectoriais RESFOR e RIA. Desenvolvéronse os procedementos requiridos para a xestión do rexistro de empresas forestais e do rexistro de empresas agrarias integrando a información no sistema, o que permite mellorar a calidade da información e facilita ás empresas a relación coa Administración evitando trámites innecesarios. Estes procedementos están pendentes de cambios normativos e da súa validación para a súa posta en marcha.
- Integración co sistema de notificacións electrónicas. Pilotouse o novo sistema de notificacións electrónicas da Xunta de Galicia co procedemento IN519B, Axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, realizando 42 notificacións electrónicas aos concellos de Galicia.
- Actividades de formación e apoio ás implantacións do rexistro de instalacións. A posta en marcha do rexistro de instalacións supón a tramitación electrónica integral neste rexistro, e a substitución progresiva do contexto papel por unha tramitación electrónica obrigatoria. Acompañando a este proceso abordáronse as seguintes actuacións:
 - » Sesións de formación en Santiago ao persoal da Consellería e ás asociacións de instaladores (xullo 2014) e nas xefaturas territoriais ao persoal da Consellería encargada da xestión dos procedementos (novembro 2014). Por outra banda colaborouse coas asociacións de instaladores na coordinación da formación aos seus asociados, ofrecendo os medios precisos.
 - » Reforzo do soporte a usuarios. Para dar unha resposta eficaz ao colectivo de usuarios asignouse un grupo especializado e dedicado ao soporte dos usuarios no uso da canle electrónica, integrado no CAU periférico.
- Colaborouse coa Consellería para validar a web de relevo comercial, e a actualización da estrutura e contidos do Portal do comerciante.



1.5.- Modernización dos sistemas de información de xestión ambiental

1.5.1.- Mantemento e evolución dos sistemas de información de residuos de Galicia

Os principais sistemas que permiten realizar a xestión das operacións realizadas con distintos tipos de residuos por parte dos axentes do sector son o sistema de información de residuos de Galicia (SIRGA), e o de residuos urbanos de Galicia (SIRGARU).

- **Sistema de información de residuos de Galicia (SIRGA):** Desenvolvéronse as adaptacións no sistema de residuos de Galicia (SIRGA) necesarias para a posta en marcha do módulo eResiduos de GAIA.
- **Sistema de residuos urbanos de Galicia (SIRGARU):** Elaboráronse informes e mais desenvolveuse o recálculo de indicadores e o mantemento evolutivo do sistema.

1.5.2.- Mantemento e evolución do sistema de información ambiental

No caso dos sistemas de información ambiental que permiten a xestión de procedementos nos ámbitos da coordinación e avaliación ambiental, é necesario que estes sistemas se atopen operativos e adaptados aos requisitos legais e procedimentais, polo que se realizaron as adaptacións necesarias no **Sistema de autodiagnóstico ambiental de residuos (AAR)**, no **Sistema de información ambiental (SIMCA)**, no **Rexistro de emisións e fontes contaminantes (PRTR)** e no **Sistema de inspección ambiental**.

1.5.3.- Mantemento e evolución do sistema de información de calidade do aire e Meteogalicia

Desenvolveuse a nova aplicación móbil de Meteogalicia, que acadou preto de 44.000 descargas, e que inclúe na súa segunda evolución (tamén dispoñible para dispositivos Windows Phone e Blackberry), a visualización de alertas meteorolóxicas, información sobre raios, fases da lúa, orto e ocaso, e a consulta de información das estacións meteorolóxicas, boias e estacións de calidade do aire.

1.5.4.- Desenvolvemento da plataforma galega de información ambiental (GAIA)

Desenvolvemento dun novo sistema de información de residuos de Galicia que permita a adaptación dos procedementos ao estándar E3L de intercomunicación de datos de carácter ambiental con outras comunidades e coas empresas, ademais de incluír os novos requisitos motivados pola lei 22/2011 de residuos e chans contaminados.

Durante o ano 2014 realizouse a análise dos módulos de eEmpresas e eResiduos.

O desenvolvemento do módulo eEmpresas está finalizado e validado pola unidade de negocio, e está prevista a súa implantación a comezos de 2015. A posta en produción requiriu a depuración de datos de máis de 8.000 empresas e 11.000 centros de traballo. Desenvolvéronse tamén os servizos necesarios para a conexión de GAIA con E3P.

Durante o mes de novembro organizouse unha xornada para a presentación do proxecto aos principais grandes produtores, xestores e asociacións do sector de residuos en Galicia.

Do módulo de eResiduos dispónse xa dunha versión no contorno de desenvolvemento que está a probar a unidade de negocio e un conxunto de empresas (xestores e produtores) do sector de residuos de Galicia.



1.6.- Desenvolvemento das TIC na Administración de Xustiza en Galicia: Plan e-Xustiza

Este plan busca promover o uso das TIC na tramitación xudicial. As actuacións aquí indicadas englobábase no Plan de sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia.

1.6.1.- Sistemas de xestión procesual

Durante o ano 2014 mantívose a actualización continuada e de xeito aliñado co Ministerio de Justicia ou co Consejo del Poder Judicial dos sistemas troncais da Administración de Xustiza:


- Sistema de xestión procesual Minerva.
- Sistema de xestión da fiscalía Fortuny.
- Sistema de comunicacións electrónicas LEXNET.
- Sistemas do SIRAJ e Punto Neutro Xudicial.
- Rexistro civil en liña.

Así mesmo continuouse co mantemento e evolución dos sistemas propios da Comunidade como o sistema para a xestión do Imelga.

1.6.2.- Medios en posto de traballo

- Renovación dos sistemas de impresión: Proxecto Imprime. O programa Imprime está a permitir mellorar as prestacións de impresión nos xulgados e aforrar custos cunha xestión eficiente do papel. Actualizáronse 412 equipos de impresión departamentais en todos os partidos xudiciais, que melloraron o equipamento dispoñible na práctica totalidade das sedes xudiciais. Adicionalmente, púxose en marcha un sistema de inventario e monitorización dos equipos de impresión, que monitorizan os volumes de impresión, aproximadamente 4 millóns ao mes.
- Continúa o mantemento dos equipos de videoconferencia que conforman a rede na Administración de Xustiza en Galicia. Está constituída por 60 postos de sala conectados por IP. En 2014 realizáronse 3.700 videoconferencias nos órganos xudiciais.

Videoconferencias (Realizadas Recibidas)



1.6.3.- Sistema de gravación de vistas orais. Sistema eFideliu

Na actualidade a Administración de Xustiza de Galicia conta con 171 salas de vistas. Todas elas contan con sistema de gravación que ten como obxectivo recoller o acontecido na sala durante a celebración dos actos.

Estase levando a cabo o proceso de renovación dos medios tecnolóxicos nas salas de vistas, en dúas liñas:

- Renovación do equipamento nas salas, e dotación dun segundo posto.
- Implantación dun novo sistema de gravación de vistas, eFideliu, que integra a sinatura dixital na elaboración da acta xudicial e cun novo modelo tecnolóxico de salvagarda das gravacións de vistas.

Este proceso lévase a cabo no marco dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Justicia, a Entidad Pública Empresarial Red.es, e a Xunta de Galicia. O sistema eFideliu utilízase en varias comunidades autónomas, sendo desenvolvido desde 2014 en Galicia.

En decembro de 2014 o 44% das salas dispoñían xa do novo sistema de gravación de vistas orais eFideliu, co seguinte reparto por cidades:


LOCALIDADE	SALAS eFIDELIU
A CORUÑA	12
FERROL	9
LUGO	8
OURENSE	6
PONTEVEDRA	12
SANTIAGO	10
VIGO	18
TOTAL 2014	75

O número total de vistas gravadas co sistema eFideliu desde a súa implantación ata o 31 de decembro é de 26.558.


1.6.4.- Sistema de comunicacións electrónicas LEXNET

Continúa a extensión de uso do sistema Lexnet. En 2014 consolidouse a itineración de asuntos entre a fiscalía e os órganos xudiciais, e púxose en marcha a presentación de escritos, tanto de trámite como escritos iniciadores (presentación de demandas).

En total realizáronse 4.509.545 comunicacións, que se desagregan na seguinte tipoloxía de movementos:



A evolución anual do uso do sistema amósase na seguinte gráfica:



Fonte: Cadro de mandos do Ministerio de Justicia

O incremento anual da utilización de Lexnet permite falar de consolidación do sistema no uso ordinario dos xulgados (inclúe notificacións, itineracións e presentación de escritos).

1.6.5.- Asistencia xurídica gratuíta. AXG

Na xestión dos procedementos de asistencia xurídica gratuíta abordouse a integración de compoñentes de administración electrónica:

- Envío telemático das solicitudes de recoñecemento de asistencia xurídica gratuíta. As solicitudes dos cidadáns enviadas dende os servizos de orientación xurídica dos colexios de avogados cara ás comisións de asistencia xurídica gratuíta, permitiu unha redución importante nos tempos de tramitación nas comisións de xustiza gratuíta ao eliminar as demoras da carga manual no sistema de xestión, evitando tamén os posibles erros de mecanización. O incremento de uso da vía telemática para o inicio destas solicitudes foi constante dende a súa posta en marcha, alcanzando o 99,5 % no ano 2014.
- Módulo de xestión da compensación económica, para o control efectivo sobre os gastos dos colexios de avogados e procuradores no eido da xustiza gratuíta. Inclúese un servizo de comunicación electrónica da certificación e da xustificación trimestral das actuacións por parte do colexio (artigo 47 do Decreto 269/2008), a supervisión automatizada das actuacións realizadas e dos pagamentos efectuados e a sinatura electrónica das notificacións por parte do secretario da Comisión de Xustiza Gratuíta a través do portasinaturas da Xunta de Galicia. En 2014 asináronse electronicamente 38.380 notificacións.
- Integración automatizada co Nodo de Interoperabilidade PasaXe!, para a verificación de datos de identidade e consulta de datos catastrais. Elimínase a necesidade de presentar copia do DNI e da certificación do Catastro de propiedade Inmobiliaria, por parte do cidadán solicitante.
- Integración automatizada co sistema de rexistro de saída (Aires), eliminando o rexistro manual destas saídas. En 2014 xeráronse automaticamente 36.919 asentos de saídas no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.
- Integración coa plataforma de comunicacións electrónicas Notific@, finalizada no último cuadrimestre de 2014. Permitirá o envío electrónico de notificacións aos colexios profesionais de avogados e procuradores que substituirá ás comunicacións certificadas en papel.

1.6.6.- Servizos ao cidadán. www.exustiza.es

O obxectivo é que www.exustiza.es sexa a canle de comunicación na rede entre os cidadáns e a xustiza e que poidan realizar os seus trámites electrónicos a través da futura sede xudicial electrónica.



Inclúense nel os seguintes servizos:

- **Presentación de demandas por investimentos en produtos financeiros:** Ferramenta para a presentación electrónica de demandas relativas á comercialización de produtos financeiros complexos (preferentes e subordinadas).
- **Directorio de órganos, institucións e recursos xudiciais:** Desde esta sección do portal os cidadáns poden atopar o directorio de órganos, institucións e recursos xudiciais de interese.
- **Axenda de sinalamentos.** Permite a consulta dos seguintes fitos na axenda:
 - » Xuízos en estado Sinalado, Suspendido e Continuación Xuízo.
 - » Outros tipos de actos que implican a presenza do interesado nas dependencias xudiciais ou fiscais para a realización dunha actuación ou, por excepción, do Fiscal ou do Secretario Xudicial:
 - » Para todos os órganos presentárase información dos xuízos, as vistas, as poxas de tipo 1 e as medidas cautelares.
 - » Adicionalmente, inclúense:
 - * Menores: audiencia.
 - * Mercantis: xunta de acredores.
 - * Audiencias provinciais: tribunal do xurado e xuízos rápidos.

As fontes de datos son as distintas axendas de Minerva de cada órgano xudicial.

1.6.7.- Publicación do Balance do Plan Senda2014

En 2014 elevouse ao Consello da Xunta e publicouse o balance de execución do «Primeiro plan de sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia. Senda2014», que recolle o resumo de actuacións do período 2010-2014, indicadores e orzamento executado.

O informe de execución é publico, e está dispoñible no espazo web da Amtega.


En 2015 elaborárase e publicárase o «Segundo plan de sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia. Senda2020».

1.6.8.- Centro de servizos aos usuarios da Administración de Xustiza. CSU

O Centro de Servizos aos usuarios é a canle de atención e soporte TIC para os usuarios das sedes xudiciais, fiscalías, Imelga, xulgados de paz, e os colectivos profesionais usuarios dos sistemas de información e medios TIC da Administración de Xustiza en Galicia.

Durante o ano 2014 atendéronse un total de 40.056 solicitudes de servizo, das que 15.800 corresponden a incidencias e 14.256 a peticións. A seguinte gráfica amosa a distribución mensual:

Solicitudes de servizo (Incidencias Peticións)



1.6.9.- Convenio para o desenvolvemento da Administración electrónica xudicial e o expediente xudicial electrónico

O 26 de abril de 2013 o Ministerio de Justicia, o Ministerio de Industria, Energía y Turismo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Entidad Pública Empresarial Red.es asinan o convenio de colaboración para a coordinación estratéxica e desenvolvemento de servizos avanzados no ámbito das tecnoloxías da información na Administración de Xustiza. As actividades que se inclúen no devandito convenio estrutúranse en dous eixes:

- **Expediente xudicial electrónico:** Actuacións encaixadas á implantación efectiva do expediente xudicial electrónico: mellorar a accesibilidade á información, reducir a circulación de papel, aumentar a axilidade, eficiencia, transparencia e sostibilidade na xestión.
- **Administración electrónica no eido xudicial:** Sede electrónica xudicial e compoñentes de Administración electrónica xudicial. Englobaranse neste eixe as actuacións necesarias para a implantación da sede xudicial electrónica e a habilitación na mesma de servizos electrónicos para os profesionais e a cidadanía.

Na execución deste convenio, durante o 2014 abordáronse as seguintes actividades:

- Evolución do sistema de gravación de vistas orais eFideliusV5.
- Implantación de compoñentes da Administración xudicial electrónica. Adaptación do portasinaturas dixital da Xunta de Galicia, para o seu uso pola Administración de Xustiza en Galicia.
- Deseño do repositorio centralizado de información xudicial e deseño da sede xudicial electrónica.
- Deseño da unidade de dixitalización e catalogación.

Nestas actuacións acadaranse fitos visibles e de implantación máis ampla en sedes xudiciais en 2015.





1.7.- Incorporación de solucións TIC no ámbito dos servizos sociais, programa eBenestar

A finalidade do programa eBenestar é a modernización da prestación de servizos sociais a través da transformación dos procesos e da carteira de servizos, facendo uso das ferramentas TIC. Este programa incide na mellora das ferramentas de traballo e dos sistemas de información que soportan tanto os procesos de xestión como os de toma de decisións, e no aumento do nivel de integración e compartición da información entre os distintos niveis asistenciais e de xestión involucrados na prestación de servizos sociais.

1.7.1.- Plan Trabe de modernización do Sistema Galego de Servizos Sociais

As principais actuacións levadas a cabo no 2014 dentro do Plan Trabe son:

- Desenvolvemento da historia social única (HSU) a partir da información dispoñible nos distintos sistemas de información de Benestar, en particular nesta primeira fase dos seguintes sistemas: SIGAD, PNC, RISGA, PGIS, CDI, SIUSS.
 - » Inclúe a creación do arquivo poboacional de Servizos Sociais, conectado coa tarxeta sanitaria, a consolidación da información proveniente dos sistemas referidos no punto anterior, e creación dunha primeira versión do visor da Historia Social.
 - » No aspecto normativo, salienta a aprobación en Consello de Goberno do acordo para a creación dunha base de datos poboacional socio-sanitaria e a regulación da historia social única, xunto coa elaboración dun primeiro borrador de Decreto de HSU.
- Adopción e potenciación de SIUSS como ferramenta de traballo principal en servizos sociais comunitarios:
 - » Realizada a revisión técnica de SIUSS, concluíndose a viabilidade do mantemento propio.
 - » Unha das liñas de proxecto da actuación actualmente en marcha no proxecto de HSU é a integración do sistema SIUSS na infraestrutura de HSU, incluíndo coma evolutivo inicial o soporte ao ISU de Dependencia e ao ISI de inclusión.
 - » En relación ao contexto normativo, sinala que se trasladou ao Ministerio o novo escenario desexado, con aceptación e valoración positiva pola súa parte.
- Desenvolvemento do sistema de información de xestión integral de centros residenciais de maiores e dependentes:
 - » A toma de requisitos e análise funcional realizada abrangueu as distintas tipoloxías de centros da área de Benestar da Consellería, incluíndo os do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Estase a piques de finalizar a análise funcional e a proposta do plan de proxectos a acometer.
 - » No escenario obxectivo inclúese a cobertura da funcionalidade relacionada coa asistencia clínica en residencias de maiores e centros de discapacitados de xestión pública a través do uso directo das ferramentas do Sergas.
- Desenvolvemento dun Sistema de información integral de menores, que inclúe os procedementos de Protección (ACM) e Infractores (XMI), Adopción, Protección (inclúe Acollemento familiar), e Xustiza Penal Xuvenil.
- Desenvolvemento dunha aplicación de xestión do proceso de admisión de escolas infantís / programa de Cheque infantil, que inclúe os procesos de admisión: solicitude, baremación, xeración de listas, matriculación; e de xestión do Cheque infantil; tanto na rede da Xunta coma na do Consorcio a través dun enfoque que soporta multirrede e multiconvocatoria.

1.7.2.- Mantemento dos sistema de información corporativos do ámbito de servizos sociais

Esta liña recolle as principais actuacións de evolución dos sistemas de información troncais do ámbito dos servizos sociais:

- Sistema de información de Dependencia (SIGAD):
 - » Adaptación á nova carteira de servizos e ao módulo de revisión automática da capacidade económica e cálculo do copagamento, e migración ao novo modelo de interoperabilidade do IMSERSO (sistema nSAAD).
- Sistemas de expediente dixital e VALORADORES:
 - » Adaptación de VALORADORES para o seu emprego en CDI.
 - » Adquisición de terminais para valoración en mobilidade.
 - » Incorporadas melloras e simplificacións na funcionalidade de clasificación en expediente dixital, como medidas para mellorar a relación entre o que se escanea e o que se procesa.
- Rexistro Unificado de Entidades e Programas de Servizos Sociais:
 - » Desenvolvemento dun novo módulo de Inspección (xestión de inspectores e da frota de vehículos, elaboración e seguimento do plan de inspección, módulo específico de inspección de RISGA e Emerxencia social, acceso ao módulo en mobilidade).
- Sistema de información PNC/RISGA - Pensións non Contributivas e rendas mínimas (RISGA):
 - » Adaptouse RISGA ás modificacións na tramitación requiridas pola nova lei, permitindo levar en paralelo expedientes por ambas.
 - » Abordáronse cambios en aspectos clave da tramitación, en particular na xestión de propostas.
 - » Melloras no rendemento das aplicacións.
- Sistema de información do PGISII - Plan Galego de Inclusión Social II:
 - » Atendidos aspectos de rendemento da aplicación na fase de pico de uso asociada ao peche da convocatoria de axudas.
- Sistema de Información do Plan Concertado:
 - » Como evolutivos máis relevantes cómpre citar a incorporación da xestión de persoal compartido por agrupacións, mancomunidades ou diferentes concellos, e a integración con RUEPSS para a información de centros
- SGAMP - Sistema de información do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia (plataforma tecnolóxica do servizo 065).
 - » Posta en marcha dunha nova versión de SGAMP adaptada ao novo escenario e modelo de prestación de servizos que acompaña os novos contratos coas entidades de transporte, que arrancou en marzo deste ano, cun planificador automático de rutas.
 - » Distribución na totalidade dos vehículos (65) das tabletas do novo modelo baseado en tabletas con S.O Android que non require instalación no vehículo.
 - » Incorporación de capacidades de explotación dos datos: informes mensual e anual.
- Sistema de tramitación do procedemento de recoñecemento da situación de discapacidade (CDI).
 - » Implantación no primeiro trimestre na totalidade dos evolutivos, e soporte á migración de datos do sistema anterior.
 - » Desenvolvemento de servizo web requirido polo Ministerio para prover un servizo a nivel nacional de consulta da situación de discapacidade, xunto cunha versión específica para Galicia do servizo anterior, para facilitar en Sede o autoconsumo do certificado de discapacidade. E cumprimento coa AEAT da obriga de enviar ficheiro con datos de discapacitados e familia numerosa para a implantación de deducións na declaración da renda aprobadas recentemente (modelo 990).

1.7.3.- Ademais...

- Implantación dun módulo de xestión de traballo a quen-
das no ámbito de centros de Benestar.
- Implantación de IANUS en residencias de maiores e
discapacitados.
- Implantación en residencias do copagamento farmacéutico.
- Desenvolvemento dun portal de axudas técnicas.
- Soporte e equipamento en Centros de Benestar:
Especialmente relevante no 2014 foron as actuacións de
mellora do equipamento e do soporte en centros:
 - » No caso do equipamento, iniciouse un proxecto de
renovación de equipamento nos centros de Benestar
en colaboración con Red.es, que suporá a dota-
ción de preto de 1.250 ordenadores persoais e 150
impresoras, ao longo do primeiro semestre do 2015.
 - » Tamén se abordou a adquisición de servidores para
as residencias.
 - » No tocante ao soporte a usuarios, púxose en mar-
cha o novo CAU periférico, no que se integra o
anterior CAU social, e dende onde se atende en
primeiro nivel os centros de Benestar.





1.8.- Modernización dos sistemas de información relacionados co emprego, coa formación e co fomento da contratación

Este programa persegue o aproveitamento das posibilidades das TIC para a mellora da xestión e a eficacia das políticas activas de emprego.

1.8.1.- Mantemento, operativa e evolución dos sistemas corporativos de intermediación laboral e orientación laboral

Durante o 2014 cumpríronse todos os obxectivos SISPE, entregando todos os desenvolvementos en prazo para a súa posta en produción.

É de destacar que se mellorou o rendemento dos sistemas baseados na arquitectura de integración mediante BUS ao facer una revisión máis en profundidade do código entregado e erradicando as malas prácticas que as licitadoras empregaban e retardaban o BUS.

Por outra parte, mellorouse a comunicación co cidadán integrando as notificacións nos dispositivos móbiles en MOBEM. Isto supón que diariamente se emite unha mensaxe de aviso de renovación da demanda aos cidadáns que deben renovar. Cómpre destacar que o módulo de notificación é un módulo horizontal que pode empregar calquera aplicación móbil da Xunta.

Por outra parte, rematouse o desenvolvemento da axenda do desempregado, que está xa preparada para a súa posta en produción.

No tocante ao sistema de orientación laboral ao longo do 2014 desenvolveuse un novo sistema, que esta previsto que entre en produción en febreiro de 2015, abandonando as arquitecturas «tradicionais» e migrando a unha aplicación 100 % SOA, adecuándose así aos requirimentos do PAPE do 2015.

1.8.2.- Desenvolvemento do sistema de información de formación para o emprego

No tocante ao desenvolvemento do sistema de información de formación para o emprego, que inclúe a xestión das convocatorias, a xestión do alumnado, a xestión económica e a integración coa área de demandantes e o SEPE, no 2014 avanzouse no desenvolvemento do módulo de xestión económica, que entrou en produción a través dunha proba en real con varias entidades para avaliar o seu comportamento.

1.8.3.- Mantemento da dispoñibilidade das oficinas de emprego

Nas oficinas de emprego deuse continuidade ao traballo que leva a ter unha baixa taxa de avarías, tanto nos terminais (inferior ao 0,5 % anual) como nos servidores (inferior ao 2 %) e unha importante redución de consumo enerxético (30 KW hora/ano fronte aos 137 KW hora/ano dunha solución convencional).

1.8.4.- Ademais...

- Explotación e obtención dos datos mensuais e diarios da evolución do mercado laboral nos aspectos de desemprego e evolución da contratación. Creación de cadros de mando en dispositivos móbiles.
- Desenvolvemento do sistema de información de xestión do rexistro de cooperativas.
- Desenvolvemento do sistema de información para o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia.
- Desenvolvemento do sistema de información para a apertura de centros de traballo.



1.9.- Modernización dos sistemas de información relacionados coa xestión académica no sistema educativo

Este programa posibilitará a modernización dos sistemas de información relacionados coa xestión académica e educativa dos centros educativos. Dita modernización permitirá unha mellora na calidade dos servizos, tanto na xestión, na toma de decisións, como no referido á información e servizos ofrecidos aos usuarios; mellorando tanto a explotación como a xestión da información en poder da Administración.

1.9.1.- Mantemento, operativa e evolución dos sistemas de información corporativos do sistema educativo

- Adaptacións do sistema de xestión administrativa das ensinanzas XADE á xestión académica, á LOMCE e incorporación da FP básica e as probas libres de Bacharelato, xunto coa incorporación da xestión académica de idiomas a través dos centros plurilingües e seccións bilingües. Na xestión dos programas educativos incorporouse a xestión das solicitudes de seccións bilingües e CUALE.
- No ámbito de persoal, adaptación á sinatura electrónica desatendida de practicamente todos os documentos do profesorado (con 118.928 documentos asinados dixitalmente), e desenvolvemento do cálculo automático de sexenios. Idéntico uso da sinatura dixital na resolución das habilitacións da convocatoria de FP do 2012, e na convocatoria da acreditación de competencias de 2014.
- No ámbito de universidades, posta en marcha dos servizos web de intercambio de información entre o sistema NERTA e as universidades.
- Adaptación de multitude de sistemas á nova lei orgánica de educación (LOMCE): TRANSPORTEESCOLAR, DRD / DRDESPE / DRDADI / DRDRESPE / DRDORIENTA, PROGRAMACIONES, HABILITACIONES.
- No ámbito de centros, desenvolvemento da nova funcionalidade de áreas de influencia por centro educativo, e desenvolvemento dunha nova aplicación para a xestión das devolucións de axudas para a adquisición de libros de texto.
- Desenvolveuse unha nova funcionalidade de comprobación de datos de renda con intercambio de ficheiros coa AEAT na xestión dos comedores escolares no curso 2014. O novo sistema axiliza a revisión das solicitudes, o que

permitted detectar 597 declaracións incorrectas por un importe de 193.601.

- No ámbito dos sistemas para o inventario da dotación dos centros, desenvóléronse nos sistemas implicados (INVENTARIO, DOTACIONCENTROS e ALMACEN) multitude de funcionalidades: deseño dun modelo de artigos que soporte os diferentes catálogos de artigos mantidos pola Consellería, desenvolvemento da funcionalidade para xestión do inventario de centros, con posibilidade de vinculación aos catálogos oficiais de artigos, xestión do fluxo de dotación de centros de Formación Profesional, posta en produción dos módulos de ficha de centro e de xestión de obras en centros, desenvolvemento dunha aplicación completa para xestión de almacén segundo os estándares técnicos da Consellería.
- No ámbito da formación do profesorado a distancia, púxose en funcionamento a nova plataforma baseada en Moodle 2.6 con integración dos cursos do servizo de formación do profesorado.

1.9.2.- Soporte e atención tecnolóxica aos centros educativos públicos

Os centros educativos de ensino non universitario e os usuarios de sistemas de información e tecnoloxías dos devanditos centros teñen á súa disposición servizos de atención presencial e remota en ámbitos como: soporte á implantación e uso das aplicacións e sistemas corporativos, soporte aos procesos educativos apoiados en sistemas ou tecnoloxías, mantemento de sistemas, elementos de comunicación e equipamentos corporativos, etc.

Ao longo de 2014 houbo 78.302 chamadas atendidas, 59.669 tickets de incidencias atendidas cun nivel de chamadas atendidas superior ao 95 %.

1.9.3.- Implantación dun sistema de análise da información educativa e soporte á toma de decisións

No 2014 continuouse coa pilotaxe desta ferramenta de intelixencia de negocio que permite a distintos actores a explotación e análise dos datos estatísticos do ámbito da Educación. En particular, púxose en marcha o sistema, coa inclusión de novos cubos dependentes de Xade OLTP, a inclusión de informes predefinidos solicitados pola unidade estatística, e a validación do ciclo completo de recollida de datos.

1.9.4.- Implantación dun sistema de xestión centralizada da admisión a ensinos regrados (Infantil, Primaria, Secundaria)

O desenvolvemento deste sistema aborda a definición dun modelo unificado e homoxéneo de admisión de alumnos nas ensinanzas reguladas de Infantil, Primaria e Secundaria.

Unha vez realizada a análise dos requisitos para o desenvolvemento dun novo sistema de xestión centralizada da admisión a ensinos regrados (Infantil, Primaria, Secundaria), no 2014 traballouse no desenvolvemento do sistema, con posta en produción estimada para o primeiro trimestre de 2015.

1.9.5.- Desenvolvemento dun sistema de xestión das convocatorias de axudas á promoción científica e tecnolóxica universitaria

Trátase do desenvolvemento dun sistema de tramitación de axudas á promoción científica e tecnolóxica universitaria. Durante o 2014 traballouse na toma de requisitos coa unidade de negocio responsable e, segundo a estes requisitos, no desenvolvemento do sistema, con posta en produción estimada para comezos de 2015.

1.9.6.- Desenvolvemento dun sistema de xestión das necesidades específicas de atención educativa

Trátase do desenvolvemento dun sistema de información que xestione as solicitudes de autorización especiais para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para flexibilizacións da duración do período de escolarización.

Durante o 2014 traballouse na toma de requisitos coa unidade de negocio responsable e, segundo estes requisitos, iniciouse o desenvolvemento do sistema, con posta en produción estimada para mediados de 2015.





Obxectivo 2: Administración eficiente



2.2.- Consolidación e homoxeneización da infraestrutura

Este programa comprende a consolidación e centralización de infraestruturas, así como a identificación e implantación de ferramentas corporativas comúns que permitan aforrar custos de mantemento e alcanzar economías de escala. Ademais persegue a modernización e consolidación da infraestrutura de soporte e atención ás persoas usuarias (CAU) e a evolución e administración do posto de traballo.

Neste eido, no ámbito de xestión da Amtega conflúen neste intre varias circunstancias que fan aínda máis necesaria unha revisión e plan de acción a curto e medio prazo nestes ámbitos:

- A posta en marcha de distintos plans de desenvolvemento de servizos públicos dixitais orientados a ofrecer uns servizos públicos dixitais de calidade, dentro da estratexia dixital da Administración autonómica para un mellor funcionamento na súa relación coa cidadanía e co sector empresarial e industrial.
- O proceso de integración da xestión dos medios TIC nun órgano único coa creación da Amtega significou aglutinar un parque de postos de traballo moi heteroxéneo, disperso e con diferentes graos de obsolescencia e adecuación ás necesidades de uso. Debe abordarse un proceso xeral de homoxeneización e consolidación de infraestruturas e de procedementos, que permitise tamén aforrar custos de mantemento e acadar economías de escala, na prestación do servizo TIC relativo aos medios no propio posto de traballo.

Antes de detallar as actividades desenvoltas ao abeiro deste programa, e respecto á planificación e estratexia corporativa no eido do posto de traballo, cabe destacar no 2014 a elaboración e aprobación do «Plan de acción 2015 de dotación e xestión sustentable de medios no posto de traballo para a prestación dos servizos públicos dixitais a cidadáns e empresas», documento que recolle tanto as iniciativas que a Amtega xa desenvolveu neste eido nos últimos tempos, coma as accións de evolución previstas no curto e medio prazo, conformando no seu conxunto o modelo de definición, dotación e xestión do posto de traballo dixital corporativo na Xunta de Galicia.

2.2.1.- Xestión unificada do posto de traballo.

Co obxecto de acadar unha xestión unificada, sustentable e adecuada ao desempeño da actividade, executáronse no 2014 as seguintes accións:

- Finalizado o inventario do parque ofimático correspondente ás áreas administrativas da Xunta de Galicia.
- Unificación das ferramentas de xestión do posto de traballo. Implantación da nova solución corporativa de xestión do posto de traballo baseada na solución Altiris Management Suite (inclúe funcións de soporte remoto, inventario por autodescubrimiento, despregamento de actualizacións de software). Esta solución integral responde ao obxectivo de unificación dos criterios de xestión do parque ofimático atendido dende a Amtega.
- Deseño de maquetas de referencia: tendo en conta os diferentes escenarios identificados na Xunta de Galicia, e outros condicionantes tecnolóxicos (arquitectura 32/64 bits, software libre/propietario), concretouse a definición das maquetas corporativas (6), que se utilizarán como punto de partida para homoxeneizar a configuración dos postos de traballo, tendo en conta as necesidades específicas de cada tipoloxía de usuario.

2.2.2.- Renovación do posto de traballo

Respecto da renovación de equipamento, iniciáronse diferentes proxectos para acadar o obxectivo de renovar un mínimo de 4.000 equipos, proxectos que acumularon certo atraso. Acadouose xa a renovación efectiva duns 800 equipos, e déronse os pasos necesarios para que se complete e amplíe a renovación de ata 7.000 postos máis, xa no ano 2015.

En canto aos postos renovados, esta foi a distribución:

ÁMBITO	NÚMERO DE POSTOS
SERVIZOS CENTRAIS – SANTIAGO DE COMPOSTELA	184
DELEGACIÓN DA CORUÑA	100
DELEGACIÓN DE LUGO	76
DELEGACIÓN DE OURENSE	75
DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA	60
OUTROS CENTROS ADMINISTRATIVOS PERIFÉRICOS	58
DELEGACIÓN DE VIGO	50
CENTROS PÚBLICOS DA REDE DE CENTROS DE BENESTAR	203
TOTAL	806

En canto ás actividades iniciadas cara ao 2015, e dado o volume de necesidades detectado, procedeuse a estruturar varios proxectos dirixidos a cubrir varios escenarios. Da meirande parte deles abordouse en 2014 a fase de deseño e inicio do procedemento administrativo, e será no 2015 cando se faga a dotación efectiva:

- Dotación de medios de posto de traballo nun total de 99 centros públicos da rede de centros de Benestar, enmarcado no Plan Trabe (no marco do Plan e-Benestar) de dixitalización dos servizos sociais, a través da execución dun convenio con Red.es. Neste proxecto instaláronse no 2014 un total de 203 ordenadores, estando prevista a instalación do resto do equipamento no primeiro semestre de 2015, ata completar unha dotación final de 1.145 ordenadores persoais e 148 impresoras en rede.
- Dotación de medios adecuados en centros de formación xestionados pola Xunta de Galicia, tanto para uso directo da cidadanía (Rede de aulas CeMIT, Escola do Instituto Galego de Consumo) coma dos empregados públicos (EGAP), ou para a formación de profesionais en sectores concretos (Academia Galega de Seguridade - AGASP, Centro Superior de Hostalería de Galicia – CSHG, Centro

de Novas Tecnoloxías de Galicia - CNTG). Estímase unha dotación de 410 postos en aulas e 35 postos móbiles.

- Dotación de medios de posto de traballo en centros administrativos, acompañando a posta en marcha de sistemas de desenvolvemento de administración electrónica ou de xestión dixital de servizos públicos. Estímase unha dotación adicional de 2.000 postos distribuídos en centros administrativos e de prestación de servizos de toda a xeografía galega, e en función da necesidade identificada na posta en marcha de proxectos, dunha nova fase de ampliación do parque ofimático.

2.2.3.- Rede de videoconferencia

A implantación dunha rede de videoconferencia nos centros administrativos da Xunta de Galicia, e outros centros dependentes, permitirá abrir novas vías de mellora dos servizos públicos, ao xurdir a posibilidade de ofrecer o uso destas novas infraestruturas non só ao persoal da Administración, senón tamén para facilitar aos propios cidadáns a resolución de determinados trámites administrativos.

Abordouse o deseño da rede de videoconferencia na sede central e nas delegacións territoriais da Xunta de Galicia, que inclúe distintas solucións de videoconferencia, tanto en equipos persoais coma en equipos móbiles ou fixos en salóns de actos. Procedeuse á licitación da rede, que incluírá a dotación de 9 salóns de actos principais nas distintas delegacións da Xunta de Galicia, de 13 equipos de sala, e de 33 equipos portátiles para usos múltiples en diversas unidades da Xunta de Galicia.

2.2.4.- Plan de migración a software libre

Abordouse a preparación do plan de migración a software libre:

- Deseño das tarefas do plan de migración, realizadas no contexto do «Convenio coa Asociación de Empresas Galegas de Software Libre para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción do software libre e de fontes abertas e o uso de estándares abertos en Galicia».
- Definición coa EGAP do plan de formación do software ofimático LibreOffice como parte inicial imprescindible da posta en marcha do plan de migración.
- Definición da estratexia técnica de integración nas maquetas corporativas e apagamento do produto ofimático.
- Identificación das unidades piloto para a execución progresiva do plan.

2.2.5.- Centro de atención ás persoas usuarias (CAU)

Nun contexto dunha cada vez maior presenza das TIC no desempeño da actividade, resulta cada vez máis relevante a dotación dun servizo de atención ás persoas usuarias adecuado e suficiente. O escenario de partida de diferentes CAUs sectoriais esixía a concentración en menos grupos mellor dotados para asegurar unha mellor prestación do servizo.

A prestación deste servizo estrutúrase fundamentalmente en 4 grandes grupos de atención:

- CAU central (ámbito administrativo).
- CAU periférico (centros de prestación de servizos non situados nos centros administrativos).
- CAU de Educación (centros educativos).
- CSU de Xustiza (Administración de Xustiza en Galicia).


Existen adicionalmente algúns grupos de atención especializados en sectores específicos.

Neste apartado referirémonos ao CAU central e ao CAU periférico, este último creado en 2014:

- O CAU central ten como ámbito de actuación básico os usuarios dos edificios administrativos principais da Xunta de Galicia, e outros ámbitos, principalmente administrativos, non cubertos polos outros CAUs especializados existentes na Xunta de Galicia. Durante o 2014 rexistrouse un crecemento de máis do 18 % no número total de contactos xestionados polo CAU, mantendo en todo caso a calidade do servizo prestado e incluso mellorando varios dos principais indicadores asociados.

Pode destacarse coma exemplo o incremento nun 25 % do número de incidencias resoltas en primeiro nivel en menos de 5 minutos, e a valoración media do servizo de 8,3 sobre 10, resultado dun total de 227 enquisas feitas a usuarios directos do servizo. No proceso de reorganización e concentración deste tipo de servizos, cabe destacar no 2014 a plena integración neste CAU do anterior CAU CMATI, cun impacto mínimo nos usuarios.

Contactos co CAU central



Teléfono [61 %] Correo [29 %] Fax [10 %]

- En novembro de 2014 púxose en marcha o CAU periférico, que concentra a actividade ofrecida ata ese momento por distintos CAUs sectoriais, e actúa como punto de contacto para a xestión e resolución de incidencias e peticións das persoas usuarias dos sistemas de información e medios TIC, en ámbitos fundamentalmente non administrativos, que non quedan cubertos polo CAU central. Na actualidade é o punto de contacto para os usuarios dos seguintes ámbitos:
- Rede galega de centros de iniciativa pública do ámbito de Benestar:
 - » Residencias de maiores (19)
 - » Centros de persoas con discapacidade (4)
 - » Centros de menores (5)
 - » Centros sociocomunitarios (44)
 - » Escolas infantís (25)
 - » Centros de xuventude (casas de xuventude, albergues xuvenís...) (2)
 - » Puntos de encontro familiar (PEF) (7)
- Rede de bibliotecas públicas de Galicia dependente da Secretaría Xeral de Cultura, Subdirección Xeral de Bibliotecas (6 bibliotecas nodais).
- Rede de bibliotecas públicas municipais e escolares de Galicia (máis de 1.500).
- Rede de arquivos (6) dependente da Secretaría Xeral de Cultura, Subdirección Xeral de Arquivos.

- Rede de museos (8) dependente da Secretaría Xeral de Cultura, Dirección Xeral de Patrimonio.
- Servizo 012. Incidencias no uso da Sede electrónica, naqueles casos que pola natureza técnica da consulta son derivadas do servizo 012.
- Comunidades galegas no exterior, canalizadas a través da S.X. de Emigración. Fundamentalmente no uso do Rexistro de Galeguidade por parte das comunidades do exterior.
- Asociacións de profesionais no uso dos sistemas de administración electrónica: asociacións de sectores industriais.
- Entidades locais, soporte e atención aos concellos de Galicia.

2.2.6.- Consolidación e homoxeneización da infraestrutura

Durante o 2014 continuouse o proceso de consolidación e homoxeneización da infraestrutura tecnolóxica mediante o traslado de CPDs ao novo Centro de Procesos de Datos Integral (CPDi) da Xunta de Galicia e a consolidación de sistemas e plataformas, conseguindo migrar o 54,17 % dos CPDs incluídos no proxecto.

Alcanzáronse os seguintes resultados:

	% DE CPDs TRASLADADOS
CPDs EN PROXECTO	54,17 %
CPDs INTEGRADOS EN AMTEGA	85,19 %
CPDs NON INTEGRADOS EN AMTEGA	14,29 %

Tamén durante este ano iniciouse a licitación de equipamento para a mellora da redundancia do CPDi, tanto no referente ao sistema de refrixeración como no referente ao incremento de capacidade do sistema de subministración eléctrica redundante (grupo electrógeno e SAIs), de xeito que sexan capaces de garantir a dispoñibilidade dos servizos aloxados no CPDi a plena carga ante caídas da rede eléctrica.

A consolidación da infraestrutura tecnolóxica e de soporte iniciada en anos anteriores permitiu manter a redución de entre un 25 % e un 30 % do custo dos contratos de mantemento e adquisición de novos sistemas e software.

Durante o ano 2014 executáronse varias actuacións encamiñadas a garantir maior seguridade e dispoñibilidade tanto da información como dos servizos TIC, reforzando a infraestrutura do CPD de Apoio.

- Púxose en funcionamento unha nova infraestrutura na malla troncal da RCXG para xerar un nivel maior de dispoñibilidade e seguridade dos servizos ofrecidos dende o Centro de Proceso de Datos Integral, sito na Cidade da Cultura, e o Centro de Proceso de Datos de Apoio, sito no complexo administrativo de San Caetano.
- Ampliouse a capacidade de transmisión entre o CPDi e o Centro de Proceso de Datos de Apoio de San Caetano co obxecto de dispor do largo de banda suficiente para atender os requirimentos dos servidores, sistemas de almacenamento, de apoio, etc.
- O almacenamento dos principais sistemas de información da Xunta de Galicia tense replicado de forma síncrona no CPD de Apoio, de forma que ante unha catástrofe no CPDi, non se perderían os datos por estar apoiados noutro CPD.

2.2.7.- Ampliación dos sistemas de almacenamento

Subministración de importantes ampliacións de sistemas de almacenamento existentes na Xunta de Galicia coa finalidade de dimensionalos adecuadamente aos procesos de consolidación e homoxeneización, permitindo a replicación de datos entre o CPD Integral e o CPD de Apoio.

2.2.8.- Adquisición de hardware para o CPD corporativo da Xunta de Galicia

Neste ámbito realizáronse varias actuacións tanto para a mellora dos servizos correspondentes a sistemas críticos (a mellora dos servizos nos centros sociosanitarios, e outros centros) como para a consolidación de servizos nos centros de proceso de datos da Xunta de Galicia, de xeito que o progresivo proceso de traslado de infraestruturas ao Centro de Proceso de Datos Integral se aliñe tamén cunha progresiva dotación de infraestruturas de servidores que permitan a ulterior centralización dos servizos sobre plataformas transversais actualizadas e máis eficientes.

2.2.9.- Consolidación do mantemento da infraestrutura hardware existente nos centros de proceso de datos dependentes da Xunta de Galicia

Continuouse coa xestión do servizo unificado e consolidado para o mantemento da infraestrutura hardware existente nos centros de proceso de datos dependentes da Xunta de Galicia. Están incluídas todas as intervencións necesarias para a resolución de incidencias e avarías para garantir o bo funcionamento da infraestrutura.

O servizo de mantemento inclúe todos os elementos hardware recollidos no inventario de equipamento, así como todos os compoñentes existentes na súa configuración (discos internos ou externos, memorias, placas, controladoras, fontes de alimentación, etc.).

A finais de 2014 este servizo consolidado inclúe os seguintes equipamentos:

- 1.445 servidores.
- 154 sistemas de almacenamento.
- 54 switches fibre channel.
- 11 librerías de cintas.

Tamén se continuou no 2014 co mantemento da infraestrutura básica do CPDi (sistema de climatización, sistema eléctrico, grupo electrógeno...).

2.2.10.- Ademais...

Dentro das accións iniciadas no proceso xeral de homoxeneización e consolidación de servizos e de procedementos ofrecidos pola Amtega, abórdase a necesidade de contar cun sistema común para a xestión da atención ás persoas usuarias. Nese contexto no ano 2014 licitouse a análise, desenvolvemento, implantación, parametrización e formación no uso dunha ferramenta ITSM para a xestión dos servizos TI na organización, que entre outras cousas permita rexistrar e xestionar axeitadamente todas as incidencias e peticións de servizo recibidas na Amtega a través dos centros de atención ás persoas usuarias, dando soporte aos procesos ITIL definidos a tal efecto. Durante o 2015 abordarase a implantación dunha ferramenta ITSM común, así coma a implantación dos formularios da intranet para auto-provisión de servizos TIC, ou a evolución e adaptación dos procesos ITIL existentes na Amtega.




2.3.- Interoperabilidade e homoxeneización de plataformas tecnolóxicas

As actuacións realizadas en 2014 relacionadas co incremento e homoxeneización dos sistemas de plataforma base recóllense no obxectivo operativo «2.4.- Implantación dunha xestión eficaz do gasto TIC», xa que tamén teñen relación directa con ese obxectivo.

As actuacións realizadas en 2014 relacionadas coa identificación e implantación progresiva da arquitectura corporativa recóllense no obxectivo operativo «2.5.- Mellora da calidade dos servizos prestados», xa que tamén teñen relación directa con ese obxectivo.

As actuacións realizadas en 2014 relacionadas coa homoxeneización dos medios no posto de traballo, recóllense no obxectivo operativo «2.1.- Consolidación e homoxeneización de infraestruturas», xa que tamén teñen relación directa con ese obxectivo.





2.4.- Implantación dunha xestión eficaz do gasto TIC

A finalidade deste plan é a centralización de compras de activos e de servizos TIC, a consolidación de contratos en servizos agregados de volume, e a monitoraxe económica de demandas, subministracións e medición.

Neste contexto de aforro inclúese tamén a substitución paulatina do modelo tradicional de adquisición de medios TIC por modelos de arrendamento con opción de compra.

2.4.1.- Unificación dos sistemas de xestión de posto de traballo e de contratos de prestación de servizo aos usuarios.

Como xa se mencionou noutros apartados deste informe, durante o 2014 xestionouse de xeito corporativo a adquisición de:

- Unificación da contratación de licenzas en diversos elementos do catálogo de software básico de posto de traballo.
- Ferramentas de posto de traballo (antivirus, ferramenta de descubrimento, xestión remota, distribución de software).
- Ferramentas especializadas (para sistemas de información xeográfica).
- Contratación de servizos de atención aos usuarios unificado no contexto do CAU periférico.

2.4.2.- Administración de sistemas

Durante o ano 2014 continuáronse as actividades de administración, operación e mantemento da infraestrutura tecnolóxica que dá servizo ás aplicacións desenvolvidas pola Amtega.

2.4.3.- Soporte e mantemento de software base de servidor.

Durante o ano 2014 continuouse co soporte, mantemento e actualización de todas as licenzas de software de base de servidor da Amtega, integrados en contratos corporativos, o que repercute en melloras derivadas das economías de escala.

2.4.4.- Contratación dun xestor documental

Contratación dun sistema de xestión documental para os seguintes ámbitos de aplicación:

- Dixitalización de expedientes xudiciais.
- Rexistro xeral.

O sistema permite a xestión do ciclo de vida da información (ILM) en modo clúster de alta dispoñibilidade activo-activo e balanceo de carga para un número ilimitado de servidores. Incorpora ademais a posibilidade de replicación e transferencia entre repositorios, permitindo a distribución xeográfica dos almacéns físicos, así como a integración baseada en servizos web estándares e compatibles cos frameworks de desenvolvemento JEE e .NET.

2.4.5.- Contratación dun sistema de procura de documentos

Contratación dun sistema de procura de documentos para continuar o servizo actualmente en funcionamento nos portais da Xunta de Galicia, e que permite consultar todo o contido da organización mediante unha única plataforma tecnolóxica.

- Capacidade de procura en intranets, servidores web, portais, sistemas de ficheiros compartidos, bases de datos, sistemas de xestión de contido e datos en tempo real.
- Acceso a aplicacións en tempo real tales como sistemas de ERP, CRM e BI.
- Integración cos sistemas existentes de seguridade e control de acceso para proporcionar protección aos documentos.
- Compatibilidade con varios mecanismos de autenticación e de inicio de sesión único, tales como Kerberos, LDAP4, autenticación básica e NTLM5, autenticación PKI6 con certificados X.509 e autenticación integrada sobre plataforma Microsoft Windows.
- Integración de hardware e software nunha única plataforma integral que simplifica a xestión e administración do sistema de procura.

</> 2.5.- Mellora da calidade dos servizos prestados

Con este plan trátase de normalizar e institucionalizar o modelo de desenvolvemento de aplicacións a través da definición de normativas de calidade, estándares e dunha única metodoloxía corporativa.

2.5.1.- Calidade

Realizáronse as seguintes tarefas relacionadas co fomento da normalización na Amtega:

- Fíxose unha reestruturación do portal web XuntaTIC. Elaborouse o procedemento que regula a publicación de documentación no portal.
- Elaborouse unha proposta de organización lóxica das carpetas no servidor de ficheiros das diferentes áreas da Axencia.
- Púxose en marcha un rexistro de acordos de confidencialidade e elaborouse un procedemento que regula a entrega dos mesmos.
- Documentouse a estrutura da Amtega e os servizos ofrecidos por esta en cada un dos departamentos
- Xerouse unha nova versión evolucionada do procedemento de alta de proxectos.
- Realizouse unha proposta de revisión do procedemento de xestión de usuarios.
- Elaborouse unha proposta de procedemento de notificación de intervencións, para o ámbito Amtega.
- Xerouse un procedemento para a xestión do repositorio da documentación dos proxectos.
- Elaborouse unha instrución sobre a sinatura de correos no ámbito de Amtega.
- Elaborouse unha guía de nomenclatura xeral dos elementos TIC na Amtega.
- Elaborouse unha proposta para o rexistro e publicación das peticións de servizo ás diferentes áreas da Amtega en XuntaTIC.
- Xerouse unha nova versión do procedemento de elaboración de formularios na Intranet, aliñando o CAU no proceso de revisión.
- Continuouse co mantemento dos modelos de documentación corporativos. Fíxose unha proposta de evolución da instrución de uso e mantemento de ditos modelos.

2.5.2.- Arquitecturas tecnolóxicas

Consolidouse a nova liña de traballo para mellorar o control da calidade da documentación técnica xerada e o software desenvolvido na Amtega.

Leváronse a cabo revisións técnicas dos novos proxectos da Amtega, especialmente da arquitectura técnica.

Dende a posta en marcha dos procedementos, revisáronse as publicacións e os novos desenvolvementos de aplicacións: 63 novos proxectos tramitados no 2014.

- 30 proxectos para revisar polo procedemento de desenvolvemento convencional. Revisadas 63 etapas.
- 24 proxectos para revisar polo procedemento de desenvolvemento áxil. Revisadas 39 etapas.
- 9 novos proxectos para revisar polo procedemento de adquisición. Revisadas 10 etapas.

Tamén é de destacar a definición durante o ano 2014 da definición dunha arquitectura tecnolóxica de referencia para o desenvolvemento de aplicacións na Amtega.

Outras tarefas de relevancia destacadas neste ámbito durante o ano 2014 son as seguintes:

- Elaboración e posta en marcha de novos procedementos de desenvolvemento: reducido, xeral e de adquisición.
- Posta en marcha do novo procedemento de publicación de aplicacións.
- Elaboración de estándares técnicos básicos no ámbito da arquitectura e desenvolvemento de aplicacións.
- Definición do contorno corporativo para integración continua.
- Xestión da implantación de compoñentes transversais. Coordinación e seguimento da implantación da plataforma corporativa Amtega.
- Posta en marcha do Comité de Arquitectura de Aplicacións.
- Creación dun repositorio de compoñentes software transversal na Amtega.
- Colaboración coas áreas de Sistemas e Desenvolvemento na resolución de problemáticas relacionadas coas aplicacións.
- Avaliación técnica de ferramentas relacionadas coa arquitectura de desenvolvemento de aplicacións.
- Soporte de terceiro nivel.





2.6.- Instauración de políticas de seguridade da información

Con este programa preténdese reforzar a confianza da cidadanía nos procesos electrónicos realizados coa Administración e optimizar os gastos en seguridade adecuándoos aos riscos.

2.6.1.- Seguridade

No ámbito da seguridade realizáronse tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa da Xunta de Galicia e seguimento do cumprimento normativo en materia de protección de datos de carácter persoal. Entre outras leváronse a cabo as seguintes iniciativas:

- Adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade. Elaborouse un plan de implantación, priorizado e con datas obxectivo das medidas básicas transversais esixidas polo ENS para sistemas de calquera nivel. En 2014 executouse parte dese plan e daráselle continuidade no ano 2015.
- Aprobación do Decreto de creación da Comisión de Seguridade e Goberno electrónico e a Subcomisión de Seguridade. Nestes novos órganos colexiados con competencia en materia de seguridade da información, presentáronse: proposta de política de seguridade da información da Xunta e a proposta de perfís que compoñan a Subcomisión de Seguridade.
 - » Creación do comité técnico de seguridade na Amtega.
- Levouse a cabo o seguimento do cumprimento normativo en materia de protección de datos persoais.
- Licitación da implantación dun sistema de xestión e correlación de logs para a adopción dun sistema que permita reforzar a seguridade lóxica dos sistemas de información da Amtega, permitindo unha auditoría eficaz dos eventos sospeitosos detectados na infraestrutura e nas aplicacións.
- Fíxéronse múltiples actuacións para a mellora da seguridade nos sistemas da Amtega.
 - » Seguridade de rede: revisión da arquitectura de rede para a mellora da seguridade, incorporación de novo equipamento de seguridade de rede e mellora da súa xestión e monitorización.
 - » Reforzo de políticas de seguridade en todos os ámbitos (posto cliente, seguridade física, etc.)

- Realizouse unha proposta de Plan director de seguridade TIC 2015-2020 que será elevada á Comisión de Seguridade e Goberno electrónico ao longo do ano 2015.
- Levouse a cabo a evolución das plataformas utilizadas na xestión da seguridade (antivirus, análise de vulnerabilidades, etc.)
- Atendéronse e xestionáronse os incidentes de seguridade producidos durante o 2014.
- Realizouse dende a Amtega unha estreita colaboración no mantemento da ISO 27002 para o FOGGA.
- Realización de auditorías e probas de intrusión, análise forense de equipos e outros aspectos de ciberseguridade
- Elaboración de políticas, procedementos e normas técnicas de seguridade: mantemento da normativa de seguridade e creación de novas normas (dispositivos móbiles, xestión certificados dixitais, etc)
- Análise de vulnerabilidades de aplicacións e servidores, para asegurar que non existen vulnerabilidades que poidan ser explotadas de xeito malicioso.
 - » No ano 2014 pasáronse 640 tests de vulnerabilidades en aplicacións, nos que nun 32 % dos casos encontráronse vulnerabilidades.
- Elaboración de material formativo en materia de seguridade da información.
- Xestión da plataforma de antivirus corporativa. Impulsouse a migración da configuración dos postos cliente dende a versión 11 á versión 12 e iniciouse a incorporación de novos ámbitos no servizo corporativo de antivirus.
- Realizáronse estudos de solucións tecnolóxicas no eido da seguridade de sistemas de información.
- Fíxose unha avaliación das implicacións da implantación dun centro de operacións de seguridade.

2.6.2.- Servizo de certificación

Durante o ano 2014 continuouse coa prestación do servizo de certificación electrónica a través da Fábrica Nacional de Moneda y Timbre. Este servizo proporciona os medios técnicos, administrativos e de seguridade necesarios para garantir a eficacia da emisión e recepción de comunicacións e documentos de carácter electrónico.



2.7.- Impulso ao software libre

Durante o ano 2014 a Amtega mantivo a súa aposta polo fomento e promoción do software libre e dos estándares abertos, tanto internamente na Administración pública como no sector empresarial e na sociedade en xeral. Esta aposta ten por obxectivo avanzar cara a un modelo produtivo máis sustentable e unha Administración máis eficiente e próxima á cidadanía, a través do software libre como ferramenta eficaz, viable e economicamente sustentable.

2.7.1.- Elaboración do Plan de Acción de Software Libre

O 30 de abril de 2014 a Amtega presentou o Plan de Acción de Software Libre para o ano 2014 no que se presentaban un total de 80 actuacións a desenvolver durante o ano, co obxectivo común de incrementar o uso e coñecemento do software libre por parte da sociedade, o sector empresarial e na propia Administración. Este plan viña acompañado do Balance de actuacións correspondente ao ano 2013, no que se recollían os principais logros acadados neste eido.

Na elaboración da Axenda Dixital galega 2020 estase incorporando o fomento do software libre e dos estándares abertos de forma transversal nas distintas liñas estratéxicas definidas. É dicir, o software libre non se concibe como un obxectivo per se senón como unha ferramenta que contribúe a acadar a consecución dos diferentes obxectivos naqueles eidos nos que ten demostrado ser unha solución eficiente, eficaz e economicamente sustentable. Está formulación está en consonancia non só coa Axenda Dixital Europea senón tamén coas iniciativas neste ámbito dende outras comunidades autónomas do Estado.

2.7.2.- Asesoramento sobre ferramentas libres para as necesidades TIC da Xunta de Galicia

Ao longo do 2014 a Oficina de Coordinación de Software Libre continuou prestando asesoramento en materia de software libre aos diferentes departamentos da Xunta de Galicia co fin de achegarlles informes sobre posibles solucións libres reutilizables que puideran cubrir as necesidades TIC detectadas, asesoramento en materia de licenciamento, así como en materia de reutilización de contidos.

A Oficina de Software Libre atendeu máis de 25 consultas, entre as que podemos destacar, por exemplo, o asesoramento en materia de uso de licenzas na reutilización de materiais, o estudo de alternativas para software de xestión de residencias sociosanitarias ou para a xestión de paquetería en Rexistro ou

asesoramento sobre a compatibilidade do software instalado na Rede CeMIT cos procedementos da e-Administración.

2.7.3.- Difusión das iniciativas da Xunta de Galicia no ámbito do software libre e identificación de casos de éxito en software libre doutras Administracións Públicas

Durante o 2014 fortaleceuse, por unha parte, a presenza de Galicia nos foros nacionais e internacionais do software libre e, pola outra, comezou a elaborarse un boletín de reutilización de periodicidade mensual, no que se recollen os casos de éxito de uso e reutilización de solucións libres por parte doutras Administracións. Este boletín distribúese entre todos os responsables TIC da Amtega.

Federación do Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia co Centro de Transferencia de Tecnoloxía estatal

Así no mes de abril, o Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia, albergado na Forxa de Mancomún, federouse co repositorio do Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT). O CTT é o directorio estatal de aplicacións reutilizables que o Estado pon á disposición de todas as Administracións para facilitar que estas poidan avaliar a existencia de posibles solucións reutilizables para o desenvolvemento de novos sistemas ou servizos, en cumprimento co Real Decreto 4/2010 que regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.

Grazas a isto incrementase a visibilidade das solucións liberadas pola Administración autonómica galega no resto do Estado.

Difusión a través do portal da Comisión Europea para a reutilización de software nas Administracións Públicas, JoinUP

A Amtega incrementou o contacto cos responsables do portal europeo da interoperabilidade e reutilización de software a fin de incrementar a visibilidade das nosas iniciativas a nivel europeo.

Así, este portal fíxose eco de diversas iniciativas promovidas ou apoiadas pola Amtega, como a publicación da Guía de boas prácticas para a Liberación de Publicacións da Xunta de Galicia⁽¹⁾, a publicación do Plan de Software Libre 2014⁽²⁾ cuxo

(1) <https://joinup.ec.europa.eu/community/osor/news/iberian-minority-language-groups-reach-out-open-source>

(2) <https://joinup.ec.europa.eu/community/osor/news/galicia-switch-first-1000-workstations-libre-office>

resumo executivo traduciuse ao inglés⁽³⁾, ou a celebración do I Encontro ibérico de tradutores de linguas minorizadas⁽⁴⁾.

Boletín de reutilización de software libre

Dende o mes de Agosto, elabórase mensualmente un boletín de reutilización de software libre, elaborado pola Oficina de Coordinación de Software Libre, no que se recollen novas de interese de uso de solucións libres noutras Administracións públicas, tanto estatais como europeas, proxectos de interese e casos de éxito destacables.

2.7.4.- Liberación de proxectos da Xunta de Galicia no Repositorio de Software Libre

Durante o ano 2014 a Oficina de Coordinación de Software Libre traballou na liberación de dúas novas aplicacións desenvolvidas para a Xunta de Galicia.

A primeira delas é XEA - Sistema de Xestión de Aulas da Rede CeMIT, liberado en colaboración con Fundetec, e a segunda é DESOURB, Xeoportal de indicadores territoriais (Desenvolvemento Sostible Urbano) liberado en colaboración coa Consellería de Medioambiente.

2.7.5. Formación e difusión de software libre á Cidadanía e ás pemes

Un ano máis a Amtega asinou convenios de colaboración para o impulso do software libre con diferentes asociacións e axentes do ecosistema galego do software libre: Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL), Consorcio Interuniversitario das Universidades Galegas (CIXUG), Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL), o Colexio Profesional de Enxeñería Informática de Galicia (CPEIG) e o Colexio Profesional de Enxeñería Técnica Informática de Galicia (CPETIG). Estes axentes realizaron un total de 98 actividades que achegaron o software libre a máis de 2.200 persoas.

Entre as actividades desenvolvidas podemos destacar, no caso das AGUSL, as VI Xornadas Hispanas de Usuarios do Software Estatístico R, que congregaron a máis de 100 persoas de todo o Estado; o I Encontro Ibérico de tradutores de linguas minorizadas, que despertou interese internacional contando coa presenza de Pascal Chevrel, o responsable de internacionalización de mozilla.org; a III Feira da Tecnoloxía Aberta, a OSHWDEM 2014 celebrada na Coruña, despertando novamente gran interese

entre o público; as XIII Xornadas Libres e o ciclo dos Sábados Libres na Altamar celebrado o último sábado de cada mes. No que respecta ás actividades desenvolvidas polo CIXUG, podemos destacar tamén o importante labor de formación en software libre cun total de 16 cursos ou seminarios nos que formaron a máis de 400 persoas.

A Amtega convocou un ano máis a VII edición do Premio ao Mellor Proxecto Fin de Grao con Software Libre, contando coa colaboración do CIXUG e as AGUSL. Presentáronse a concurso un total de 15 proxectos de variedade de áreas e temática. O gañador do premio foi o proxecto «Aplicativo de cálculo de rutas en transporte público con software libre» consistente no desenvolvemento dunha aplicación para Android, que realiza o cálculo de rutas combinando distintos medios de transporte público, a pé e en bicicleta co obxectivo de servir de ferramenta de busca das mellores rutas. O segundo premio foi para o proxecto «Sistema de gravación automática da emisión en directo dunha emisora de radio comunitaria con Software Libre» consistente nunha aplicación web para a xestión da programación dunha radio comunitaria, así como dun sistema de gravación e publicación automática das emisións.

O portal Mancomún continúa a ser un ano máis o punto de encontro e de comunicación sobre a actualidade do software libre en Galicia, ademais de ofrecer un conxunto integrado de servizos como son o Repositorio Documental de Software Libre, o Repositorio de Software Libre (a Forxa) ou as listas de correo.

Durante o ano 2014 publicáronse no portal Mancomún un total de 112 novas relacionadas co software libre, tanto relativas á comunidade local como internacional, casos de éxito e distintas iniciativas sobre software libre que se desenvolveron en Galicia dende distintos ámbitos: institucional, empresarial, educativo, voluntariado, etc. Este portal tivo 286.814 visitas con 58.639 visitantes distintos e un total de 1.011.359 de páxinas vistas.

Software libre na empresa

A finais de ano comezáronse a publicar no portal Mancomún artigos de difusión tecnolóxica co obxectivo de contribuír a paliar un dos principais problemas das nosas empresas á hora de implantar solucións tecnolóxicas con licenza libre: o descoñecemento das solucións existentes e a percepción da falta de provedores. Nestes artigos inclúese unha breve introdución a unha necesidade tecnolóxica das nosas pemes, a presentación dunha solución en software libre, para finalmente presentar as entrevistas cun ou máis casos de éxito de empresas galegas usuarias da solución, así como cos correspondentes provedores que lles achegaron dita solución.

A finais de agosto púxose en marcha o servizo do CDTIC Virtual. Trátase dun servizo a través do que se pon á disposición de

(3) <https://joinup.ec.europa.eu/community/osor/news/open-source-helps-galicia-modernise-government>

(4) <https://joinup.ec.europa.eu/community/osor/news/iberian-minority-language-groups-reach-out-open-source>

empresas e persoas usuarias a posibilidade de analizar e probar solucións empresariais libres aloxadas na nube de forma gratuíta durante un breve período de tempo. Durante este ano puxéronse á disposición da cidadanía dúas solucións:

OwnCloud, posta en funcionamento a finais de agosto. Trátase dunha das máis populares solucións de software libre que permite ás empresas crear a súa propia nube privada de almacenamento e compartición segura de ficheiros na nube, minimizando custos e garantindo a confidencialidade e seguridade dos datos. Este servizo está a ter unha moi boa acollida con aproximadamente unha media de 4 solicitudes ao mes dende a súa posta en funcionamento.

Xeshostal, posta en funcionamento no mes de decembro. Trátase dunha aplicación de xestión de establecementos hostaleiros que permite aos pequenos establecementos xestionar as súas reservas e facturas nunha base de datos ordenada de clientes; fixar e modificar os prezos das habitacións en función das súas características; obter informes de xestión e planificación semanais e/ou mensuais de limpeza, de datos de ocupación, etc.

Outro dos servizos postos en marcha este ano no CDTIC foi o servizo de consultas TIC, un servizo para resolver dúbidas ou cuestións vinculadas coas tecnoloxías da información e a comunicación de pemes e profesionais autónomos. A Oficina de Coordinación de Software Libre traballa conxuntamente co CDTIC para achegar asesoramento e referencias a solucións libres que cubran as necesidades expostas pola empresa ou profesional autónomo.

No que respecta ás actividades de difusión das vantaxes que o software libre ten para as pemes, a Oficina de Coordinación de Software Libre impartiu durante o 2014 3 seminarios de formación en materia de software libre no CDTIC dirixidos a persoal técnico de empresas:

- Xestión dun proxecto de software libre.
- Avaliación de proxectos libres para cubrir as necesidades TIC.
- Software libre e licenciamiento.

Finalmente cómpre destacar tamén a colaboración da Amtega coa XXVII Feira do Moble como parte da estratexia de achegamento das TIC e do software libre aos diferentes sectores empresariais galegos. Así mesmo, a Amtega participou tamén na celebración da primeira xornada técnica en Galicia sobre OpenNebula, unha alternativa en software libre para computación na nube.

2.7.6. Formación e difusión de software libre ao empregado público

Ademais da formación en materia de software libre impartida pola EGAP e pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, cabe destacar a Xornada de Difusión dos Servizos da Oficina de Software Libre á Comisión de Publicacións.

Ademais, publicouse a Guía de boas prácticas para a liberación de publicacións da Xunta de Galicia con licenza libre. Esta guía recolle boas prácticas que se recomendan seguir á hora de realizar publicacións da Xunta de Galicia.

Finalmente cómpre destacar a participación da Amtega na III Edición do Congreso de Software Libre organizado por IGACIENCIA, dirixido a docentes, onde se presentaron dúas charlas: Compartindo coñecemento con licenzas libres e Usos educativos da xeomática libre.



Obxectivo 3: Cidadanía dixital



3.1.- Transformación da educación a través da incorporación das TIC á escola, proxecto Abalar

O obxectivo principal deste programa é a mellora do sistema educativo a través da integración plena das TIC na práctica educativa, como motor dese proceso de modernización, cambio e mellora. Este programa posibilitará a modernización do sistema educativo, a mellora das capacidades TIC entre profesores e alumnos e a mellora da calidade na educación, o cal redundará nunha redución do fracaso escolar.

3.1.1.- Proxecto Abalar

A través deste proxecto perséguese a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia. Este plan busca converter os colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais (CED).

As principais actuacións realizadas en 2014 son:

- Instalación das aulas da fase V para completar un total de 2.282 aulas Abalar a 31/12/2014, e mantemento das aulas existentes.


Principais indicadores de estado do Proxecto Abalar

PARTICIPANTES NO PROXECTO		NÚMERO	%
CENTROS	PÚBLICOS	429 de 531	81 %
	CONCERTADOS	102 de 531	19 %
AULAS	PÚBLICAS	1.861 de 2.282	81 %
	CONCERTADAS	421 de 2.282	19 %
ALUMNADO	PÚBLICO	38.912 de 50.740	88 %
	CONCERTADO	11.822 de 50.740	27 %


A CORUÑA			LUGO		
ALUMNOS		21.644	ALUMNOS		6.507
CENTROS	PÚBLICOS	174	CENTROS	PÚBLICOS	67
	CONCERTADOS	40		CONCERTADOS	11
	TOTAL	214		TOTAL	78
AULAS	PÚBLICAS	810	AULAS	PÚBLICAS	247
	CONCERTADAS	192		CONCERTADAS	44
	TOTAL	1.002		TOTAL	291
PONTEVEDRA			OURENSE		
ALUMNOS		17.287	ALUMNOS		5.302
CENTROS	PÚBLICOS	139	CENTROS	PÚBLICOS	49
	CONCERTADOS	41		CONCERTADOS	10
	TOTAL	180		TOTAL	59
AULAS	PÚBLICAS	607	AULAS	PÚBLICAS	197
	CONCERTADAS	145		CONCERTADAS	40
	TOTAL	752		TOTAL	237

- Instalación de servidores de centro, SAIs, e equipos de comunicacións nos centros.
- Seguimento do uso do equipamento Abalar.
- Colaboración no desenvolvemento de contidos educativos dixitais e na súa catalogación e publicación no repositorio de contidos educativos dixitais do espazoAbalar.


Número de contidos segundo o curso




Contidos segundo o idioma



Evolución mensual de contidos descargados



Acumulado de contidos descargados



- Finalización da migración dos contornos virtuais de aprendizaxe a versións máis avanzadas e con máis funcionalidades (preto de 900 centros).
- Evolución do portal espazoAbalar, e da aplicación móbil abalarMóbil (con máis de 15.000 descargas acumuladas). Desenvolvemento de novas funcionalidades como o envío de cualificacións, xestión de citas ou avisos do centro. Ampliación ata 100 centros educativos).
- Desenvolvemento e promoción da Rede profesional do profesorado (Redeiras).

Especialmente relevante neste 2014, dentro do eixe de actuación de contidos dixitais do proxecto, foi a posta en marcha de E-DIXGAL.

A posta en marcha da plataforma de educación dixital de Galicia supuxo o desenvolvemento de actuacións na transformación do uso de libros en papel a libros dixitais, que chegaron a preto de 2.300 alumnos de 5º de Ed. Primaria de 84 centros:

- Posta en funcionamento dun contorno virtual de aprendizaxe (EVA/LMS) que permita o traballo en condicións de ausencia de conectividade.
- Posta en funcionamento de contidos educativos dixitais para 5º de Ed. Primaria.

- Integración no EVA indicado de contidos educativos da industria editorial.

3.1.2.- Dotación de equipamento informático e comunicación aos centros educativos públicos

Dotación aos centros educativos públicos de ensino non universitario das comunicacións internas e de acceso á rede corporativa da Xunta de Galicia, e do equipamento micro-informático (computadores persoais, portátiles, encerados dixitais, proxectores, servidores de centros, etc.) nas dependencias administrativas e educativas.

- Rexistro e xestión das solicitudes dos centros educativos.
- Dotación de material TIC aos centros: ao longo do 2014, e a través do equipamento adquirido no concurso 47/2013, financiado con 2.965.407,50 € de fondos FEDER do exercicio 2013, dotouse de equipamento aos centros educativos, en especial en atención ás peticións de equipamento para ciclos de FP, alumnado con necesidades de atención especializada, necesidades administrativas dos centros, e roubos e sinistros.
- Mellora da conectividade dos centros: dita mellora supuxo acadar unha velocidade media da conexión á rede corporativa dos centros educativos próxima aos 27 Mbps por centro.



3.2.- Programa de acreditación de competencias dixitais

Ten a finalidade de garantir que o conxunto da poboación galega teña a posibilidade de estar capacitado dixitalmente para mellorar o acceso ao emprego de calidade, así como certificar as competencias dixitais mediante un sistema de acreditación que poida ser recoñecido polo sector público e polo sector privado.

3.2.1.- Acreditación de competencias dixitais

Puxéronse á disposición do persoal autonómico 2.500 prazas de teleformación e 3.500 prazas para acreditación de competencias dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia. Este plan dá soporte á certificación en competencias dixitais en ofimática de Galicia.

En canto ao Plan de Formación Ofimática para o persoal TIC da Administración Pública, realizáronse, no marco do convenio co Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia (CPEIG), 150 horas de formación en «Seguridade da información e protección de datos de carácter persoal», «Administración electrónica», e «Fundamentos de ITIL».





3.3.-3.4.- Rede CeMIT e Voluntariado Dixital (Plan de inclusión dixital)

Durante o ano 2014 centráronse os esforzos na definición do Plan de Inclusión Dixital de Galicia, horizonte 2020, como un paso máis que dará continuidade ás actuacións desenvoltas pola Amtega no eido da sociedade da información, sustentadas na Rede CeMIT e no Programa de Voluntariado Dixital.

O plan ten como obxectivo principal camiñar cara a unha sociedade galega plenamente dixital e integrada na sociedade da información, definindo para iso unha serie de actuacións nas cales a Rede CeMIT e o Programa de Voluntariado Dixital continúan sendo instrumentos impulsores clave.

3.3.1.- Elaboración do Plan de Inclusión Dixital de Galicia

A definición deste Plan apóiase na cooperación, participación e implicación dos axentes do ecosistema dixital e recolle todas as actuacións que se levarán a cabo nos próximos anos para acadar unha sociedade en rede, conectada e madura dixitalmente.

Defínense tres grandes eixes de actuación, que permitirán á cidadanía incrementar paulatinamente os seus coñecementos e o aproveitamento das posibilidades das TIC.

- Alfabetización dixital: reducir a fenda dixital, fomentando o contacto e uso básico das TIC na cidadanía que nunca o fixo.
- Capacitación dixital avanzada: apoiar a madurez da cidadanía que xa tivo contacto coas TIC, mediante o uso avanzado destas.
- Innovación social e dixital participativa: xerme dunha nova forma de facer e de relacionarse por parte da cidadanía, a través da resolución de retos sociais.

A aprobación en Consello da Xunta de Galicia do Plan de Inclusión Dixital de Galicia terá lugar en 2015.

3.3.2.- Desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local (Convenio Amtega – FEGAMP)

O 15 de xaneiro de 2014 asinouse o Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Amtega e a FEGAMP, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración local.

A sinatura deste acordo garante a continuidade das actividades da Rede CeMIT, posta en marcha en 2010, buscando a mellora dun servizo fundamental para reducir a fenda dixital nos 314 Concellos de Galicia, e mellorar a empregabilidade no sector das TIC. Mediante o Convenio, a Amtega, a través da FEGAMP, achegou a 62 Concellos 782.774 euros para a realización de actividades destinadas á inclusión dixital da cidadanía en todo o territorio galego.

Para dar continuidade aos servizos da Rede CeMIT e para poder levar a cabo as actuacións de inclusión dixital, o 11 de decembro de 2014 aprobouse no Consello da Xunta de Galicia unha prórroga do devandito Convenio, de xeito que a Xunta e a Fegamp colaborarán de novo en 2015 para garantir que a capacitación dixital chegue a todos os galegos.

3.3.3. Colaboración das entidades e axentes sociais na alfabetización e inclusión dixital – Voluntariado Dixital

Esta iniciativa ten como obxectivo principal achegar as novas tecnoloxías a unha maior porcentaxe da poboación, favorecendo a inclusión dixital de toda a cidadanía, especialmente entre os colectivos en risco de exclusión dixital.

A iniciativa suma a solidariedade individual, a responsabilidade social das empresas do ámbito tecnolóxico, a colaboración das asociacións sen ánimo de lucro e o aproveitamento das infraestruturas públicas.

Durante o presente ano alcanzáronse as seguintes cifras:

- Máis de 410 voluntari@s dixital@s, o que supón un incremento do 20 % en relación ao ano 2013, os cales (voluntarios participando en accións voluntarias dixital@s + participantes xornadas) participaron de forma activa no programa.
- 103 entidades colaboradoras, cun incremento do 32 % respecto ao período anterior, dos cales 14 son organismos colaboradores, 69 entidades de acción voluntaria e 20 mecenas dixital@s.
- As actividades do programa beneficiaron a 4.300 persoas pertencentes a 5 colectivos (maiores, persoas con discapacidade, reclusos, persoas desempregadas e entidades do terceiro sector).

En 2014 realizáronse múltiples actividades no marco do Programa:

- Proxectos orientados ao colectivo de persoas maiores para achegalo ás novas tecnoloxías (redes sociais, correo electrónico, blogs, etc.).
- Proxectos orientados ao terceiro sector de apoio aos labores que realizan (mantemento de contidos web, capacitación, etc.).
- Proxectos de dinamización de espazos públicos como a aula CeMIT do Concello de Mos, impartindo actividades formativas nas TIC.
- Proxectos de colaboración coas entidades adheridas ao programa: obradoiros tecnolóxicos con ferramentas libres nos centros penitenciarios de Galicia.
- Promoción da investigación e a innovación no ámbito da tecnoloxía social: participación no XXVI Congreso

Internacional de Xeriatria e Xerontoloxía e colaboración no desenvolvemento do Premio «Mellor proxecto TIC con beneficios sociais 2014» do Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia.

- Participación en foros orientados ao fomento do emprego nas profesións dixital@s: Foro «Inserción Laboral e Recrutamento 2.0» e foro «Estratexias de Comunicación 2.0».
- Promoción da innovación social dixital mediante a participación en foros e xornadas: foro «Boas práctica na Innovación Social Dixital», xornada «Coaching para a transformación social», xornada na USC «Participación social a través da rede».
- Participación e coordinación dun seminario Peer Review «Aproveitamento das TIC para a acción social, un programa de voluntariado dixital» como exemplo de boa práctica en materia de inclusión social a través das TIC, no que expertos da Comisión Europea realizaron a avaliación e análise crítica do proxecto de Voluntariado Dixital como medio de acadar as opinións e experiencias dos seus homólogos europeos para a mellora do deseño e implementación das políticas neste ámbito. Participaron no evento representantes de 7 países europeos: Bélxica, República Checa, Polonia, Romanía, Suecia, Reino Unido e Portugal.

3.3.4.- Impulso do sistema de competencias dixitais a través da capacitación e certificación dixital da cidadanía

Galicia está a impulsar a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, a través dun mecanismo normalizado de certificación, baseado tanto na formación como no proceso de certificación destas competencias, amparado pola lexislación vixente europea, estatal e autonómica e co obxectivo de que sexa recoñecido e valorado no ámbito público e no privado.

Por medio desta certificación, a persoa titular pode acreditar, ante as instancias públicas ou privadas, as súas competencias en tecnoloxías da información e as comunicacións en materia de ofimática.


Mediante a publicación no DOG da Orde do 29 de abril de 2014, habilitouse e autorizouse á Rede CeMIT para a formación e avaliación dos contidos formativos que compoñen o Plan formativo ofimático de Galicia para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática.

Deste xeito, a Rede CeMIT inclúe no seu plan de formación as actividades que compoñen o Plan formativo ofimático de Galicia, composto actualmente polas cinco unidades nas cales se estrutura o módulo formativo de ofimática do Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, que compón o itinerario formativo en ofimática. Así, por vez primeira, a Amtega comezou a certificar a competencia dixital en Ofimática (CODIX), de xeito que no ano 2014 convocáronse 807 prazas e emitíronse 258 certificacións desta competencia dixital.

3.3.5.- Difusión de actividades formativas–divulgativas

Dende a súa posta en marcha en 2011, a Rede CeMIT achegou as novas tecnoloxías a máis de 42.900 persoas e planificáronse máis de 147.700 horas de formación. Durante o 2014, no marco do plan de formación da Rede CeMIT, alcanzouse un incremento de preto do 32 % con respecto ao total de usuarios rexistrados a finais do ano anterior.

No seguinte gráfico móstranse os principais logros alcanzados no 2014:



Ademais mediante o Espazo Multimedia de Aprendizaxe (EMA) desenvolvéronse actividades de teleformación. Trátase dunha plataforma libre para a alfabetización dixital en calquera punto xeográfico que en 2014 presentou máis de 19.000 accesos.

- **ACTing:** no mes de marzo desenvolveuse o proxecto europeo ACTing, que busca proporcionar aos axentes sociais estratexias e metodoloxías relacionadas coa motivación das persoas maiores no uso das TIC, o envellecemento activo e a inclusión dixital deste colectivo. Esta actuación formativa tivo unha duración de 100 horas.
- **Faite dixit@l:** durante o presente ano púxose en marcha esta iniciativa que busca achegar á cidadanía ferramentas e coñecementos dixitais avanzados que favorezan a empregabilidade, o emprendemento e a adquisición de novas competencias dixitais.

Realizáronse máis de 209 cursos e 5.186 horas de formación específica impartidas en 57 aulas da Rede CeMIT

para a capacitación dixital avanzada, en materias como Redes sociais, Configuración de dispositivos e uso de aplicacións móbiles, Marca persoal, Ferramentas web 2.0 ou Identidade dixital e administración electrónica.

- **Xornadas CNTG:** Colaborando co Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia para aproveitar a videoconferencia das aulas da Rede CeMIT e facer chegar a formación que desenvolve aos usuarios avanzados que se atopan ao longo da xeografía galega. Ata 16 videoconferencias e máis de 60 horas de formación avanzada foron impartidas no ano 2014.
- **Papá Noel:** con esta iniciativa os escolares galegos de infantil e de educación especial interactúan con Papá Noel a través do sistema de videoconferencia das aulas da rede CeMIT. En 2014 participaron nesta iniciativa 1.360 rapaces de 46 centros educativos.

3.3.6. Reforzo dos recursos formativos para a formación

Ademais das actuacións anteriores, a Amtega continúa investindo na dotación de recursos e contidos para a alfabetización dixital e a capacitación dixital avanzada.

- **EMA:** en 2014 incorporáronse ao Espazo Multimedia de Aprendizaxe 25 novos contidos formativos asociados ao catálogo de formación para a alfabetización dixital e capacitación dixital avanzada da cidadanía. Os contidos estarán dispoñibles a partir de 2015.
- **Plan de formación a formadores:** estase a elaborar un curso de formación a formadores destinado a todas as persoas, entidades e organismos colaboradores do Plan de Inclusión Dixital, que os habilitará para impartir formación dixital á cidadanía. Este curso estará dispoñible en 2015.
- **Páxina web CeMIT:** a páxina web de CeMIT é a principal canle de difusión e comunicación da Rede CeMIT coa cidadanía. En 2014 desenvolveuse unha nova versión con novas funcionalidades que melloran a usabilidade e orientación aos usuarios. Dispón dun espazo privado no que o usuario pode consultar a súa actividade, recibir comunicacións do centro, consultar cursos do seu centro de referencia, etc.

A páxina web CeMIT é a canle de comunicación máis importante da Rede, segundo as cifras de uso da cidadanía:

- » Máis de 89.100 visitantes.
- » Máis de 42.700 usuarios rexistrados.
- » Máis de 346.200 visitas.



3.5.- Modernizar a catalogación e difusión do patrimonio e bens de interese cultural

O obxectivo deste programa é promover as ferramentas tecnolóxicas que garanten un soporte ás necesidades anteriormente descritas para a correcta descrición, conservación e preservación dixital (se é o caso), catalogación, normalización, estandarización e difusión dos bens culturais que se xestionan desde arquivos, bibliotecas e museos dependentes da Xunta de Galicia, do ámbito local ou outros, e que se estima aproximadamente en 2.000 puntos de servizo.

- A correcta descrición, conservación e preservación dixital (se é o caso), normalización, estandarización e difusión dos bens culturais que se xestionan dende arquivos, bibliotecas e museos dependentes da Xunta de Galicia, do ámbito local ou outros.
- Desenvolvemento do soporte tecnolóxico para a catalogación do patrimonio e bens de interese cultural da Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa difusión.
- As necesidades de manexo documental dixital que se requiren no novo escenario, onde os documentos tradicionalmente físicos conviven con novos formatos dixitais polo que se fai necesario aplicar criterios de integración de obxectos dixitais e físicos, de normalización e estándares e de integración e traballo en estruturas internacionais.

Durante o ano 2014 a actividade neste ámbito centrouse en:

- Garantir a continuidade dos sistemas vixentes. Inventariar e aliñar as iniciativas neste ámbito de actuación.
- Continuar con proxectos de renovación de sistemas.

O ámbito das entidades usuarias alcanza os 1.851, coa seguinte desagregación:

- Bibliotecas xestionadas: 24 con AbsysNET, 1.521 con Meiga, 5 co sistema Koha.
- Plataforma de control de equipos públicos en 148 bibliotecas.
- Arquivos municipais xestionados: 13 con Albalá, 133 con Xaral.
- Museos que manexan Domus: 7 museos.

3.5.1.- Mantemento e evolución de sistemas de información

Continuidade dos sistemas de información. Durante 2014 garantiuse a continuidade de todos os sistemas de información, abordando tarefas de soporte e mantemento dos sistemas da S.X. de Cultura e na D.X. de Patrimonio:

- Do sistema Domus para a xestión dos fondos dos museos dependentes da Xunta de Galicia.
- Do sistema Albalá para a xestión dos arquivos dependentes da Xunta de Galicia.
- Do sistema Absys para as bibliotecas nodais.
- Do sistema Xaral para a xestión dos arquivos municipais.
- Sistema básico de xestión do patrimonio.
- Mantemento da aplicación Koha de xestión do catálogo de Bibliotecas Koha.

3.5.2.- Web da S.X. de Cultura e Axenda da Cultura de Galicia



En xuño de 2014 publicouse o portal web da Secretaría Xeral de Cultura, orientado a converterse na canle de difusión da cultura de Galicia. www.cultura.gal (ou <http://cultura.xunta.es>). Estrutúrase en dúas grandes áreas temáticas: dinamización da cultura (bibliotecas, libro e lectura, audiovisual, artes escénicas, música, artes visuais, proxección exterior...) e patrimonio cultural (museos, arquivos, conservación e restauración, Camiño de Santiago...).

Dentro do portal ten un espazo destacado a Axenda de Cultura de Galicia: www.cultura.gal/axenda (ou <http://cultura.xunta.es/axenda>) creada co obxectivo de ser a axenda de eventos culturais de referencia en Galicia, integrando actividades de diferentes departamentos, co obxecto de lograr unha maior difusión dos eventos, homoxeneizar o estilo e funcionalidades das axendas culturais da Xunta e racionalizar o esforzo de xeración de contidos para esas axendas culturais. Así integra: SX de Cultura, SX de Política Lingüística, Turismo...

A axenda baséase no concepto de reutilización por parte de sistemas e usuarios externos, coas opcións de widget para a inserción da axenda, RSS de eventos e servizo web (JSON) da axenda.

En Abert@s, portal de open data da Xunta de Galicia, publicouse un conxunto de datos da axenda, accesible en formatos RSS, iCal e JSON:

<http://abertos.xunta.es/catalogo/cultura-ocio-deporte/-/dataset/0045/axenda-cultura-galicia>

3.5.3.- Rede de Bibliotecas de Galicia



- No que respecta ao sistema para a catalogación e xestión dos fondos bibliográficos da Rede de Bibliotecas de Galicia: Biblioteca de Galicia, bibliotecas nodais dependentes da Xunta de Galicia e servizos para as bibliotecas municipais, escolares e outras que dependen da rede, en 2014 abordáronse as seguintes accións:
 - Realizouse a licitación dos proxectos de «Posta en marcha do sistema de xestión de bibliotecas baseado na plataforma Koha ILS nas bibliotecas nodais da Xunta de Galicia», e «Portais da rede de bibliotecas nodais». Estas iniciativas proseguirán a súa execución durante o 2015.
 - Mantemento do sistema MEIGA como ferramenta para a Rede de Bibliotecas.
 - Mantemento da Biblioteca Dixital de Galicia: Galicana
 - Desenvolvemento dun repositorio único de lectores e incorporación nel de todos os lectores das bibliotecas públicas galegas
 - Informatizáronse 29 novas bibliotecas: 4 públicas municipais, 17 escolares e 8 doutras institucións públicas ou privadas.
- Publicación da plataforma de préstamo de libros electrónicos das bibliotecas públicas galegas GALICIALE <http://www.galiciale.es>, que integra o catálogo do libro electrónico en galego <http://catalogo.galiciale.es> (promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) e o do libro electrónico en castelán <http://galicia.ebiblio.es> (impulsado dende o Ministerio de Cultura). Facilita o acceso a libros e audiolibros en galego e castelán. Del, cómpre destacar:

- » Que pon ao dispor dos usuarios das bibliotecas públicas un nutrido catálogo de libros e audiolibros en galego e en castelán, cun total de 1.710 títulos.

- O blog LER CONTA MOITO <http://blogs.xunta.es/lercontamoito>, o programa de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas promovido pola Secretaría Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, en colaboración coas entidades locais

3.5.4.- Librería Institucional da Xunta de Galicia



Durante o ano 2014 realizouse o desenvolvemento e publicación no contorno de preproducción da Librería Institucional da Xunta de Galicia. Porase en marcha en 2015.

A súa finalidade é dar cumprimento ao artigo 11 da Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, que no seu punto 4 di que «a Xunta de Galicia creará unha Librería Institucional do Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia na que se ofrezan todas as publicacións oficiais de calquera departamento ou organismo do Goberno».

Esta ferramenta permite á cidadanía acceder ás publicacións institucionais a través de varias vías, segundo o caso:

- A súa compra ou adquisición en liña (incluíndo as publicacións non venais), para o que se crea unha tenda en liña que se integra coa plataforma de pagamentos da Axencia Tributaria de Galicia e coa plataforma de seguimento de envíos de Correos.
- A súa descarga como arquivos dixitais.
- A súa consulta e localización no catálogo de bibliotecas públicas de Galicia.

3.5.5.- Museos



O novo portal de Museos de Galicia (<http://museos.xunta.es>), publicado en xuño de 2014, realizouse co obxectivo de que fose a web de referencia do Sistema Galego de Museos, dándolle unha importancia central a aqueles museos xestionados directamente pola Xunta de Galicia. A publicación desta nova contorna web permitiu integrar os portais de varios museos xestionados pola Xunta de Galicia. Incorpora un espazo propio para os profesionais.

O web inclúe información dos máis de 80 centros que forman o Sistema Galego de Museos, dos que ofrece unha descrición, imaxes, localización, contacto, horarios e tarifas.

Baseado nun deseño visual e adaptativo, está dirixido principalmente ás persoas visitantes dos museos. Por unha banda, dáselle grande importancia ás imaxes en todo o portal, pero de maneira especial na portada, cunha proposta atractiva e dinámica na que se destacan os museos xestionados pola Xunta e as súas exposicións e actividades.

Nas páxinas dos museos xestionados pola Xunta de Galicia pódense ver con técnicas 3D escolmas amplas de pezas destacadas das súas coleccións, e acceso a visitas virtuais nos casos do Conxunto Etnolóxico do Cebreiro, o Museo Massó e o Museo e o Castro de Viladonga.

Conta ademais cunha sección dirixida a profesionais, con información sobre a xestión de museos na Xunta, os procedementos administrativos máis habituais, normativa, bolsas, convenios de prácticas, etc.

Neste punto, e xa á marxe do portal de museos, cómpre destacar tamén que, en 2014, se informatizou o Museo Pedagóxico de Galicia coa aplicación Domus.

3.5.6.- Arquivo dixital de Galicia: Arquivo electrónico patrimonial

No marco de evolución do proxecto Arquivo dixital de Galicia, estableceuse un marco de referencia (MRA), aprobado pola resolución conxunta, do 15 de decembro de 2014, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Secretaría Xeral de Cultura para a xestión dos documentos electrónicos sobre o que se desenvolve o Arquivo dixital integrado de Galicia.

A posta en marcha desta iniciativa é unha das liñas de actuación do proxecto 0607_ARPAD_1_E: «Arquivo Dixital, conservación do patrimonio documental e eliminación de papel nas relacións administrativas», correspondente á 3ª convocatoria do programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal 2007-2013.

3.5.7.- Sistema de Xestión de Patrimonio de Galicia

En liña cos obxectivos da Dirección Xeral do Patrimonio, continuouse avanzando no proxecto de unificación dos sistemas de inventariado, xestión, restauración e difusión dos bens de interese cultural e patrimonial de Galicia, para consolidar un sistema único e integrado co sistema de información territorial. Neste ámbito cómpre destacar:

- Mantemento e soporte do sistema actual.
- Desenvolvemento (non publicado no momento de elaboración deste informe) da ferramenta que permitirá consultar os bens de interese cultural na web <http://cultura.xunta.es>
- Desenvolvemento dos módulos de denuncias, sancións e recursos.
- A modificación do módulo de datos comúns do inventario.

3.5.8.- Infraestruturas nos arquivos, bibliotecas e museos

É obxectivo da Amtega a renovación e mellora na xestión da infraestrutura TIC dos arquivos, museos e bibliotecas. Durante o 2014 avanzouse neste proceso progresivo de ordenación destas infraestruturas con actuacións como:

- Desenvolvemento do Censo de Arquivos, que recolle os datos de cada arquivo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- A informatización de 6 novos arquivos municipais coa aplicación Xaral: Curtis, Porto do Son, Dodro, Muíños, Barco de Valdeorras e Arquivo Municipal de Lugo.
- Informatizáronse 29 novas bibliotecas: 4 públicas municipais, 17 escolares e 8 doutras institucións públicas ou privadas.



3.6.- Impulso na ordenación, normalización e dinamización lingüística a través das TIC

Inclúense neste apartado as actividades relativas á utilización das TIC como ferramenta para o impulso da ordenación, normalización e dinamización do uso adecuado da lingua galega. Posta en marcha de sistemas normalizados de tradución automatizada, ferramentas e sistemas para a dinamización e normalización lingüística, políticas de aplicación da linguaxe na Administración pública, etc.

3.6.1.- Recursos lingüísticos: ferramentas compartidas para a normalización do idioma



O Decreto 201/2011 recolle, entre os seus principios, a promoción do uso da lingua galega, conforme o marco legal vixente, indicando que debe garantirse a publicación dos contidos e servizos polo menos, en galego e castelán, ao tempo que sinala que debe ser o galego a lingua de contacto inicial coa cidadanía, e polo tanto o idioma de navegación establecido por defecto nos portais.

Considerando que a tecnoloxía é un aliado indispensable na difusión da lingua e da cultura, a Amtega e a Secretaría Xeral de Política Lingüística abordaron unha serie de proxectos orientados á actualización dos recursos técnicos necesarios para facilitar o traballo en galego dos/as empregados/as públicos. Estas actuacións tiveron como finalidade consolidar o galego como idioma xeral de referencia na Administración autonómica, xeneralizando o seu uso como lingua principal de traballo e de comunicación cos administrados (tamén na Administración local) e asegurando a oferta positiva do galego á cidadanía.

Entre as actuacións que a Xunta de Galicia levou a cabo en 2014 para reforzar a presenza do galego nas Administracións autonómica e local podemos destacar:

- Melloras das capacidades lingüísticas e da usabilidade no tradutor Gaio.

En 2014 realizáronse melloras de usabilidade e accesibilidade na ferramenta <http://gaio.xunta.es>, ademais de incorporar novos pares de idiomas para a tradución. Gaio facilitalle ao persoal da Administración a tradución de grandes volumes de documentación técnica e administrativa, así como a tradución inmediata de páxinas web, actas, informes e outra documentación, correos e documentos completos.

Durante este ano realizáronse 156.498 traducións que supuxeron 39.820.601 de palabras traducidas.

- **Digalego:** adquisición, instalación na infraestrutura da Xunta e desenvolvemento dunha nova interface máis accesible do Dicionario Galego. A súa difusión cara á cidadanía farase en 2015.
- **Portal Xurídico Galego:** desenvolvemento do portal para a compilación da produción normativa galega. A publicación cara á cidadanía farase en 2015.

3.6.2.- Ademais...

Ademais das actuacións anteriores, leváronse a cabo as seguintes:

- Deseño e inicio do desenvolvemento no novo espazo en Internet para a difusión da lingua (coñecer, aprender, difundir...). Publicarase en 2015.
- Reordenación dos espazos de recursos lingüísticos na intranet da Xunta de Galicia e na intranet de Xustiza.
- Respecto do mantemento do sistema de xestión da Comisión de Toponimia (<https://revisionnomenclator.xunta.es>), abordouse o mantemento e desenvolvemento de novas funcionalidades para a xestión por parte da Comisión.
- Avaliación continuada da presenza da lingua galega no desenvolvemento en Internet da Administración pública galega.



3.7.- Ordenación e impulso da presenza da Administración pública en Internet

Seguindo o modelo definido no Decreto 201/2011, do 13 de outubro, a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia en Internet evoluciona de xeito notorio a través de diversas liñas de traballo nas que se continuou avanzando ao longo de 2014 co obxectivo de:

- Mellorar a calidade da presenza das institucións.
- Fomentar as áreas vinculadas á divulgación da identidade cultural, patrimonial, lingüística e social galega, dando a coñecer aspectos diferenciais da nosa comunidade.
- Fomentar as áreas temáticas de servizos, promoción da accesibilidade e impulso das actuacións vinculadas ao goberno aberto e á transparencia.
- Promover canles de participación cidadá e mellorar a interrelación coa cidadanía dun xeito dinámico e continuo.
- Promover a reutilización de información do sector público.

3.7.1.- Canles institucionais na rede

Durante o 2014 mantivéronse e evolucionaron as diferentes canles institucionais na rede:

Evolución do portal web institucional da Xunta de Galicia. O portal web da Xunta de Galicia, referente dos servizos da Administración pública galega en Internet, recibiu en 2014 un total de 6.158.697 visitas, cunha media mensual de 138.390 visitantes distintos.

Dentro do proceso de mellora continua reorganizáronse distintos contidos de interese, co fin de facilitar e axilizar o acceso da cidadanía á información e aos servizos. Durante o 2014 acometéronse as seguintes actuacións destacadas:

Nomenclátor de Galicia. Novo servizo de consulta da toponimia oficial de provincias, parroquias, concellos e lugares de Galicia, de acordo cos ditames da Comisión de Toponimia e coas normas ditadas pola Xunta de Galicia. Integrado no portal corporativo, este servizo permite a busca guiada ou directa dos topónimos.



<http://www.xunta.es/nomenclator>

Medallas de Galicia. Páxina que recolle o histórico das concesións de medallas de Galicia desde o ano 1984. Incorpora as biografías e imaxes dos premiados nas categorías de ouro e as listaxes de persoas e entidades ás que se lles concederon as de prata e/ou bronce. A publicación deste espazo coincidiu coa data de entrega das Medallas de Galicia 2014 o 24 de xullo.



<http://xunta.es/medallas-de-galicia>

Novo módulo de alertas meteorolóxicas. Renovación do deseño da información de alertas meteorolóxicas que se publica no portal corporativo da Xunta, que pasa a visualizarse cun deseño máis accesible, con nova iconografía e ocupando todo o ancho da portada de <http://www.xunta.es>

Incorporacións de novos «Servizos no mapa». Aos 21 tipos de recursos que «Servizos no mapa» tiña ao peche de 2013 (o ano da súa posta en marcha), hai que sumarlle, en 2014, a incorporación de novos servizos:

- Puntos limpos.
- Estacións de Inspección Técnica de Vehículos.
- Teatros e auditorios.
- Oficinas agrarias comarcais.



<http://www.xunta.es/servizos-no-mapa>

3.7.2.- Diario Oficial de Galicia

Mantemento e evolución do sistema de elaboración, maquetación e publicación do Diario Oficial de Galicia, ademais da versión móbil da publicación.

Ademais de diversas melloras no proceso de xestión, aborouse a integración co sistema de tradución automatizado gaio.xunta.es para a optimización das tarefas internas de preparación.

3.7.3.- Plataforma de contratos de Galicia

A Plataforma de Contratos Públicos de Galicia é o espazo web de referencia para a consulta da información de todos os perfís dos órganos de contratación do sector público galego.

Abordáronse diversas modificacións para a adecuación a criterios de publicación dos expedientes de contratación, así como diversas melloras tanto no portal público como no privado, e tamén a xeración de novos rss para a explotación por terceiros.

Como complemento á difusión da información da contratación publícase a app da Plataforma de Contratos de Galicia, para dispositivos de mobilidade.

En 2014 publicáronse na plataforma de contratos de Galicia 1.662 procedementos. Na actualidade hai 234 perfís de contratante integrados na mesma.



<http://contratosdegalicia.es>


3.7.4.- Coordinación do catálogo de portais e canles sociais

3.7.4.1.- O catálogo de portais e canles


A evolución do catálogo de portais web da Xunta de Galicia en 2014 continúa coa evolución agardada en canto á:

- Redución no número de portais web, camiñando así cara a un modelo máis coherente, simplificado, racional e eficaz procedendo a:
 - » Simplificar a rede de portais para favorecer a localización dos contidos que procuran os cidadáns.
 - » Integrar portais para un mellor aproveitamento dos recursos en beneficio da súa utilización común por todos os departamentos.
 - » Eliminar os portais obsoletos e de baixo interese para a cidadanía.
- Incremento de iniciativas nas redes sociais, coas que se promoven canles de participación para mellorar a interrelación coa cidadanía dun xeito dinámico e continuo. Aínda que tamén permite establecer a necesidade de focalizar as pautas de uso das redes por parte da Administración pública galega.


Evolución catálogo de portais



Evolución catálogo de redes



A seguinte gráfica mostra a situación actual respecto da distribución de portais e redes por departamentos e organismos dependentes a decembro de 2014.



No que á redución de portais se refire, cómpre destacar as 20 baixas de portais da Consellería de Economía e Industria que se rexistraron en 2014, dentro do plan de reordenación dos portais deste ámbito. Entre elas, atopábanse algúns portais como os que seguen nesta lista, que agora redirixen a seccións de páxinas doutros portais do departamento. (Ver o detalle no apartado 1.4.- Impulso da relación electrónica co sector empresarial, industrial e comercial).

A continuación indícanse as principais novidades do catálogo de portais:

Portal da Secretaría Xeral de Cultura. Novo sitio web da Secretaría Xeral de Cultura que incorpora, entre as novidades máis destacadas respecto do anterior portal, a Axenda cultural de Galicia (configurable para a súa reutilización noutros portais) e unha estrutura informativa máis clara e intuitiva (navegación por temas).



Data de publicación: xuño de 2014

<http://cultura.xunta.es/>

Museos de Galicia. Portal que permitiu integrar as webs de varios museos xestionados pola Xunta de Galicia e que dispón de información sobre os 81 museos e coleccións visitables que forman parte do Sistema Galego de Museos, integrado por museos e coleccións visitables, de diversas titularidades e tipoloxías. Incorpora un espazo propio para os profesionais e veu substituír o anterior <http://www.museosdegalicia.com>.



Data de publicación: xuño de 2014

<http://museos.xunta.es>

Turismo de Galicia. Posta en produción dunha nova versión da web de Turgalicia, coa que esta pasa a converterse no portal de referencia da Axencia de Turismo de Galicia, integrando tamén a información que ata o de agora estaba dispoñible no portal departamental da Axencia.



Data de publicación: xuño de 2014

<http://turismo.xunta.es>

De Asís a Compostela. Portal para difundir a programación de actos (exposicións, congresos, xornadas...) enmarcados na conmemoración do oitavo centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Compostela.



Data de publicación: xuño de 2014

<http://deasisacompostela.xunta.es/>

Presidente.gal. Con motivo do Día de Galicia e empregando xa o dominio .gal, o 25 de xullo publicouse o portal web <http://www.presidente.gal> (portal de referencia arredor da figura do presidente da Xunta de Galicia: biografía, saúdo, novas relacionadas, transparencia, discursos, formulario de contacto...).



Data de publicación: xullo de 2014

<http://www.presidente.gal>

25 de xullo.gal. Con motivo do Día de Galicia e empregando xa o dominio .gal, o 25 de xullo publicouse o portal web <http://www.25dexullo.gal>, páxina con información sobre a efeméride do Día de Galicia que incluíu as súas campañas divulgativas e o novo espazo das Medallas de Galicia no portal corporativo da Xunta.



Data de publicación: xullo de 2014

<http://www.25dexullo.gal>

Mapas.xunta.es. Información xeográfica de Galicia. Plataforma web de información xeográfica corporativa que xestiona todos os datos xeoespaciais da Administración autonómica baixo un mesmo sistema. Mapas.xunta.es integra nun único sitio a información, as ferramentas e as utilidades para o traballo diario coa información xeográfica de Galicia. É o portal de referencia para a Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG).



Data de publicación: xullo de 2014

<http://mapas.xunta.es>

Plataforma de transmisión comercial. Plataforma da DX de Comercio para fomentar e apoiar a remuda comercial. Recolle altas dos negocios que se queren transferir para que calquera persoa interesada en emprender un negocio en funcionamento poida consultar por provincia, localidade ou sector os negocios dispoñibles. As persoas emprendedoras poden consultar os negocios dispoñibles.



Data de publicación: agosto de 2014

<http://transmisioncomercial.com>

Emprendedoras Galicia. Portal do proxecto Emprendedoras Galicia, que xorde da colaboración entre a Escola de Organización Industrial (Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo), a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, co fin de impulsar a innovación e a competitividade das mulleres emprendedoras e das pemes galegas.



Data de publicación: agosto de 2014

<http://emprendedorasgalicia.es>

Portal de produtos de apoio. Sitio web promovido pola Secretaría Xeral de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar), enfocado a favorecer e facilitar a adquisición e intercambio de produtos de apoio entre as persoas con discapacidade. O servizo inclúe unha ferramenta de busca e mais o asesoramento para consultas en materia de accesibilidade.



Data de publicación: setembro de 2014

<http://produtosapoio.xunta.es>

Aliméntate ben. Portal de referencia do programa que pretende fomentar hábitos saudables na comunidade escolar a través de dietas equilibradas e utilizando produtos de calidade que garantan unha alimentación e desenvolvemento axeitado. Inclúe descargas de material didáctico, material de campaña, fondos de escritorio...



Data de publicación: outubro de 2014

<http://alimentateben.xunta.es>

Portal da Amtega. Publicación do novo portal da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Xunto cun deseño máis atractivo e innovador, incorpora unha nova organización dos contidos, para unha navegación máis intuitiva e centrada no usuario. A información categorízase en temas de interese e colectivos, ao tempo que se suman novas funcionalidades, contidos, infografías que facilitan a lectura e comprensión de informes, datos e estatísticas...



Data de publicación: novembro de 2014

<http://amtega.xunta.es>

Portal da Consellería de Economía e Industria. No marco do plan de racionalización dos portais da Consellería de Economía e Industria, publícase o novo portal deste departamento, que incorpora, entre outras novidades, un buscador avanzado que ocupa un espazo destacado no portal e unha navegación baseada na taxonomía de feitos vitais e temas.



Data de publicación: novembro de 2014


<http://economiaeindustria.xunta.es>

3.7.4.2.- Presenza nas redes sociais

A finais de 2014 o catálogo de redes sociais da Administración galega en Internet ascende a un total de 236 iniciativas nas redes sociais, que suman un total de 751.435 seguidores.


O seguinte gráfico amosa a distribución actual das iniciativas por canle:

Distribución de iniciativas por canle



As canles Facebook, Twitter e YouTube son as canles máis empregadas. Xuntas representan 639.757 seguidores, o 85 % do total. O gráfico recolle a evolución de seguidores:


Evolución seguidores (Facebook, Twitter & YouTube)




CANLE	2012	2013	2014
FACEBOOK	140.772	240.430	379.887
TWITTER	69.341	148.879	251.122
YOUTUBE	2.594	4.376	8.748
TOTAL	212.707	393.685	639.757

O gráfico amosa a evolución do número de seguidores en redes sociais do web institucional <http://www.xunta.es> e do portal da Amtega <http://amtega.xunta.es>

Xunta (Facebook Twitter)



Amtega (Facebook Twitter)



3.7.4.3.- Catálogo de aplicacións de mobilidade

A Xunta de Galicia responde á demanda de contidos adaptados aos dispositivos móbiles co desenvolvemento de aplicacións que identifica baixo a súa autoría para aumentar a confianza e fiabilidade dos usuarios. O Consello da Xunta do 30 de maio de 2013 autorizou a Amtega para actuar en nome da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e realizar todos os actos necesarios para a tramitación, xestión, mantemento ou retirada de aplicacións para móbiles e outros dispositivos electrónicos e sistemas baixo a denominación única «Xunta de Galicia».

O catálogo de aplicacións móbiles (<http://www.xunta.es/aplicacions-mobiles>) incorporou en 2014 as seguintes iniciativas:

PcPG - Contratos de Galicia: esta aplicación permite consultar desde o teléfono móbil a información da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, facilitando o seguimento das publicacións de interese para o usuario.

MeteoGalicia: a aplicación oficial de MeteoGalicia ofrece a información meteorolóxica máis completa para a Comunidade galega, dunha maneira intuitiva e atractiva.

Museo Centro Gaiás: o Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia publica unha nova aplicación móbil para sistemas operativos iOS e Android que fai da visita ao museo unha experiencia máis completa.

eBiblio Galicia: eBiblio Galicia é unha nova aplicación nativa que permite ler en móbil ou tableta os libros electrónicos tomados en préstamo. A súa publicación está ligada á plataforma en liña para o préstamo de libros electrónicos GaliciaLe.

Parques naturais de Galicia: unha guía que enumera e localiza os principais recursos ambientais e turísticos do parque nacional e os seis parques naturais existentes en Galicia, a través de máis de 500 fichas e case 200 fotografías.

A seguinte táboa recolle o número total de descargas acumuladas polas aplicacións móbiles da Xunta de Galicia (de maior a menor número destas) e a referencia das plataformas nas que está dispoñible a súa descarga.

CANLE MÓBIL	PLATAFORMAS	DESCARGAS
METEOGALICIA	  	43.838
METEOSEX	 	34.273
MOBEM	   	19.147
SENDEGAL	 	16.799
ABALAR	 	15.356
METEOROUTE	 	5.378
BONO IACOBUS	 	4.892
RECURSOS TURÍSTICOS	 	4.262
DOG	 	3.389
ENOTURISMO	 	2.931
PARQUES NATURAIS	 	2.206
CARNÉ XOVE		993
EBIBLIO GALICIA	 	646
MUSEO CENTRO GAIÁS	 	188
PLATAFORMA CONTRATOS	 	141
TOTAL DESCARGAS		154.439

3.7.5.- Reutilización de información do sector público. Servizos no mapa

O catálogo de datos abertos da Xunta de Galicia, accesible dende o portal Abert@s <http://abertos.xunta.es>, continuou durante o 2014 incorporando datasets e mellorando a súa difusión.

- **Catálogo de datos abertos.** En canto ao catálogo de datos abertos da Xunta de Galicia, 2014 pecha cun total de 298 dataset. Se ben se incorporaron 25 novos dataset, a finais de 2014 elimináronse 20 conxuntos por mor da reorganización dos servizos de información xeográfica (WMS, WFS...) do Instituto de Estudos do Territorio. A nivel de catálogo, a perda compensarase a comezos de 2015, procedendo á progresiva publicación de 18 novos servizos procedentes desta mesma fonte.

No que respecta ao número de descargas, o portal acumula 17.283 desde a súa publicación en 2012. No cómputo anual, obsérvase un incremento do 53 % en 2013 (respecto á anualidade anterior) e do 59 % en 2014 (respecto a 2013).

Destaca a incorporación, respondendo a peticións recibidas no propio portal, das estatísticas de Abert@s, que son accesibles desde o propio portal desde 2014, onde se actualizan semestralmente:

<http://abertos.xunta.es/catalogo/administracion-publica/-/dataset/0306/estadisticas-portal-abertos>

- **Federación co catálogo estatal (iniciativa Aporta).** En maio de 2014 fíxose efectiva a federación do catálogo de datos da Xunta de Galicia co do portal <http://datos.gob.es> (iniciativa Aporta). Galicia converteuse así na segunda comunidade autónoma que se federou con <http://datos.gob.es>, despois de Castela e León, e no momento efectivo da federación era tamén o segundo maior provedor do portal estatal.

Esta actuación aumenta a visibilidade dos datos de Abert@s, xa que converte o catálogo galego en escalable a organismos supranacionais que aglutinen catálogos de diferentes nacións, como por exemplo o do portal de datos abertos paneuropeo, que permitirá compartir e intercambiar descrições de conxuntos de datos entre portais de países membros europeos.

A incorporación dos datos de Abert@s a <http://datos.gob.es> foi posible grazas a que a Xunta publica os metadatos de todos os seus dataset en RDF, cumprindo así coa Norma

Técnica de Interoperabilidade de Reutilización de recursos da información.

3.7.6.- O dominio .gal

En xuño de 2014 o ICCAN (Corporación de Internet para a asignación de nomes e números) comunicou a aprobación da candidatura do dominio .gal, un logro que, logo dunha intensa década de traballo (iniciada en 2004 pola Asociación Punto Gal) coloca a Galicia cun espazo de seu na rede.

A consecución deste dominio supón unha oportunidade única para agrupar todos os contidos da rede vinculados á nosa cultura e á nosa lingua e impulsar o galego como medio para fomentar a identidade cultural de Galicia. Trátase dun exercicio de normalidade, en tanto que permite visualizar a existencia da Comunidade galega na rede e dispor dun espazo con maior proxección no mundo dixital ao permitir unha mellor localización dos contidos.

A Xunta de Galicia apoiou institucional e financeiramente esta iniciativa dende 2007.

A Amtega coordinou os traballos de rexistro de dominios .gal, o que implicou abordar as tarefas de preselección de dominios pioneiros (primeira fase), a comunicación entre departamentos da Xunta para a selección dos dominios para incluír na segunda fase (abrente) e as solicitudes posteriores na etapa de rexistro libre.

- A primeira fase (pioneiros) supuxo a dispoñibilidade dende o 25 de xullo dos seguintes dominios .gal, representativos do eido institucional e cultural: xunta.gal, 25dexullo.gal, atriga.gal, axendadixital.gal, cultura.gal, galicia.gal, goberno.gal, lingua.gal, presidente.gal, turismo.gal
- Na segunda fase (abrente), entre setembro e novembro de 2014, exerceuse o dereito preferente de solicitude, e rexistráronse máis de 500 dominios, logo de recoller as solicitudes que achegaron os distintos departamentos e entidades da Administración pública.
- A partir da apertura da etapa de rexistro libre (2 de decembro) incorporáronse o resto de dominios .gal que non chegaran a incluírse nas 2 etapas anteriores.

En total, rexistráronse nestas tres etapas máis de 600 dominios .gal para os distintos departamentos e entidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





Obxectivo 4: Transforma TIC



4.1.- Impulso do hipersector TIC

Esta iniciativa ten como obxectivo o impulso do hipersector TIC de forma que se converta nun soporte para incrementar a competitividade da Comunidade, en xerador de emprego cualificado e pola súa vez nun sector estratéxico na economía de Galicia.

En concreto, esta liña de actuación centrarase no establecemento de apoio a proxectos de innovación TIC, así como ás iniciativas de fomento de emprendemento na Comunidade galega a través do desenvolvemento dixital de Galicia en colaboración co Sector TIC e da posta en marcha do Programa TransformaTIC.

4.1.1.- Pacto entre a Xunta e o sector TIC para o desenvolvemento dixital de Galicia

O pasado mes de marzo de 2014 incorporouse ao Pacto dixital de Galicia a empresa Vodafone, sumándose así ás 11 empresas e ao Clúster TIC que en 2013 xa se comprometeron xunto co Goberno galego a converter a Comunidade nun polo tecnolóxico de referencia.

Durante o ano 2014, os principais resultados da posta en marcha do decálogo de medidas comprometidas por parte do sector foron o desenvolvemento de iniciativas no eido do emprendemento por parte da empresa Telefónica e da dotación de cobertura 4G nas sete cidades principais de Galicia, no reforzo de infraestruturas de rede nas costas galegas e no interior e a extensión da cobertura de banda larga rural, liderado por Vodafone.

4.1.2.- Programa de Apoio ao Emprendemento TIC en Galicia

Tal e como se comentou anteriormente, no marco do Pacto entre a Xunta de Galicia e o Sector TIC, Telefónica, en colaboración coa Xunta, puxo en marcha a iniciativa «Galicia Open Future», un programa que fomenta activamente o impulso da innovación e o emprendemento TIC na Comunidade galega.

Así, durante o 2014, implantouse o Programa na Cidade da Cultura, a través da creación dun centro de Crowdfunding de 420 m², onde actualmente xa se están realizando actividades de formación e mentoring a unha selección de 50 proxectos, que previamente trasladaron o seu interese coa presentación dunha convocatoria formal.

Dende a publicación das iniciativas seleccionadas na primeira edición do Galicia Open Future o pasado mes de agosto, puxéronse en marcha os programas cunha duración de 6 meses (prorrogables outros 3 meses adicionais) consistentes en accións de formación e de asistencia, así como no establecemento de ligazóns con profesionais e entidades internacionais que lles acheguen lazos para dar forma aos seus proxectos e activar programas específicos de maduración baixo a tutela dos máis recoñecidos expertos a través dos responsables do crowdfunding.

Estes proxectos seleccionados adicionalmente poderán facer uso do programa de incentivos da Xunta de Galicia, consistente en patrocinios e axudas para a posta en marcha de proxectos emprendedores cun orzamento de 750.000€.

En concreto, as candidaturas seleccionadas contaron cun patrocinio de 2.000€ por proxecto como recoñecemento investigador e innovador e como apoio ao emprendemento. Adicionalmente, ao remate do programa, seleccionáronse os 3 mellores proxectos, que poderán acceder a unha axuda de ata 25.000€ e poderán ter a posibilidade de acceder a un préstamo reembolsable para a posta en marcha do seu proxecto a través do Fondo de capital risco de Galicia.

4.1.3.- Definición e posta en marcha do Programa TransformaTIC

Continuando cos traballos para acadar o impulso do sector TIC a través do Programa TransformaTIC lanzado no 2013, o pasado mes de abril asinouse un Convenio de colaboración para poñer en marcha dito Programa e aliñar desta forma os esforzos públicos e privados para fomentar o emprendemento dixital, a transferencia da innovación ao mercado e o fortalecemento do sector tecnolóxico galego.

Este acordo foi materializado co compromiso da Xunta de Galicia, así como das tres universidades galegas, os centros tecnolóxicos TIC e as empresas do Clúster TIC.





Obxectivo 5: Economic - IT



5.2.- Centro Público Demostrador TIC

O Centro Demostrador TIC de Galicia, CDTIC constitúe un punto de encontro entre a oferta do sector TIC e o resto dos sectores empresariais de Galicia que buscan mellorar a súa competitividade a través da demanda de novos servizos e produtos.

Por outra parte, é manifesto que este proceso se realiza a través do impulso do sector TIC, tratando de pór en valor os seus produtos, servizos e capacidades.

Polo tanto, o papel do CDTIC debe interpretarse como un catalizador entre a oferta e a demanda tecnolóxica, sabendo que na medida na que se produce unha vinculación entre as empresas e o sector TIC obtense unha mellora para a nosa economía.

Para iso, o CDTIC ofrece:

- Ao sector TIC, os medios e o apoio necesario para achegar as súas solucións TIC a outras empresas potenciais demandantes dos mesmos.
- Ás empresas doutros sectores produtivos, demostracións prácticas de solucións tecnolóxicas específicas do seu sector e formación práctica en materia TIC.
- Formación e capacitación tanto ás empresas TIC como ás empresas e autónomos, mellorando a empregabilidade dos mesmos e facilitando a incorporación das pemes, micropemes e autónomos á sociedade do coñecemento.

En conxunto, durante o ano 2014 celebráronse máis de 100 actividades nas que participaron máis de 580 empresas usuarias de tecnoloxía. O CDTIC achegou máis de 60 solucións tecnolóxicas de máis de 65 provedores galegos.

As actuacións desenvolvidas durante o 2014 supuxeron un notable incremento respecto ao 2013; así na seguinte gráfica podemos ver a evolución dos principais indicadores: triplicouse o número de actividades, e o número de empresas usuarias de tecnoloxía incrementouse un 100 % respecto a 2013.

Por outra banda, asinou un convenio para a conformación dunha Rede de centros demostradores, onde se pretende

establecer mecanismos de coordinación entre os diversos centros, fomentar a realización de actuacións conxuntas, e deseñar ramas ou áreas temáticas ou tecnolóxicas onde cada centro poderá profundar.

Igualmente, puxéronse en marcha novos servizos (CDTIC Virtual, Streaming, Consultas TIC, etc.). Pola súa banda, o Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia continúa xuntando a oferta TIC galega, superando os 300 provedores e as 700 solucións TIC.

5.2.1.- Fomento da innovación tecnolóxica no sector marítimo

No 2014 o CDTIC comezou a súa colaboración no proxecto STAMAR para innovación do sector marítimo, financiado mediante un proxecto de cooperación no Espazo Atlántico que lidera a Amtega, xunto con outras entidades e institucións de Irlanda, Escocia, Francia e Portugal.

Este fito establece unha liña de procura doutras vías de financiamento para as actividades do Centro, ao tempo que se pode transferir o coñecemento acumulado na xestión desta iniciativa cara a outros sectores e territorios.

Realizáronse unha serie de actividades entre as que destacan:

- Xornada de presentación inicial do proxecto aos socios do mesmo, utilizando o CDTIC como exemplo dun centro demostrador, con actividades en funcionamento. De feito, a experiencia do CDTIC permitirá a creación no marco deste proxecto dun Centro Demostrador Transnacional de Solucións para o Sector Marítimo.
- Elaboración dun documento guía para a creación dun centro demostrador, das súas actividades, do financiamento do mesmo, etc. que deberían utilizar os socios do proxecto para a creación das súas respectivas unidades de demostración.
- Xornada de intercambio de experiencias e innovacións entre a comunidade científica e o proxecto STAMAR.

- Xornada sobre as potencialidades das tecnoloxías da información e a innovación no sector do mar.

5.2.2.- Fomento da innovación tecnolóxica no sector turístico

Pola súa banda, celebrouse a I Xornada de Turismo e TIC como un punto de encontro entre as empresas do sector tecnolóxico e as do sector turístico no que se organizaron mesas de traballo para definir os retos pendentes na aplicación das novas tecnoloxías a este sector. Igualmente amosáronse, de forma práctica, as solucións máis innovadoras que existen a día de hoxe para o turismo.

Así mesmo presentouse o Catálogo de provedores e solucións TIC para o Turismo, TurismoTIC.gal, onde se recolleu unha mostra significativa de empresas TIC galegas que ofertan produtos e servizos específicos para as empresas do sector turismo, permitindo realizar unha actualización do MapaTIC.gal.

O MapaTIC.gal é un directorio en liña integrado na páxina web do Centro Demostrador TIC, onde as empresas demandantes de tecnoloxía poden localizar facilmente provedores, produtos e servizos tecnolóxicos galegos, permitindo fomentar a cooperación intersectorial para mellorar a competitividade do sector tecnolóxico galego. Co obxectivo de achegar máis facilmente a oferta tecnolóxica existente en Galicia aos sectores empresariais de maior relevancia na economía galega, o mapa conta con dous catálogos sectoriais: ModaTIC.gal e TurismoTIC.gal.


En 2014, o MapaTIC.gal consolidouse como escaparate da oferta TIC galega en Internet e punto de encontro entre o sector tecnolóxico e os restantes sectores produtivos, rematando o ano con máis de 300 provedores, 700 solucións TIC galegas e 480 empresas non TIC como casos de éxito de implantación de solucións tecnolóxicas.

5.2.3.- Servizos de apoio e capacitación tecnolóxica a empresas, autónomos e empresas TIC

O CDTIC ampliou considerablemente a oferta de formación, pasando das 130 horas de 2013 ás máis de 500 horas de formación neste 2014, distribuídas a través de 50 talleres aos que asistiron máis de 1.000 profesionais. Comercio electrónico, redes sociais, mercadotecnia dixital, computación na nube, xestión empresarial, mobilidade e software libre foron as temáticas máis demandadas. Neste último caso celebráronse numerosas sesións, como liberación de software desenvolvido por empresas galegas, xestión documental, licenciamiento, avaliación de proxectos, etc.

Adicionalmente, cómpre indicar que se celebraron actuacións tanto para empresas e autónomos, como para empresas TIC, e neste último caso, actuacións especificamente dirixidas a directivos das mesmas. En canto a temáticas, impartíronse actividades para o fomento da internacionalización, da orientación estratéxica, da comercialización de produtos TIC ou de xestión de equipos humanos.

Oferta formativa (◀▶ Horas formación ▶▶ Asistentes)



5.2.4.- Posta en marcha de novos servizos a empresas

O primeiro destes novos servizos, o de Consultas TIC, está destinado a pemes e profesionais autónomos que precisen resolver dúbidas ou cuestións vinculadas a solucións tecnolóxicas aplicables ao seu negocio.

Por outra banda, no 2014 lanzouse o Centro Demostrador TIC Virtual, onde as empresas e persoas usuarias teñen a posibilidade de analizar e probar solucións empresariais libres que están aloxadas na nube. Deste xeito poden coñecer e avaliar a utilidade e adecuación ás súas necesidades de solucións tecnolóxicas dispoñibles para o seu sector.

Este servizo iniciouse coas aplicacións Owncloud, unha solución libre que permite dispoñer dun servizo de almacenamento e compartición segura de ficheiros na nube (cloud computing) e Xeshostal, que permite a xestión en liña (a través de Internet) de establecementos hostaleiros, que foi liberada o ano pasado pola Amtega en colaboración coa Axencia de Turismo.

5.2.5.- Programa de promoción, difusión e diversificación territorial do CDTIC en colaboración cos axentes destacados do sector TIC

A colaboración con CeMIT permitiu distribuír xeograficamente as actividades do CDTIC e contribuíu a achegar a oferta de actividades do CDTIC ás empresas de diversos puntos de Galicia. Neste sentido realizáronse accións na Coruña, Vigo, Ourense e Pontevedra.

Outro servizo adicional é o de Consultas TIC, destinado a pemes e profesionais autónomos que precisen resolver dúbidas ou cuestións vinculadas a solucións tecnolóxicas aplicables ao seu negocio.


Igualmente, o catálogo de servizos do CDTIC incorporou en 2014 a reprodución durante a descarga (streaming), dirixido a aquelas persoas que queren seguir as actividades levadas a cabo polo CDTIC, pero que non teñen a posibilidade de desprazarse ata as súas instalacións en Santiago.

Realizáronse igualmente campañas de promoción web específicas para o CDTIC e o MapaTIC. Tamén se realizaron accións de presentación do CDTIC a clústeres e asociacións empresariais.

No tocante ao servizo web MapaTIC.gal superou as 9.000 páxinas vistas durante o 2014, e contén información sobre 303 provedores TIC galegos que ofertan máis de 700 solucións tecnolóxicas.

No ano 2014 acelerouse o ritmo de incorporación de provedores e solucións ao MapaTIC.gal, superando en 10 puntos á media anual, grazas á realización dunha campaña de captación de novos provedores e de actualización da información dos provedores existentes. Así mesmo, elaborouse o Catálogo TurismoTIC.gal, catálogo de provedores e solucións TIC galegas para o Turismo.

Perfil provedores TIC



Por último, e dada a importancia da páxina web como principal canle de comunicación entre o CDTIC e as empresas, durante o 2014 lanzouse unha nova versión da web, obtendo un grande impacto, o que se demostra nas seguintes cifras:

- 35.300 visitas.
- 142.303 páxinas vistas.

O renovado portal conta con novas funcionalidades que proporcionan unha maior utilidade para os usuarios do Centro. Así, habilitáronse dous novos espazos:

- **Espazo usuario**, un espazo privado no que o usuario pode consultar as súas actividades, descargar documentación das actividades, recibir comunicacións do centro, inscribirse nas actividades, realizar consultas TIC, etc.

- **Espazo empresa**, espazo privado para as empresas ou entidades que realizan unha demostración dos seus produtos ou servizos TIC no CDTIC. Así poden facer reserva en liña das instalacións do centro, seguir a evolución das inscricións das súas actividades, obter un Informe de resultados coas valoracións dos asistentes ás súas presentacións, solicitar accesos ao CDTIC Virtual, etc.





5.3.- Smart Turismo

Posta en marcha de iniciativas para a difusión e promoción do turismo en Galicia, tanto dende as actividades da Administración pública, como na relación cos operadores de Galicia.

O programa está dirixido ao desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica de turismo de Galicia, baixo o concepto smart, no que a tecnoloxía se concibe como unha ferramenta que fai os servizos públicos máis interactivos, eficientes e integrados para o cidadán. Os investimentos realizados neste ámbito fomentarán o desenvolvemento sustentable e incrementarán a difusión e promoción do sector turístico e de lecer de Galicia, tanto dende as actividades da Administración pública, como na relación cos operadores de Galicia.

5.3.1.- Elaboración do plan de actuación no eido do Turismo

Publicación do plan Smart Turismo, que recolle un plan de actuación para o desenvolvemento das TIC no eido do Turismo:

- Elaboración do plan de actuación **SMART Turismo**.
- Elaboración do plan de actuación **SMART Camiño**.

Para a elaboración deste plan tivéronse en conta as necesidades identificadas por todos os ámbitos que se integraron na Axencia Turismo de Galicia: Secretaría Xeral de Turismo, Turgalicia, Xacobeo, Escola Superior de Hostalería, Instituto de Estudos Turísticos.

5.3.2.- Rexistro de Establecementos de Actividades Turísticas

Inicio do desenvolvemento do RITGA (Repositorio Información Turístico de Galicia) que integrará:

- Sistema de Xestión de Recursos Turísticos (SXRT) – Con información promocional.
- Rexistro de Establecementos e Actividades Turísticas (REAT) - Con información administrativa.
- Sistema de soporte completo á inspección turística.

Garantindo a coherencia, calidade e integridade entre os datos promocionais e os administrativos e incluíndo a xestión do ciclo completo da inspección, dende a súa planificación, asistencia durante proceso, e tramitación, se procede, das infraccións e sancións, porase en marcha en 2015.

5.3.3.- Smart Camiño

- Licitación e inicio de execución das actuacións para o desenvolvemento do plan SmartCamiño: Desenvolvemento dunha plataforma de intercambio de información entre as institucións, os peregrinos e o sector empresarial local, a modo de iniciativa extensible a outros contextos territoriais. En concreto inclúe:
 - » Dotación de conexión a Internet e espazos wifi na rede de albergues públicos do Camiño de Santiago en Galicia.
 - » Redeseño do espazo web xacobeo.org coa finalidade de dotalo de espazos de difusión do Camiño e espazos de promoción do sector turístico na rede.
 - » Deseño do plan de acción e relación co sector turístico do Camiño de Santiago para a promoción das TIC neste eido.
 - » Desenvolvemento de aplicacións de acompañamento no Camiño para o peregrino.

5.3.4.- Ademais...

- Mantemento das enquisas turísticas.
- Desenvolvemento das adaptacións necesarias para a integración dos portais dos distintos órganos que se inclúen na Axencia, para a súa homoxeneización da presenza en Internet. Englóbanse baixo a dirección www.turismo.gal



- Desenvolvemento e posta en marcha dun sistema básico de inspección, para suplir necesidades básicas, de xeito transitorio ao novo sistema.



5.4.- Modernización do transporte público en Galicia

Este programa posibilitará a modernización do sector do transporte e a mellora da calidade dos servizos, tanto na xestión e toma de decisións, como no referido á información e servizos ofrecidos aos usuarios.

5.4.1. Mantemento e evolución do Sistema de Información do Transporte Metropolitano de Galicia

As principais actuacións levadas a cabo nos sistemas de información do Sistema de Información do Transporte Metropolitano de Galicia (SITME, SITBUS e TMGSOCIAL) son:

- **SITME (Sistema de Información do Transporte Metropolitano de Galicia):** Desenvolvéronse melloras no procedemento de cálculo de imputacións aos concellos que forman parte do Plan Metropolitano e realizáronse modificacións para permitir varios prezos de compensación ao longo do ano.
- **SITBUS (Sistema de Información do transporte por autobús):** Desenvolveuse un módulo de tramitación de expedientes de uso especial: escolar, de traballadores, lecer e outros. Para os expedientes de transporte escolar de centros públicos implementouse a integración coa aplicación que xestiona os contratos de transporte escolar da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a descarga automática dos datos do contrato.
- **TMGSOCIAL (Tarxeta Metropolitana Social):** Desenvolvéronse as funcionalidades necesarias para permitir bonificacións no transporte aos membros de familias numerosas (xeral e especial) e aos estudantes da Universidade da Coruña (Coruña e Ferrol) segundo as condicións indicadas nos convenios asinados.

5.4.2. Sistema de tramitación de expedientes sancionadores en materia de transportes (IURIST)

No 2014, no IURIST, o Sistema de tramitación de expedientes sancionadores (boletíns de denuncia, actas de inspección, denuncias axente e denuncias voluntarias) en materia de transportes, desenvolveuse unha nova funcionalidade para a descarga telemática e rexistro automático dos boletíns de denuncia da Garda Civil, simplificando notablemente a carga de traballo nos servizos provinciais na incoación de expedientes.

Esta funcionalidade, que se puxo en marcha en marzo, influíu no incremento dun 21 % con respecto ao ano 2013 na tramitación de expedientes.

5.4.3. Sistema de axuda á explotación do Plan de Modernización do Transporte

No tocante ao desenvolvemento e posta en marcha dun sistema de axuda á explotación (S.A.E.) en toda a frota adscrita ás concesións, que permita a localización e identificación en tempo real dos autobuses, durante o 2014 desenvóléronse as seguintes actividades:

- Publicación da regulación que desenvolvía o proxecto ao que se adheriron un total de 51 operadores de transporte, o que supón 373 vehículos.
- Licitación do servizo de xestión de mobilidade do transporte público regular de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, polo procedemento de diálogo competitivo, e con colaboración entre o sector público e o privado.
- Estase a desenvolver o diálogo cos tres candidatos admitidos ao proceso.

5.4.4. Rexistro público de licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi

O proxecto ten como obxectivo o desenvolvemento dun rexistro electrónico de licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi.

No ano 2014 leváronse a cabo as seguintes tarefas:

- Desenvolveuse a aplicación de rexistro de licenzas para os concellos (actualmente instalada en preproducción).
- Dende o 15 ao 18 de decembro impartíuse a formación aos concellos.
- Importáronse os datos das autorizacións da Comunidade Autónoma que figuraban na aplicación Sitran do Ministerio.
- Definíronse os procedementos de suspensión e visado de títulos habilitantes.



5.5.- Potenciar a xestión telemática no sector agrogandeiro

A finalidade deste plan é desenvolver novos servizos e instrumentos que permitan ao sector gandeiro galego facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa Administración como con terceiros, mellorando a explotación e a xestión da información en poder da Administración.

5.5.1.- Mantemento e evolución dos sistemas troncais de xestión do sector agropecuario e do FOGGA

Implementáronse melloras nos sistemas troncais do ámbito agropecuario como son: o sistema integrado de xestión e control de axudas (sistemas de inmovilizacións parciais TUB, modificación das actas de indemnizacións, unificación das BBDD de gandería, xestión de indebidos negativos, compensación entre fondos, adaptación da solicitude unificada única, mantemento de CONSUPAC...); no Rexistro de Explotacións Agrogandeiras de Galicia (REAGA) evolucionouse o rexistro e a xestión á contorna web que permite a integración con aplicacións tanto internas como externas (PAC 2014-2020), eliminando a dependencia do SIXC e actualizando as necesidades da aplicación de catálogo de explotacións prioritarias; desenvolveuse unha nova ferramenta de controis de campo para a área vitícola e establecéronse novas bases tecnolóxicas e funcionais para controis de campo en xeral, COCAFE (nova CONSUPAC de controis de campo); desenvolveuse unha ferramenta integral de xestión contable de pagamentos para o FOGGA (EEOP) incluíndo contabilidade de dereitos e pagamentos, e rexistro de beneficiarios e servizo xurídico; e despregouse nos sistemas corporativos da Xunta a nova plataforma do MAGRAMA de xestión de axudas directas (solicitude única) do novo período da PAC, (incluíndo captura e xestión de axudas asimiladas de desenvolvemento rural); e, finalmente, realizouse a adaptación do SIXC e ferramentas conexas á mesma, xunto coa integración coas plataformas corporativas (interoperabilidade, sinatura, rexistro, xestión documental...).

Como datos que demostran a relevancia dos sistemas, no relativo ao sistema integrado no campo da gandería, existen no sistema 7,66 millóns de animais identificados individualmente cos seus correspondentes históricos; e declaráronse en 2014 717.000 movementos de reses. No relativo ás ferramentas de control en campo, no 2014 inspeccionáronse 118.000 recintos correspondentes a máis de 6000 solicitudes de axudas (solicitude única). No tocante á xestión contable, suporá a xestión de pagamentos de máis de 100 millóns de euros anuais de fondos FEADER (140 millóns de euros de gasto público total), mentres que a nova plataforma de MAGRAMA, considerando os datos

de 2014, prevé xestionar máis de 36.500 solicitudes de axuda implicando máis de 1,5 millóns de recintos.

5.5.2.- Oficina Agraria Virtual (OAV)

Entre as actuacións máis relevantes levadas a cabo no 2014 na Oficina Agraria Virtual (OAV) están a modificación da estrutura do portal, da súa usabilidade e aspecto visual, coa incorporación dun sistema de mensaxería e avisos, a incorporación de novas funcionalidades (subexplotación determinada por gandeiro, posibilidade de obtención do Libro de Rexistro de Ovino-Caprino, obtención dos documentos de cualificación sanitaria), o acceso dos matadoiros para comunicación de sacrificios, e o acceso do Consello Regulador das Explotacións de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) para a tramitación das Explotacións de tipo «Ecolóxica».

A OAV xestionou no 2014 644.000 peticións de servizos, entre as que se poden mencionar 436.000 altas por nacemento, 139.000 movementos de reses, 53.301 guías de veterinarios autorizados ou 31.000 duplicados de identificación.

5.5.3.- Mantemento e evolución de varios sistemas que dan soporte á xestión

Neste ámbito, no 2014 levouse a cabo:

- Posta en marcha do proxecto piloto de Lonxa Virtual de Gandería: servizo gratuíto para os gandeiros galegos, destinado á compravenda de gando a través de Internet.
- Implantación de novas versións da aplicación de xestión de mostras para as Asociacións de Defensa Gandeira de Galicia (ADSGs), incluíndo a tramitación telemática (sede) das axudas das asociacións.
- Implantación de novas versións da aplicación de xestión dos laboratorios de sanidade e produción animal de Galicia – LASAPAGA (MARIS), con especial relevancia á implementación da sinatura dixital e a integración co Epicenter. No 2014 xestionouse telematicamente o 83 % das mostras que se analizan nestes laboratorios utilizando esta ferramenta.
- Evolutivo do Rexistro de Calidade de Leite Diferenciado.
- Desenvolvemento de Xacobeia, unha ferramenta informática que permite referenciar o prezo do leite nos contratos obrigatorios á evolución dos indicadores de mercado actual e modular simultaneamente en función da evolución dos prezos de produción.

- Ferramenta de xestión básica para o control da cota leiteira.

5.5.4.- Seguridade e auditoría informática do FOGGA

Ademais, deuse cumprimento das obrigacións normativas do FOGGA, en relación á xestión de fondos europeos agrícolas, en materia de seguridade de sistemas de información (ISO 27002):

- Análise e Plan de Tratamento de Riscos; análise de impacto de negocio.
- Documento de Seguridade e procedementos asociados.
- Revisión documental ISO/IEC 27002.
- Sesións de Formación de seguridade en distintos niveis.
- Desenvolvemento e soporte do Comité de Seguridade da CMRM.
- Soporte e atención á auditoría interna (Plan Quinquenal de Auditoría do FOGGA) e externa (decembro 2014).

5.5.5.- Desenvolvemento dun sistema de axuda á toma de decisións (BI) no sector de gandería

Desenvolvemento dun sistema de información baseado en plataformas de intelixencia de negocio que permita a análise da información do sector gandeiro para a axuda á toma de decisións e cuestións relativas á sanidade animal.

Durante o presente exercicio iniciouse o proxecto BIGAN, tendo traballado fundamentalmente na preparación dos contornos tecnolóxicos BI para o proxecto e na definición de requisitos para os distintos módulos identificados (M1 a M3 xa desenvolto).



5.6.- Impulsar a xestión integral dos recursos forestais

A finalidade deste plan está orientada a desenvolver novos servizos e instrumentos que permitan ao sector facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa Administración coma na súa propia xestión, e impulsar a través da tecnoloxía melloras na loita contra os incendios e na prevención destes.

5.6.1.- Desenvolvemento de servizos no sector forestal

Implantación do sistema de comunicación web de cortas de madeira privadas (CORWEB), o que permitiu que ata un 25 % das solicitudes se tramitaran xa telematicamente desde a posta en marcha en setembro do 2014

- Adaptación do sistema de xestión de axudas no monte (XAMON) ás novas convocatorias e liñas de axuda tramitadas no 2014 (liña 11 - primeira forestación, liña 12 - frondosas caducifolias e liña 15-aproveitamentos forestais), o que permitiu xestionar 1123 solicitudes que deron lugar a 6852 inspeccións.
- Desenvolvemento dun visor forestal para a xestión de capas gráficas, en colaboración co Instituto de Estudos do Territorio.
- Desenvolvemento dun sistema de presentación e administración de plan de ordenación e xestión forestal.
- Desenvolvemento dunha ferramenta de xestión das poxas e xestión de cortas de madeira públicas.
- Análise de viabilidade e licitación dunha nova aplicación de sanidade vexetal e forestal (SAVIFOR).

5.6.2.- Desenvolvemento de servizos na loita contra os incendios forestais

- Modificación e soporte evolutivo das aplicacións de xestión dos incendios (queimas controladas, diario de lumes, inventario e infraestruturas, xestión de quendas, diario de lumes, inventario, xeorrecursos, Xlumes/Xeocode). As ditas evolucións permiten afianzar o emprego de canles telemáticas, como no caso dos restrollos agrícolas amoredados para queimas, onde o 28 % dos restrollos son comunicados por vía telemática, porcentaxe que se eleva ata o 50 % incluíndo o sistema de voz automatizado (IVR).
- Atención de incidencias mediante un Centro de Atención a Usuario específico (CAU-Incendios), reforzado durante a campaña de incendios (4 meses) con 3.500 tickets e actuacións (incidencias, instalacións de medios e equipos informáticos e de radicomunicacións, soporte...) atendidos.
- Adaptación das aplicacións de xestión administrativas no eido de incendios: axudas (AXUL02), convenios e xestión de queimas.
- Migración gradual e consolidación de servidores e aplicacións na nova infraestrutura corporativa de Amtega (CPDi) dos servidores de incendios e de SEAGA (clúster PINUS).
- Implantación dun novo sistema de información cunha arquitectura tecnolóxica actual que permita unha mellor eficiencia e a prestación de servizos acorde coas necesidades do dispositivo de prevención e extinción de incendios, posibilitando ademais a incorporación de novas funcionalidades, de acordo co PLADIGA.
- Adquisición e instalación dun novo sistema de visualización no Centro de Control e Coordinación de Incendios de Galicia (CCC-Incendios) operativo desde o arranque da campaña de incendios do 2014.



5.7.- Potenciar a plataforma de xestión de servizos para o sector da pesca e do mar

Este plan oríentase a consolidar e impulsar os servizos que permitan ao sector do mar facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa Administración, como con terceiros; mellorando os procedementos do sector a través do emprego das TIC.

5.7.1.- Desenvolvemento da plataforma de teleformación e do portal de formación para o sector do mar

- Soporte na realización de cursos e convocatorias na modalidade de teleformación: 10 novas convocatorias durante 2014 (curso de Mariñeiro Pescador).
- Subministración e instalación dun novo simulador de prácticas de navegación e pesca na Escola Náutico Pesqueira do Atlántico (IPMP) de Vigo. Instalado en decembro.
- Desenvolvemento dun sistema integrado de xestión das ensinanzas e titulacións náuticas (XESTEN) co fin de optimizar o fluxo de traballo.
- Soporte das aplicacións de xestión dos cursos e alumnos, así como da súa integración coa ferramenta Moodle, que manexa os contidos dos cursos.
- Transferencia á infraestrutura corporativa do sistema de Bolsa de Emprego (BOTFA) do IGAFA - Instituto Galego de Formación en Acuicultura.
- Transferencia e integración do CIMA en RCXG e sistemas corporativos, así como migración e redeseño do portal.
- Implantación de software (Millenium) para cromatógrafo de altas prestacións do CIMA.

5.7.2.- Desenvolvemento de servizos no sector da pesca e do mar

- Soporte e atención a usuarios do equipamento e software de lonxas e confrarías que fan uso da contorna tecnolóxica periférica da PTP, cunha media de 150 partes de servizo/mes de mantemento correctivo (remoto e in situ).
- Hosting da PTP e análise e plan de migración ao CPDi.
- Análise e axuda na toma de decisión sobre a implantación dun software de poxa e xestión de confrarías.
- Aplicación dun modelo de extracción analítica de información (BI) no eido da PTP; construción do primeiro datamart en GCM.
- Soporte no mantemento da aplicación web que soporta a Xestión e difusión dos Grupos de Acción Costeira (GAC).
- Posta en funcionamento dos webs promocionais de difusión de produtos do mar (Ponlle as pilas ao teu bocata, O sabor da aventura está no mar...); con particular fincapé no portal PescadeRías e ferramenta de xestión da trazabilidade asociada.
- Aplicación de apoio nos procesos de elección e renovación das confrarías.
- Desenvolvemento dun proxecto piloto de tramitación telemática de axudas con fondos FEP (PE 104D), baseado nunha nova plataforma de tramitación.
- Probas de integración de sistemas de mobilidade (mos-traxes, inspeccións).
- Licitación da extensión de puntos de autoservizo en lonxas e confrarías (TICPESC). Posta en funcionamento prevista para o primeiro semestre de 2015. No 2014 un total de 49.373 documentos de transporte, orixe, rexistro e alternancia de artes foron obtidos a través destes terminais (un 18,67 % do total).
- Avaliación da integración de sistemas pesada nos TICPESC, de acordo coa normativa comunitaria. Dous sistemas en instalación (Bueu e Portonovo).
- Mantemento e soporte evolutivo da Plataforma Tecnolóxica de Pesca (PTP), (melloras de sist. Infor. Como alternancia de artes, conexión con outros sistemas e plataformas: INTECMAR, sanidade...; redeseño da web Pesca de Galicia). A PTP procesou no 2014 3,4 millóns de notas de venda de pesca fresca e 265.000 documentos electrónicos de pesca.



Obxectivo 6: InfraTeleCom



6.1.- Plan de banda larga

A súa finalidade é o desenvolvemento de infraestruturas de comunicación modernas e sustentables que garantan aos cidadáns e ás empresas de todo o territorio rexional o seu dereito de acceso aos servizos avanzados da sociedade da información.

6.1.1.- Axudas para a extensión de redes de acceso de banda larga no ámbito rural de Galicia derivadas do PDBL

En 2014 continuouse o despregamento de redes sen fíos de tecnoloxía 3G, alcanzando unha cobertura superior ao 98 % (máis de 2,7 millóns de galegos) ao final do ano.

Ata o remate deste ano estendéronse as redes 3G de ata 7Mbps a preto de 270.000 habitantes en 11.700 núcleos de poboación.

Así mesmo, consonte un convenio asinado entre a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) e a Amtega, realizáronse verificacións e comprobacións da calidade das redes de banda larga vía radio en 200 núcleos dos incluídos como obxectivo na acción de redes sen fíos do PDBL.

6.1.2.- Axudas para a contratación de Internet vía satélite derivadas do PDBL

Esta acción pretende complementar a cobertura de banda larga de calidade ao 3 % da poboación que debido á súa elevada dispersión ou dificultades orográficas non dispón de acceso a banda larga de cando menos 2Mbps, a través doutra tecnoloxía.

Un total de 1.089 familias e empresas solicitaron as axudas da Xunta de Galicia para contratar o servizo de conexión a Internet vía satélite en 2014. En total máis de 2.500 familias e pemeas solicitaron estas axudas desde o ano 2012.

6.1.3.- Desenvolvemento normativo da Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia

O obxectivo desta liña de traballo é establecer un marco normativo que axilice e facilite o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións en todo o territorio, dunha maneira homoxénea, harmónica e respectuosa co ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural.

O pasado 15 de decembro publicouse o Decreto 150/2014, do 27 de novembro, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en estradas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

É o primeiro desenvolvemento normativo da lei. O decreto prevé un procedemento de coordinación cos operadores de telecomunicacións para que, antes de iniciarse a execución da obra, manifesten cales son as infraestruturas necesarias, aínda que a Administración autonómica obrigase a instalar un número mínimo de condutos de telecomunicacións independentemente da demanda observada.

Esta medida impulsará o desenvolvemento das redes públicas de telecomunicación no territorio, facilitando que estas redes cheguen a máis poboación, ao reducir os custos asociados á obra civil de telecomunicacións, que supoñen un 80 % do importe total dos despregamentos.

Trátase, en definitiva, de impulsar o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións aproveitando a sinerxía dos proxectos de construción de novas estradas autonómicas logrando un aforro en tempo e investimento.

Así mesmo, estase a elaborar un decreto que desenvolverá o artigo 9º da Lei 3/2013, do 20 de maio, para regular a incorporación de instalacións de telecomunicacións nos proxectos de construción de edificios de titularidade pública, co obxectivo de garantir que a planificación de edificios públicos inclúa as necesidades de infraestruturas para o aprovisionamento de

servizos dixitais, de xeito que se maximice o aproveitamento das TIC para a prestación de servizos públicos.

6.1.4.- Colaborar coas administracións territoriais para crear un contorno máis favorable ao desenvolvemento das redes públicas de comunicacións electrónicas

No marco do convenio entre a Amtega e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) púxose á disposición dos concellos galegos un servizo de asesoramento sobre normativa e solucións técnicas para o despregamento de infraestruturas de telecomunicación.

Este equipo de traballo específico integrado por enxeñeiros de telecomunicación ofreceu soporte centralizado e permanente ás entidades locais para resolver dúbidas sobre a aplicación da normativa e cuestións técnicas da implantación dos equipamentos de telecomunicación que afectan as actividades das administracións locais.

Esta medida vén motivada polos numerosos cambios en materia das telecomunicacións que se están a producir nestes anos, e que afectan as actividades sobre as que exercen as súas competencias as administracións locais. Constátase a dificultade de actualización normativa e de acceso á información tecnolóxica que están a condicionar o funcionamento diario destas administracións locais.

Así mesmo, en colaboración coa FEGAMP e a AETG, estase a traballar no desenvolvemento dun modelo de ordenanza tipo de telecomunicacións para, partindo do modelo de ordenanza de antenas de telefonía móbil, aprobado pola FEMP no ano 2008, incorporar as redes con cableames dentro do ámbito de aplicación e adaptado aos recentes cambios introducidos pola Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións, así como á normativa autonómica vixente de protección do territorio, medio e patrimonio histórico-artístico.

Así, os concellos dispoñerán dunha ferramenta que lles axudará a establecer condicións urbanísticas e ambientais axeitadas para que o desenvolvemento das telecomunicacións nos termos municipais sexa áxil e respectuoso coa contorna, tanto en medio urbano como en rural.

6.1.5.- Servizos da Oficina Banda Larga para apoiar o desenvolvemento das actuacións da Amtega en materia de telecomunicacións

Rexistro de Demandantes (ReDe)

É unha ferramenta web de consulta que proporciona información sobre a cobertura de banda larga acadada coas actuacións do PDBL e permite rexistrar demandas de cobertura no caso de que o usuario non dispoña dela. Xestionáronse máis de 850 demandas de cobertura de banda larga a través de ReDe.



<http://cobertura-pdbl.xunta.es/>

Oficina do Plan de Banda Larga

As principais actividades realizadas por esta Oficina, posta en marcha en 2010, son:

- Ofrecer información sobre a banda larga a cidadáns, empresas e concellos, por vía telefónica ou por correo electrónico.
- Elaboración de informes sobre o avance do PDBL.
- Seguimento operativo, comercial, económico e de cobertura das actuacións de despregamento.
- Tramitación e seguimento das demandas de banda larga recollidas en ReDe e actualización da cobertura.

6.1.6.- Estudo da situación da oferta e da demanda de redes de banda larga ultrarrápida

A Amtega está elaborando un estudo da situación da banda larga ultrarrápida en Galicia abrindo un proceso de consulta sobre a oferta e demanda de servizos de Internet con vistas á plena converxencia con Europa no horizonte 2020.

Este é o paso previo imprescindible para poder adoptar as medidas necesarias para que Galicia avance no obxectivo marcado pola Axenda Dixital de Europa no horizonte 2020: que todos os europeos teñan acceso a unhas velocidades de Internet por enriba dos 30 Mbps, e que polo menos a metade dos fogares europeos teñen contratadas conexións a Internet superiores a 100 Mbps.



6.2.- Potenciación de Retegal como operador de vanguardia

Esta actuación persigue dotar o operador público Retegal de máis medios e capacidades para convertelo nunha ferramenta que permita optimizar e acelerar o despregamento de banda larga na contorna rural, aproveitando toda a infraestrutura pública actual, reducindo así os custos do despregamento e favorecendo a competitividade efectiva dos operadores privados.

6.2.1.- Plan sectorial Retegal

En 2013 apróbase mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia de 2 de maio o «Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico xestionadas por Retegal».

Este Plan está orientado a ordenar as infraestruturas existentes, a súa evolución previsible a medio-longo prazo e estimar as súas necesidades.



6.3.- Modernización das redes do sector público autonómico

Este programa persegue a optimización da xestión e contratación das redes do sector público autonómico a través de 4 subprogramas «definición da arquitectura tecnolóxica das redes e servizos telco», «mellora dos procesos de xestión e control do gasto», «mellora de xestión dos servizos e redes de telecomunicación» e «a integración de redes na RCXG (Rede Corporativa da Xunta de Galicia)».

Ademais mediante este programa preténdese o impulso das infraestruturas de soporte da rede corporativa. Esta iniciativa consiste nunha serie de proxectos como a mellora da conexión dos xulgados ordinarios, mellorar a velocidade de acceso dos centros da rede corporativa da RCXG, aumentar a velocidade dos centros educativos do proxecto Abalar ou mellorar as infraestruturas no CPD Integral da Xunta de Galicia.

Por último pretende a mellora dos servizos ofrecidos aos usuarios. Esta iniciativa inclúe proxectos como a instalación de liñas de respaldo nos principais Centros Remotos, ou a mellora na seguridade coa reestruturación da electrónica de comunicacións do CPD de respaldo.

6.3.1.- Centro de xestión de rede

Durante o ano 2014 continuouse coa prestación do servizo de administración da rede corporativa.

O CXR mantén a Certificación de Calidade ISO 9001.

6.3.2.- Cableames estruturados para a rede corporativa da Xunta de Galicia

Continuouse coa subministración de cableames estruturados para a rede corporativa da Xunta de Galicia.

Con base neste contrato realizáronse importantes melloras do cableame en diversos edificios administrativos, xulgados e centros de servizos sociais, bibliotecas, museos, CPDi e outros.

6.3.3.- Servizo de telecomunicacións

Continúa a prestación do servizo de rede de telecomunicacións corporativa, incluíndo os servizos de datos, telefonía fixa e móbil.

Melloráronse as conexións dos distintos centros á Rede Corporativa, alcanzando unha velocidade media de 39,73 Mbps a finais de 2014 (28,57 Mbps en 2013). Cómpre resaltar o aumento da velocidade de acceso das sedes xudiciais, xa que pasaron dunha velocidade media de 76,94 Mbps a finais de 2013 a unha velocidade media de 95,26 Mbps en 2014.

Ampliáronse a 100 Mbps 63 centros da rede corporativa, dos cales 29 corresponden a centros educativos, outros 29 a centros administrativos e 4 a sedes xudiciais.

Ampliáronse a tecnoloxía Cable Módem de 15 Mbps 21 centros da rede corporativa, dos cales 9 corresponden a centros educativos, outros 9 a centros administrativos e 3 a centros sociais.

Tamén se viron melloradas as velocidades de acceso de 119 centros da rede corporativa con tecnoloxía ADSL, dos cales 7 pasaron a estar cubertas por ADSL de 20 Mbps (todos eles Centros Educativos), 42 con ADSL de 10 Mbps (37 Centros Educativos), 38 con ADSL de 8 Mbps (14 Centros Educativos) e 31 con ADSL de 4 Mbps (19 Centros Educativos).

Adicionalmente ampliouse a cobertura WiFi en distintos centros administrativos, residencias, centros de menores e de servizos sociais e outros.

Durante o ano 2014 integráronse os Puntos de Encontro Familiar de Santiago, Ferrol, A Coruña e Pontevedra.

Dotouse a Meteogalicia dun acceso alternativo físico independente en tecnoloxía Metroethernet 200 Mbps para a mellora da redundancia da liña principal (Metroethernet 1Gbps).

Outra actuación de relevancia neste ano consistiu na posta en marcha dunha conexión a Internet a través de RedIRIS-Cesga con unha capacidade de 10 Gbps pola que se cursa o tráfico dos centros educativos o cal supuxo unha mellora significativa fronte á conexión anterior.

Tamén se renovou a electrónica de comunicacións en numerosos edificios administrativos, permitindo multiplicar por 10 a velocidade das redes de área local destes centros.

En decembro de 2014 formalizouse o novo contrato de telecomunicacións da Rede Corporativa da Xunta de Galicia, que ten como alcance o servizo de telecomunicacións de datos, telefonía fixa e telefonía móbil dos usuarios e centros da Xunta de

Galicia, así como doutros centros aos que a Xunta de Galicia lles proporciona servizo.

Os servizos do novo contrato entrarán en funcionamento en 2015, destacando as seguintes melloras:

- Incrementarse en máis dun triplo de media o largo de banda de máis de 2.300 centros de servizos públicos.
- Reduciranse en máis dun 60 % os custos de telefonía móbil, nun 44 % os de servizos de rede de datos e máis do 15 % en telefonía fixa.
- Integraranse na rede corporativa os servizos de telefonía de preto de 1.400 centros públicos, o que mellorará a xestión das telecomunicacións e do servizo co que contan actualmente.
- Ademais, o novo contrato aforrará arredor de 12 millóns de euros en tres anos e conseguirá un investimento adicional doutros 12 millóns de euros por parte dos operadores adxudicatarios.
- Integrará as redes de datos do (CIXTEC), da CRTVG na rede da Xunta, eliminando duplicidades, co conseguinte aforro.
- Ampliarase a 10 xigas a capacidade do acceso a Internet da rede corporativa e renovarase máis de 4.700 equipos da rede de datos.
- Reforzarase conexión de fibra do CPDI co CPD de apoio o que mellorará a redundancia para garantir a continuidade dos servizos ante posibles incidencias no CPD.
- Incrementarse a seguridade da Rede Corporativa con novos equipamentos e servizos especificamente deseñados para a contención de posibles ataques de redes externas.

6.3.4.- Mellora do equipamento de comunicación dos servizos administrativos

Durante o 2014 renovouse a electrónica de comunicación en máis de 70 edificios administrativos substituíndo os concentradores/conmutadores obsoletos por conmutadores FastEthernet que foron recuperados doutras instalacións durante o proceso de renovación da electrónica a GigabitEthernet do ano anterior.

6.3.5.- Plataforma de monitoraxe da rede corporativa

Durante o 2014 continuouse empregando a plataforma de monitoraxe baseada en software libre (Zabbix) implantada durante o 2013 que permite coñecer o estado operativo dos distintos equipamentos de conmutación e enrutado que forman parte da rede, alertando de erros de forma automática.

Esta plataforma permite detectar con maior rapidez os problemas que se producen no equipamento da rede corporativa e contribúe a mellorar os tempos de resposta ante incidencias e, polo tanto, a dispoñibilidade da rede.

6.3.6.- Ampliación da electrónica de rede do CPDI

Durante o 2014 púxose en funcionamento unha nova infraestrutura na malla troncal da RCXG para xerar un nivel maior de dispoñibilidade e seguridade dos servizos ofrecidos dende o Centro de Proceso de Datos Integral, sito na Cidade da Cultura, e o Centro de Proceso de Apoio sito no complexo administrativo de San Caetano.

Tamén se levou a cabo a ampliación da rede de Xestión, independente da rede de usuarios, que proporciona acceso remoto de xestión a todos os equipos críticos da rede corporativa.

Esta actuación facilitará a xestión do equipamento de comunicacións da Rede Corporativa, contribuíndo a mellorar a dispoñibilidade da rede para os usuarios.

6.3.7.- Mantemento da electrónica de comunicacións

Durante o ano 2014 continúaase a prestar o servizo de mantemento da electrónica de comunicacións da rede corporativa da Xunta de Galicia.



6.4.- Constitución dun servizo integral de comunicacións de emerxencias de Galicia

A finalidade fundamental deste programa consistirá no despregamento dun servizo de comunicación de emerxencias que posibilita dispoñer dos medios adecuados para a resolución de situacións de urxencias ou de catástrofes.

6.4.1.- Constitución dun servizo integral de comunicacións de emerxencias de Galicia

Durante o ano 2014 realizouse a implantación da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, quedando para o ano 2015 as probas de funcionamento desta.

Esta rede integrará nun mesmo sistema a todos os colectivos que participan nas emerxencias, mellorando a súa coordinación e garantindo as comunicacións en situacións extremas ou de saturación.

Alguns datos para destacar son os seguintes:

- Será a primeira rede de emerxencias de España con capacidade para multiplicar por 5 a velocidade de transmisión de datos respecto das redes de emerxencia convencionais.
- Está dimensionada inicialmente para 8.000 usuarios pero terá capacidade técnica para alcanzar os 12.000 usuarios.
- Contou cun investimento de 6,2 millóns de euros. A Xunta de Galicia achegou o 30 % e o resto Red.es grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Empregará as infraestruturas do operador público Retegal, permitindo un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais.

6.4.2.- Acordo marco para a subministración de terminais Tetra para a Xunta de Galicia

No 2014 licitouse e adxudicouse un acordo marco para a selección de subministradores, a fixación de prezos e o establecemento das bases que rexerán os contratos derivados de subministracións que posteriormente se formalicen, para a adquisición de terminais Tetra compatibles coa Rede Corporativa de Comunicacións Móviles Dixitais de Emerxencia e Seguridade da comunidade autónoma de Galicia.

Este acordo permitirá aos distintos colectivos que participan na xestión de emerxencias adquirir terminais para o uso da Rede de Emerxencias en condicións moi favorables.

O acordo marco comprenderá a determinación dun número mínimo de empresas subministradoras, os produtos a subministrar e os prezos unitarios (que terán o carácter de máximos), así como as restantes condicións xerais da subministración e os termos básicos aos que haberán de axustarse os contratos que se deriven do mesmo.



Obxectivo 7: Medidas instrumentais de eficiencia e de cooperación



7.2.- Coordinación coas axendas dixitais locais e apoio ás alianzas estratéxicas

A súa finalidade fundamental é aliar as políticas TIC da Xunta de Galicia coas iniciativas locais en materia de Sociedade da Información para posibilitar a racionalización do gasto público, reducir as disparidades tecnolóxicas, o aproveitamento de sinerxías e aumentar a eficacia das actuacións.

Así, durante o 2014 impulsáronse as seguintes medidas que permitirán construír un marco apropiado para o desenvolvemento da economía do coñecemento en Galicia.

7.2.1.- Posta en marcha da elaboración da nova Estratexia Dixital de Galicia 2020

No 2014 comezouse a elaboración da Axenda Dixital de Galicia 2020 co fin de reforzar e reafirmar a Estratexia Galega de Crecemento Dixital orientada a dar continuidade aos logros tecnolóxicos acadados en Galicia e converxer con Europa en 2020.

Esta axenda dará resposta a un novo modelo que comprende o espírito solidario e a cultura tecnolóxica como compoñente esencial na forma de pensar, organizar e actuar. E para definir a estratexia dixital, atenderase a un modelo de intelixencia colectiva onde a administración autonómica e as partes interesadas formarán unha rede social para co-deseñar a nova estratexia de goberno sobre a base de dous factores: a sabedoría e as expectativas colectivas.

Así, dende o mes de xullo iniciouse unha campaña de participación no Blog XenteDixital, a través da discusión sobre desafíos concretos para incorporar na Axenda Dixital onde toda a cidadanía transmitiu libremente a súa opinión. Nesta liña, tamén abriuse un concurso de curtos co móbil, onde os estudantes de ESO ou Bacharelato gravaron máis de 44 vídeos de 3 minutos representando a forma na que imaxinan que a tecnoloxía transformará Galicia no futuro.

Adicionalmente, realizouse un proceso de recollida de información a través dunha reflexión interna (organizada mediante entrevistas e formularios coas diferentes Consellerías) e externa (a través de 16 entrevistas co sector empresarial, expertos, emprendedores e inversores TIC, así como cuestionarios a

axentes e entidades locais e ademais dunha xornada específica de traballo co sector TIC).

7.2.2.- Coordinación de actuacións derivadas da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

- Durante este ano, continuáronse cos traballos e a posta en marcha dos mecanismos precisos para acadar unha óptima coordinación, encaixe e harmonización das iniciativas desenvolvidas no marco da Axenda Dixital: Vixilancia tecnolóxica: actividades de investigación co obxecto de coñecer as noticias, informes e publicacións que poidan ter un impacto directo e decisivo no desenvolvemento dos programas da ADG.
- Comunicación: soporte a todas as actividades relacionadas coa comunicación (roldas de prensa, discursos, etc.).
- Avaliación e seguimento das actuacións en materia de S.I.: tarefas de soporte ao seguimento, control técnico, xestión e control orzamentario.
- Supervisión do seguimento sobre as actuacións incluídas nos programas Impulsa Lugo e Impulsa Ourense: a oficina de coordinación supervisa a recollida de información sobre o avance dos proxectos.
 - » Desenvolvemento das redes de banda larga na contorna rural e o impulso de redes de nova xeración.
 - » Desenvolvemento das actuacións de alfabetización dixital (Rede CeMIT)
 - » Aproveitamento do CDTIC por parte de empresas (especialmente Pemes).
- Xestión e seguimento de todas as actividades da ADG: seguimento da evolución dos proxectos da Axenda Dixital de Galicia.
 - » Balance 2009–2013.
 - » Informe 2013.

7.2.3.- Apoio á definición dos Programas Operativos de Galicia no ámbito das Tecnoloxías da Información e a Comunicación

Continuouse co proceso de colaboración iniciado no ano 2013 para a elaboración dos Programas Operativos Rexionais correspondentes aos fondos europeos da Política de Cohesión 2014-2020 no campo das TIC:

- Realización de contribucións no eido TIC ao Acordo de Asociación de España 2014-2020.

Apoio na fase de elaboración do Programa Operativo Rexional do Fondo Social Europeo e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional coordinado pola «Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios». A Amtega realizou unha serie de achegas ao Plan de Desenvolvemento Rexional elaborado pola Consellería do Medio Rural e do Mar propoñendo novas actuacións dentro das necesidades identificadas.



7.3.- Colaboración coas entidades locais: Plan e-Concellos

Este programa materialízase no plan e-Concellos cuxa finalidade é alcanzar un conxunto de servizos comúns dixitais de uso xeneralizado polas administracións locais, que acompañen o desenvolvemento das TIC na administración local e que mediante a eliminación de duplicidades favoreza a eficiencia no consumo de recursos, sistemas e infraestruturas tecnolóxicas.


De xeito global o gráfico seguinte, amosa o número de entidades locais usuarias de diferentes servizos compartidos coa Xunta de Galicia:

Total concellos usuarios por servizo


Convenio




Informatización



Servizo Certificación



Servizo Conectividade



Servizo eAdministración




7.3.1.- Desenvolvemento e mantemento de servizos no portal EidoLocal

Máis de 3.800 usuarios no 100 % das entidades locais utilizan Eidolocal. Durante o ano 2014 realizáronse tarefas de mantemento e desenvolvemento de novas funcionalidades que se publicarán no primeiro trimestre de 2015.

- Un catálogo de servizos estruturado con acceso en liña actualizado dos servizos ofertados para as EELL.
- Envíos Xunta: servizo destinado a fomentar o intercambio de documentación por medios electrónicos entre as EELL e a Xunta de Galicia.
- Unha ferramenta de sinatura que facilitará e fomentará a sinatura e manexo de documento electrónico nas EELL.
- Os usuarios das EELL contarán tamén cunha área de traballo configurable deseñada para adaptarse totalmente ás súas necesidades de traballo co portal.

Entidades con acceso a EidoLocal




Uns 6.000 visitantes distintos acceden cada mes a EidoLocal, con máis de 120.000 visitas ao ano.

7.3.2.- Coordinación de servizos coas entidades locais.

Indícanse a continuación referencias sobre algunhas das iniciativas en marcha:

- Rematouse a implantación do sistema de rexistro único AIRES nas entidades locais.

Están actualmente integradas no sistema único de rexistro 312 oficinas de rexistro conveniadas nos concellos galegos, as 4 Deputacións e outras 26 entidades locais (mancomunidades, consorcios...). En total 342 entidades locais.



Concellos [312 / 91 %] Outras EELL [26 / 8 %] Deputacións [4 / 1 %]

- Posta en marcha da plataforma de licitación electrónica (www.leal.gal) para as entidades locais. Iniciado o piloto do uso da plataforma coas Deputacións de Ourense e Pontevedra, e o concello de Santiago.
- Acreditación dixital. Utilización por parte das entidades locais dos servizos de acreditación dixital, no marco do contrato asinado pola Xunta de Galicia coa FNMT. Na actualidade 139 EELL están a facer uso dos servizos de acreditación dixital.

A táboa que se adxunta indica os certificados consumidos polas entidades locais.

	CONCELLOS	DEPUTACIÓNS	OUTRAS EELL	TOTAIS
A CORUÑA	173	10	4	187
LUGO	84	12		96
OURENSE	11	3		14
PONTEVEDRA	25	6	2	33
TOTAL	293	31	6	330

En canto as oficinas de rexistro (en termos de acreditación dixital): 21 concellos crearon a súa propia oficina de Rexistro; 3 Oficinas de Rexistro Centralizadas creadas nas Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra que dan servizo a 96 concellos e 9 organismos autónomos:

- » **Oficina de rexistro AP centralizada na Dep. de Lugo:** 19 concellos de Lugo asinaron a Encomenda de Xestión coa Deputación.
- » **Oficina de rexistro AP centralizada na Dep. de Pontevedra:** 7 Organismos autónomos de Pontevedra asinaron a Encomenda de Xestión coa Deputación.
- » **Oficina de rexistro AP centralizada na Dep. de A Coruña:** 77 concellos e 2 organismos autónomos da Coruña asinaron a Encomenda de Xestión coa Deputación.

- Consulta de expedientes do COAATIEAC. Sinatura dun convenio co COAATIEAC que permite ofrecer aos concellos da provincia da Coruña un novo servizo de acceso en liña á información xeral de diferentes tipos de expedientes do COAATIEAC.
- Sistema de tradución automatizada GAIO. O sistema foi utilizado por máis de 50 entidades locais en 2014, realizando a tradución de 8,88 millóns de palabras. Destaca o feito de entidades locais como o concello da Coruña que integran o tradutor nos seus sistemas.

7.3.3.- Ademais...

- A Xunta de Galicia asinou co MINHAP o convenio de solucións básicas eAdministración: as EELL formalizan un acordo coa Xunta de Galicia para acceder ás solucións tecnolóxicas básicas de eAdministración contidas no «Convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica». O convenio establece os termos para a utilización destes servizos e solucións básicas, incluíndo entre outros servizos, aqueles que se prestan a través da Rede SARA e os servizos de interoperabilidade a través do Nodo de Interoperabilidade da Xunta de Galicia, e sustitúe ao antigo convenio mediante o cal se posibilitaba o acceso á Rede SARA.



7.5.- Observatorio da sociedade da información e a modernización de Galicia

A finalidade deste organismo é analizar, comparar, seguir e divulgar os datos relacionados coa sociedade da información en Galicia e coa modernización das administracións públicas.

7.5.1.- Actuacións do Observatorio da sociedade da información e a modernización (OSIMGA)

- Publicación de 38 informes e seguimento de 750 indicadores sobre equipamento e uso das TIC pola poboación, empresas, sector TIC e administración pública.
- Apertura de novas liñas de estudos: Responsabilidade Social Empresarial, Hipersector TIC e as Mulleres e a Comunicación Dixital.
- 5 operacións e actividades estatísticas incluídas no Plan Galego de Estatística 2012-2016: «As empresas TIC de Galicia», «O sistema de indicadores da SI» e «A Administración electrónica na Xunta de Galicia», «A Administración electrónica nos concellos de Galicia» e o propio Observatorio.
- Actualización continua do portal web coa publicación de 863 análises e noticias.
- Resolución de demandas de información sobre a Sociedade da Información en Galicia.
- Colaboración e intercambio de experiencias con administracións, observatorios, organismos e entidades, tanto de ámbito autonómico como estatal.

Para optimizar a recollida dos datos sobre penetración das TIC nos fogares e empresas galegas que o OSIMGA emprega nos seus informes, asinou un convenio entre a Xunta de Galicia e o Instituto Galego de Estatística. Como froito deste acordo tamén se recolle un módulo específico sobre as novas tecnoloxías nos fogares galegos no estudo «Condiciones de vida das familias» do IGE.

O portal web da OSIMGA superou as 93.000 visitas, un 13 % máis que o ano anterior, e conta con máis de 1.900 subscritores ao seu boletín semanal de actualidade .

7.5.2.- Apertura de novas liñas de estados temáticos

En 2014 elaboráronse varios monográficos, entre os que cabe destacar:

A Responsabilidade Social Corporativa (RSE) no Sector TIC:

Marco: Convenio de colaboración entre a Amtega, a Consellería de Traballo e Benestar e as entidades do ámbito tecnolóxico: Eganet, Clúster TIC, Agestic e Agasol.

Primeiro estudo no ámbito do proxecto RSE – TIC sobre o coñecemento e integración da RSE na xestión por parte do sector TIC galego.

As Mulleres e a Comunicación Dixital:

Marco: Convenio de colaboración co CPEIG

Análise da relación das mulleres coas novas canles de comunicación dixital e, en particular, as novas ferramentas informáticas dispoñibles no eido do xornalismo.

Caracterización do Hipersector TIC:

Análise dos principais parámetros sobre o sector TIC e os sectores dos contidos dixitais:

Emprego - Demografía empresarial - Innovación tecnolóxica - Internacionalización - Peso no PIB galego.

7.5.3.- Pleno do OSIMGA e Balance da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

As actividades realizadas polo OSIMGA no ano 2014 tiveron como marco de referencia o Plan de Traballo aprobado polo Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), o órgano que avalía anualmente a xestión do OSIMGA.

O Pleno do Observatorio, presidido pola Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia, está integrado por representantes das distintas Administracións públicas, universidades, sindicatos, patronal, así como personalidades de recoñecido prestixio en materia de Sociedade da Información e de modernización administrativa.

No Pleno do OSIMGA, celebrado en maio de 2014, presentouse o balance da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal e avalíouse o estado da Sociedade da Información en Galicia a través dos principais datos estatísticos.

Segundo o compromiso de información expresado na elaboración da Axenda Dixital de Galicia, 2014.gal, preséntase anualmente un balance anual de actividades relacionadas coas distintas liñas estratéxicas que a compoñen, así como datos de indicadores de avance da sociedade de información en Galicia, dos orzamentos investidos, etc. En resumo, trátase dun documento onde atopar toda a actividade da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento da Axenda Dixital, os seus plans e programas, e tamén os resultados acadados.

5 Instrumentos de colaboración e desenvolvemento normativo

Durante o exercicio 2014 a Amtega formalizou 40 acordos con institucións públicas e privadas, asociacións e colexios profesionais para desenvolver actuacións nos diferentes ámbitos da sociedade da información.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como entidade encargada da definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das TIC, debe garantir a posibilidade de participación das consellerías nas iniciativas no ámbito tecnolóxico, para corresponsabilizar e aliñar esforzos de todo o Goberno e a administración da comunidade autónoma.

Así mesmo, dentro dos seus ámbitos de actuación, a Amtega ten como obxectivo promover a participación e colaboración da Administración pública autonómica co sector privado – tanto de empresas como doutras entidades que dan soporte ás TIC e á innovación – no ámbito da Sociedade da información.

Polo tanto, a Amtega constitúese como o principal organismo da Xunta de Galicia para intermediar e impulsar iniciativas entre Consellerías e outros organismos ou axentes sociais e económicos no ámbito da sociedade da información e, ao mesmo tempo, servir como vehículo de información, formación, difusión e concienciación social neste eido.

As anteriores circunstancias implican a necesidade de impulsar o desenvolvemento normativo no ámbito das TIC e o desenvolvemento tecnolóxico, así como a articulación de acordos nos que queden establecidas todas as condicións, obrigas e compromisos das partes.

A continuación preséntanse os acordos e convenios de colaboración que a Amtega subscribiu, as encomendas que realizou a outros organismos e entidades, así como o desenvolvemento normativo durante o ano 2014.





Convenios e acordos con departamentos da Administración Pública

- Addenda ao Convenio de colaboración de natureza patrimonial entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia (FCDG) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) como consecuencia da localización da sede da Amtega no edificio denominado «Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia (CINC) e no «Centro de Procesos de Datos Integral» (CPDI) na Cidade da Cultura de Galicia. [26/05/2014]
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Traballo e Benestar para a xestión dun centro demostrador TIC en Galicia. [29/08/2014]
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a implantación dun programa de educación dixital en Galicia. [04/04/2014]
- Acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Amtega e a Secretaría Xeral da Presidencia para o desenvolvemento de novos sistemas de información e de novas funcionalidades para varios sistemas de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. [14/02/2014]
- Convenio de colaboración entre a Escola de Administración Pública e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. [03/01/2014]
- Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a posta en marcha do sistema de arquivo dixital integrado, dentro do Proxecto 0607_ARPAD_1_E, aprobado na 3ª Convocatoria do POCTEP. [18/06/2014]
- Acordo de colaboración entre o Fondo de Garantía Agraria, a Amtega e a Secretaría Xeral de Presidencia para o desenvolvemento de novos sistemas de información e de novas funcionalidades de varios sistemas de xestión do organismo pagador dos Fondos Europeos Agrícolas en Galicia. [24/03/2014]
- Acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a dotación de tecnoloxías de información e comunicación no ámbito da medida 511 do programa de desenvolvemento rural de Galicia cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER). [26/05/2014]
- Acordo de colaboración entre Consellería do Medio Rural e Mar, a Amtega e a Secretaría Xeral de Presidencia para o desenvolvemento de novos sistemas de información e de novas funcionalidades para a oficina agraria virtual da Consellería de Medio Rural e Mar. [15/05/2014]
- Acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a subministración, montaxe e posta en funcionamento de puntos de autoxestión para servizos informáticos en portos pesqueiros de Galicia (proxecto ticpesc 3ª fase). [05/08/2014]
- Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a elaboración e implantación da axenda dixital local da Eurorexión Galicia Norte de Portugal na eurocidade Valença-Tui. [24/10/2014]
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a implantación do servizo de xestión de mobilidade do transporte público regular de persoas de uso xeral por estrada de Galicia. [17/11/2014]
- II Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. [29/08/2014]



Convenios con outras administracións e entidades públicas ou público-privadas

- Protocolo de colaboración entre el Centro de Seguridad en Internet de la asociación «Protégeles», la Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria y la Agencia para la Modernización Tecnológica de Galicia, para la protección de los menores en el ámbito de las TIC. [27/03/2014]
- Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnológica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración local. [15/01/2014]
- Addenda ao Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnológica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración local. [04/04/2014]
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnológica de Galicia e o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións informáticas de xestión universitaria de Galicia para o apoio ás actividades en materia de software libre. [30/04/2014]
- Convenio de colaboración entre a Fundación parque científico tecnológico de Albacete (FPCTA), a Consejería de Economía, Competitividad e Innovación de la Junta de Extremadura, a Asociación de Empresarios de Tecnologías de la Información y Comunicaciones de Andalucía (Eticom), o Instituto Tecnológico de Aragón (Itainnova), a Axencia para a Modernización Tecnológica de Galicia de la Xunta de Galicia (Amtega), a Federación Empresas de Tecnologías de la Información de Castilla la Mancha y la Entidad de Derecho Público Aragonesa de Servicios Telemáticos (Ast), para a constitución e o desenvolvemento da rede nacional de centros demostradores de tecnoloxías da información e a comunicación. [05/11/2014]
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnológica de Galicia e o Sistema Universitario de Galicia, o Clúster Tic de Galicia e os Centros Tecnolóxicos Tic de Galicia para o impulso e fortalecemento do sector TIC galego (programa Transformatic). [21/04/2014]
- Convenio de colaboración entre o Instituto Nacional de Estadística, o Instituto Galego de Estadística e a Axencia para a Modernización Tecnológica de Galicia, para eliminar duplicidades estatísticas no ámbito do uso das tecnoloxías da información no sector empresas. [28/11/2014]
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnológica de Galicia e a Fundación para o desenvolvemento infotecnolóxico de empresas e sociedade (Fundetec) para a posta en marcha de actividades para o fomento da sociedade da información. [14/04/2014]
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnológica de Galicia e a Fundación Europea para a Sociedade da Información e a Administración electrónica para fomentar o coñecemento das novas vías de acceso á administración e a extensión do acceso á sociedade da información e novas vías do coñecemento. [17/10/2014]
- Tercera Addenda ó Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Entidade Pública Empresarial Red.es para o desenvolvemento de actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia destinadas á posta en marcha dunha rede de emerxencias. [02/10/2014]
- Segunda Addenda ao Convenio de colaboración entre a Excm. diputación provincial da Coruña e a Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia para a implantación dunha rede telemática. [28/11/2014]
- Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Red.es, a Axencia para a Modernización Tecnológica de Galicia e a Axencia de Turismo de Galicia para impulsar e consolidar o Camiño de Santiago como destino turístico intelixente. [11/06/2014]
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnológica de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Tui para a dixitalización de Fondos de Patrimonio Histórico, dentro do Proxecto 0607 ARPAD 1 E aprobado na 3ª Convocatoria do POCTEP. [16/10/2014]
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnológica de Galicia, a Escola de Administración Pública e a Central Sindical Independente e de funcionarios de Galicia, como entidade promotora de accións formativas de ofimática dentro do marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas, para a certificación galega de competencias dixitais en ofimática. [02/05/2014]

- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Escola de Administración Pública e a Federación de Servizos á cidadanía de CCOO de Galicia, como entidade promotora de accións formativas de ofimática dentro do marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas, para a certificación galega de competencias dixitais en ofimática. [30/05/2014]
- Addenda ao Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e Telefónica de España, s.a.u. para o deseño, desenvolvemento e lanzamento dun programa de apoio ao desenvolvemento de iniciativas de emprendemento en Galicia polo que se establece un programa de incentivos á excelencia emprendedora en materia tic. [12/05/2014]



Convenios con federacións, asociacións e colexios profesionais

- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación de Asociacións de persoas xordas de Galicia para a supresión de barreiras de comunicación. [02/01/2014]
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia para a posta en marcha de actividades para o fomento da sociedade da información. [31/03/2014]
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Colexio de Enxeñería en Informática de Galicia para o fomento da sociedade da información. [10/04/2014]
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Colexio de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia. [02/04/2014]
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción do software libre e de fontes abertas e o uso de estándares abertos en Galicia. [30/04/2014]
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e as Asociacións Galegas de Usuarios de SoftwareLibre, para o desenvolvemento do software libre en Galicia. [30/04/2014]



Encomendas

- Resolución do 2 de xaneiro de 2014 pola que se encomenda á Tragsatec os servizos informáticos de administración, soporte, mantemento de aplicacións e tecnoloxías desenvoltas nos eidos de Conservación da Natureza, Calidade e Avaliación Ambiental, e Agropecuaria. (TRAGSATEC). [\[02/01/2014\]](#)
- Resolución do 6 de maio de 2014, pola que se encomenda á Sociedade Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, SA, servizos de conexión en localizacións da Xunta de Galicia para a súa rede corporativa. [\[06/05/2014\]](#)
- Resolución do 23 de xuño de 2014, pola que se encomenda á Axencia Galega de Innovación a xestión de determinadas actuacións relacionadas coa promoción e desenvolvemento da sociedade dixital en Galicia. [\[23/06/2014\]](#)
- Resolución do 24 de marzo de 2014, pola que se modifica a resolución da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica pola que se acorda encomendar á Sociedade Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, SA determinados servizos para o desenvolvemento das redes troncais de transporte e infraestruturas públicas da comunidade autónoma de Galicia segundo Plan de Banda Larga 2010 - 2013. [\[24/03/2014\]](#)
- Resolución do 24 de marzo de 2014, pola que se modifica a resolución da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica pola que se acorda encomendar á Sociedade Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, SA determinados servizos para o desenvolvemento das redes troncais de transporte e infraestruturas públicas da comunidade autónoma de Galicia segundo Plan de Banda Larga 2010 - 2013. [\[11/11/2014\]](#)



Desenvolvemento normativo

- DECRETO 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- DECRETO 149/2014, do 20 de novembro, polo que se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Decreto 150/2014, do 27 de novembro polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en estradas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- ORDE do 6 de febreiro de 2014 pola que se aproba o protocolo de identificación e sinatura electrónicas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- ORDE do 29 de abril de 2014 pola que se habilita e autoriza a Rede de centros para a modernización tecnolóxica de Galicia (Rede CeMIT) para a formación e avaliación dos contidos formativos que compoñen o Plan formativo ofimático de Galicia, cara á obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática.

4105

